


# REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA



# MEMORIA para o presente

*Unha historia de sentimentos,  
intrigas, confidencias e revelacións  
que enterra as súas raíces  
na Guerra Civil.*



oqueleo

[www.oqueleo.com](http://www.oqueleo.com)

# REVISTA DE HISTORIA DA XERACIÓN

## XERACIÓN NÓS (ELES/ELAS... E MAIS NÓS)

Hai cen anos saía adiante a Revista *Nós* como afirmación socio-cultural e lingüística dun grupo de pensamento e de acción galeguizadora e democrática. Facíao con antecedentes varios, como a creación das Irmandades da Fala coa edición de *A Nosa Terra*, e de camiño viría a do Seminario de Estudos Galegos (1923). A importancia que estas iniciativas tiveron para a historia social, política e cultural de Galicia transcendeu aquel tempo, de modo que falamos da Xeración Nós (nun sentido lato, ao que aquí nos acolleemos). E tamén nos alimentamos da memoria fértil das loitas e iniciativas do pasado: vendo e recoñecendo o valor daquelas iniciativas e loitas queremos incorporalas para o noso presente, pois queremos seguir labrando HOXE novas iniciativas galeguizadoras e democráticas.

Vivimos neste 2020 nun escenario de revisión socio-política, que só os conservadores queren atrancar, con directa incidencia no educativo: tanto a escala española, onde se impón o diálogo para un novo pacto de convivencia que obriga a repensar a organización política no seu conxunto, como en Galicia, onde poderá darse unha renovación de actores no escenario das institucións políticas, porque acudimos a tempos novos, que precisan de programas pensados con horizonte de nación, isto é, para as maiorías sociais, de fondo acento democrático, desde as máis esixentes necesidades, restauradores da dignidade das persoas, e sabéndonos 'célula de universalidade'. Para isto invitamos ás organizacións políticas a estar realizando xa ese traballo de propostas programáticas publicamente expostas e recoñecibles, xunto coa articulación política que corresponda.

No plano estritamente educativo compre aproveitar a ocasión para repensar aspectos fundamentais sobre que educación precisamos para a sociedade española no conxunto e para a sociedade galega: de inmediato débense seguir eliminando os aspectos máis negativos da LOMCE, mais deberíamos avanzar na elaboración dun novo proxecto de lei orgánica de educación, sometido a un efectivo e amplo debate social de índole similar ao que se levou a cabo para a aprobación da LOXSE. Sobre esta base, social e xurídica, poderá abrirse paso, xunto coa revisión do actual Estatuto de Autonomía, a elaboración e aprobación da primeira Lei Galega de Educación.

A limitada renovación demográfica xeracional, o rural galego que mantén grandes bolsas de desarticulación, as carencias sociais que limitan as oportunidades das cualificadas xeracións mozas para vivir en Galicia, os condicionantes sociais que perviven nas redes privadas e públicas de escolarización, o desleixo que, en diversas situacións, se mantén con respecto á lingua galega, entre outros factores, inciden negativamente no desenvolvemento educativo e han ser motivo de atención.

Ademais, debemos ter en conta que a profundidade dos cambios socio-culturais que ocorren na escala global está incidindo no papel e finalidades dos sistemas públicos de educación, de xeito que obrigan a un serio exercicio de prospectiva social; por outra parte, debemos fortalecer a conciencia colectiva de que como pobo e cidadanía galega precisamos fortalecer o horizonte de progreso social querido e proxectado desde Nós, abrindo camiños e dándolle sentido histórico ao que quixeron construír os da Xeración Nós. ■



## 6 O tema

## 8 Resumos / Resúmenes / Abstracts

## 12 Historia e memoria

Francisco Martínez López, Quico

## 14 As pegadas da represión no maxisterio

Xosé Álvarez Castro

## 17 Mestras e mestres do exilio interior

Anxo S. Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil

## 22 A lección das vítimas

Montse Fajardo Pérez

## 26 Memoria histórica na aula

Eladio Anxo Fernández Manso

## 30 O reto didáctico do conflito: Pensar e traballar a memoria histórica como educadoras e educadores

Andrés Rodríguez e Tania Riveiro

## 34 "Tralos pasos do mestre": unha proposta didáctica para o tratamento da represión da memoria

Iria Morgade Valcárcel

## 38 O Seminario sobre a Memoria Histórica

Carlos Cimadevila Álvarez

## 42 Para sabermos algo máis...

Eladio Anxo Fernández Manso e Víctor Santidrián Arias

## 46 Entrevista

A Lorenzo Fernández Prieto

Pilar Sampedro

## 49 A lingua

Programa piloto para a docencia en galego no Grao en Educación Social na UDC

Laura Cruz, Neves Arza e Mariló Candedo

REVISTA  
GALEGA  
DE EDUCACIÓN

Num. 76  
Marzo 2020

D.L.: C-22/1986  
ISSN: 1132-8932

Deseño: Lois Rodríguez (Acordar)  
Maquetación e deseño de cuberta:  
Xiana Lastra Pernas  
Impresión: Obradoiro Grafico S. L.  
Lugar de edición: Nova Escola Galega  
(R/ das Hedras, 4-2ºO. 15895 Ames)  
Redacción: rge.redaccion@neg.gal  
Publicidade: rge.publicidade@neg.gal  
Subscricións: rge.subscricions@neg.gal  
Revisión e tradución de textos ao inglés:  
Rebeca García Murias

### Comité Científico:

Joxé Mari Auzmendi (Dtor. Hic Hasi)  
Jaume M. Bonafé (Univ. de Valencia)  
Jaume Carbonell (Exdirector de Cuadernos de Pedagogía)  
Giancarlo Cavinato (MCE, Italia)  
Xavier Besalú Costa (Dtor. de Perspectiva Escolar/UB)  
Tânia Maria Braga (Univ. Federal do Paraná, Brasil)

Moacir Gadotti (Univ. de São Paulo)  
Francesc Imbernon (Dtor de Guix /UB)  
Philippe Meirieu (Univ. de Lyon-2, Francia)  
Francesco Tonucci (Istituto de Psicologia do CNR, Roma)  
Antoni Zabala (Dtor. Aula de Innovación Educativa/UB)  
Philippe Watrelot (IUFM, París)

## 52 Experiencias

### 52 *A pegada dos avós*

José Manuel Pazos Riveiro e Fernando Souto Suárez

### 58 *“Os nazis non eran monstros”: metodoloxía de ensino do Holocausto*

Xoán Manuel Garrido Vilariño

### 61 *Pintando a Terceira República*

John Thompson

## 64 Educación no rural

### *Sabela Díaz Regueiro e a Pedagogía Freinet na escola de Pantín (Valdoviño): tres décadas de educación con conciencia (1985- 2005)*

Carla Pérez Cabanas

## 68 Atención á diversidade

### *A OSMOPE do Porto. Unha escola “curricularmente intelixente”*

Ana Parada Gañete

## 71 Novas tecnoloxías

### *LUSOPATIA: novos desafíos para os blogues na didáctica de linguas*

Carme Saborido Paz

## 74 Investigación

### *O documental como recurso para o estudo da memoria histórica: Memorial de Camposancos (2006) e Flores tristes (2008)*

Xosé M. Malheiro Gutiérrez

## 78 Xoguetainas e Brinquetainas

### *O xogo das adiviñas*

Antón Cortizas Amado

## 81 Panoraula

Xosé Ramos Rodríguez e Antón Costa Rico

## 84 Panoraula Dixital

Grupo de Investigación Stellae (USC)

## 86 Recensións

### *A memoria da historia e as historias da memoria*

Pilar Sampedro

## 89 Outras lecturas

### *Referencias para se achegar ao talento creativo, ao maxisterio intelectual, á figura cívica e ao perfil humano de Ricardo Carvalho Calero*

Emilio Xosé Ínsua

## 98 Recensións

### *“Da Carapuchiña ao señor Lamote”, o valor dos clásicos*

Manuel Bragado



Coa colaboración da:

**Deputación  
DA CORUÑA**

A Revista Galega de Educación (RGE) é desde 1986 unha publicación pedagóxica de carácter teórico-práctico, tamén atenta á actualidade educativa, escrita en galego e dirixida ao profesorado dos diferentes niveis educativos.

De periodicidade cuatrimestral, a revista admite e presenta traballos orixinais de investigación, temáticas monográficas, experiencias de aula, textos de ensaio, reportaxes, entrevistas, notas bibliográficas e de actualidade. Os traballos de investigación e os que compoñen as temáticas monográficas son avaliados de modo anónimo por revisores externos especializados.

A publicación está editada polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e os seus Consellos de Redacción, Editorial e Científico están compostos por profesionais de recoñecida relevancia académica no ámbito da educación. É a única revista galega de educación en formato impreso e realiza intercambios científicos con outras publicacións pedagóxicas europeas e americanas.

### INDEXADA EN:

- Erih Plus
- Circ
- Carhus Plus
- Latindex Catalogo
- Latindex Directorio
- Miar
- Dialnet
- Rebiun
- Qualis (B1)

#### Dirección:

Uxía Bolaño Amigo (Profesora de Conservatorio)  
Ana Parada Gañete (Orientadora de Secundaria)

#### Consello de Redacción:

Antón Costa Rico (Profesor de Universidade)  
Marcos Chavarría Teixeira (Profesor de Secundaria)  
Xesús Ferreiro Núñez (Profesor de Universidade)  
Emilio Insua López (Profesor de Secundaria)  
Xiana Lastra Pernas (Música e produtora)  
Silvia López Gómez (Profesora de Universidade)  
Xesús Rodríguez Rodríguez (Profesor de Universidade)  
Pilar Sampedro Martínez (Mestra)  
Francisco Veiga García (Profesor de Secundaria)  
M<sup>a</sup> Helena Zapico Barbeito (Profesora de Universidade)

#### Consello Editorial:

Manuel Bragado Rodríguez (Mestre)  
María Dolores Candedo Gunturiz (Profesora de Universidade)  
Francisco Xosé Candia Durán (Profesor de Universidade)  
Montserrat Castro Rodríguez (Profesora de Universidade)  
Xosé Manuel Cid Fernández (Profesor de Universidade)  
Rosalia Fernández Rial (Profesora de Secundaria)  
Jennifer Fernández Rodríguez (Profesora de Secundaria)  
Lois Ferradás Blanco (Profesor de Universidade)  
Valentina Formoso Gosende (Profesora de Secundaria)  
Xesús Fortes Gómez (Profesor de Secundaria)  
Narciso de Gabriel Fernández (Profesor de Universidade)  
Eva García Sexto (Mestra)  
Emilio González Legaspi (Orientador de Secundaria)  
Xosé Lastra Muruais (Mestre)

Laura Lodeiro Enjo (Profesora de Universidade)  
Ramón López Facal (Profesor de Universidade)  
Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez (Profesor de Universidade)  
Ana M<sup>a</sup> Pose Blanco (Profesora de Secundaria)  
Xosé Ramos Rodríguez (Profesor de Universidade)  
Belén Rodríguez Silva (Profesora de Secundaria)  
Victor Santidrián Arias (Profesor de Secundaria)  
Araceli Serantes Pazos (Profesora de Universidade)  
Bieito Silva Valdivia (Profesora de Universidade)  
Alexandre Sotelino Losada (Profesor de Universidade)  
Yésica Teixeira Boo (Profesora de Universidade)  
Miguel Vázquez Freire (Profesor de Secundaria)  
Mercedes Vázquez Vázquez (Mestra)  
Manuel Vieites García (Profesor de Universidade)

Estar á fronte da Revista Galega de Educación (RGE) supón formar parte dun grupo de Profesionais da Educación implicadas/os cunha educación galega e en galego, pública, inclusiva, democrática e laica. Neste seo, a RGE, cunha traxectoria que se remonta ao ano 1986, afronta unha nova etapa con grande agradecemento, ilusión e compromiso:

Agradecemento a todas as persoas que fixeron posible chegarmos ata aquí e que acompañan, creando un espazo físico, virtual e emocional de crecemento e de aprendizaxes compartidas.

Ilusión por dar a coñecer, a través das nosas páxinas, a calidade da praxe educativa galega, co obxectivo de tecer redes e de crear proxectos educativos compartidos.

Compromiso por seguir desenvolvendo un proxecto no que teñen cabida todas as voces que, desde unha perspectiva crítica e propositiva sobre a educación, converxen de xeito vivo coas inxerencias do Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega.

*Porque somos Penélope  
a tecer e destecer un idioma  
que nos resgarde do frío,  
para que o inverno non nos ispa de palabras  
que non abrase coa súa fame predadora a colleita  
que non consiga nunca arrincarnos  
o lévedo que nos constrúe  
que a buxaina siga bailando  
medrándose en fonemas  
tomando máis e máis bocas.  
(Adondar a lingua, A banda da Loba, 2020)*

*I estonces..., estonces cumpreuse a xusticia:  
eu, neles; ¡ as leises, na man que os ferira.*

Rosalía de Castro, *A xustiza pola man*. Follas Novas.

*Como no tempo antergo  
tamén temos agora  
diante de nós os fillos  
da sanguíñenta loba.  
Mais nos varudos peitos  
arde a invencible forza  
que forxóu as bruantes  
vegadas trunfadoras.*

Ramón Cabanillas, *Romance de loita*.

construción e reconstrución da memoria configura procesos comprometidos co noso pasado e presente, poñendo en valor voces e pegadas invisibilizadas, ocultadas ou ignoradas no devir do tempo. É precisamente da toma de conciencia deste esquecemento, desta amnesia intencionalmente normalizada, que emerxe o desexo de comprender e de asumir responsabilidades, tamén no plano educativo.

A desmemoria, en moitos casos froito da coacción, do medo ou mesmo da conformidade e da aceptación sumisa, non pode ser aceptada sen mediar a análise histórica, estando chamada a reconstruír esa “memoria confiscada”. Nesta liña, ao longo de todo o país desenvólvense proxectos de moi diversa índole sobre o tema, proxectos entre os que se encontra, por exemplo, o Seminario da Memoria –que no ano 2019 celebrou a súa décima edición– promovido por Nova Escola Galega. Uns e outros proxectos están conseguindo abordar, aos poucos, moi diversos aspectos relacionados coa recuperación da memoria histórica.

Este monográfico da Revista Galega de Educación emerxe ante a necesidade de alentar o reto educativo que supón alicerzar a recuperación da memoria en relación ao fenómeno da represión e á cruenta depuración sufrida, achegando diversos traballos e experiencias que trasladan materiais e reflexións con notables implicacións didácticas neste senso. Resulta fundamental, máis aínda nun contexto sociopolítico no que voces negacionistas acadan representación institucional e proxección mediática, tomar conciencia da importancia da necesidade de trasladar ao eido educativo o traballo pola recuperación da memoria histórica, con todas as potencialidades que comporta de cara a garantir unha educación no respecto á nosa historia, afondando nos valores para unha cidadanía democrática, reflexiva, responsable, comprometida e solidaria na defensa da liberdade e da xustiza.

# Resumos

# Resúmenes

# Abstracts

Francisco Martínez López, Quico

Memoria histórica - Represión - Valores - Educación

Memoria histórica - Represión - Valores - Educación

Historical memory - Repression - Values - Education

Para superar o relato nesgado da represión é necesario, en primeiro lugar, que o acceso ás fontes documentais sexa libre. Pero non se trata xa de contar a historia; nos nosos días é preciso traballar os valores, coidar a maneira de transmitir e de analizar os feitos. Nunha primeira etapa o obxectivo foi o recoñecemento das persoas represaliadas. Agora, debemos procurar o compromiso inequívoco coa democracia e coa liberdade. Só así poderemos albis-car no horizonte, tamén, a xustiza.

To overcome the biased narrative of the repression, it is necessary, first of all, that access to documentary sources be free. But it is no longer a question of telling the story; nowadays it is necessary to work on the values, to take care of the way of transmitting and analyzing the facts. In the first stage, the objective was the recognition of the people who had been repressed. Now, we must seek an unequivocal commitment to democracy and freedom. Only then we can see justice on the horizon, too.

Xosé Álvarez Castro

Depuración - Violencia política - Exilio interior - Represión física

Depuración - Violencia política - Exilio interior - Represión física

Purge - Political violence - Internal exile - Physical repression

A represión exercida sobre o profesorado polas autoridades golpistas adoptou diversas formas: represión administrativo-laboral, económica, ideolóxica, física... No artigo tratamos a represión física, concretada no encarceramen-



to e na eliminación a través do asasinato (execución e “paseos”). Esta forma de represión está exemplificada mediante tres casos-tipo que poden representar a violencia política efectuada contra centos de mestras e mestres do noso país.

The repression carried out on the teachers by the coup authorities took various forms: administrative-labour, economic, ideological, physical repression... In the article we deal with physical repression, which takes the form of imprisonment and elimination through murder (execution and “walkabouts”). This form of repression is exemplified by three model cases that can represent the political violence carried out against hundreds of teachers in our country.

Anxo S. Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil

Depuración do maxisterio - Exilio interior - Exilio exterior - Guerra civil

Depuración del magisterio - Exilio interior - Exilio exterior - Guerra civil

Purge of the teachers - Internal exile - External exile - Civil war

A guerra civil marcou un corte trágico na vida española. Un dos grupos máis afectados foron os docentes, sometidos a un proceso de “depuración” para castigar a súa vinculación, real ou imaxinaria, coas autoridades lexítimas e avaliar a súa idoneidade co novo réxime. Ese longo e minucioso proceso condenou moitos docentes ao exilio exterior, do que rara vez volveron, ou a un penoso exilio interior con perda do traballo na docencia, illamento do medio social, privacións e soidade. Analizamos o exilio interior dun conxunto de mestres e mestras galegos e os seus exemplares mecanismos de supervivencia.

The civil war represented a tragic turning point in Spanish life. One of the most affected groups was teachers, who were subjected to a process of “purging” to punish their links, real or imagined, with the legitimate authorities and to assess their suitability for the new regime. This long and detailed process sentenced many teachers to external exile, from which they rarely returned, or to a painful internal exile with loss of teaching jobs, isolation from the social environment, deprivation and loneliness. We analyse the inner exile of a group of Galician teachers and their exemplary survival mechanisms.

Montse Fajardo Pérez

Memoria - Silencio - Falso relato - Perspectiva de xénero - Impunidade

Memoria - Silencio - Falso relato - Perspectiva de género - Impunidad

Memory - Silence - False story - Gender perspective - Impunity

O artigo aborda a necesidade de que as aulas dean a coñecer as características que a represión franquista tivo en Galiza, con perspectiva de país, xénero e clase, a fin de desmontar o falso relato imposto durante décadas que equiparou vítimas e verdugos e apuntalou a impunidade do fascismo español.

The article deals with the need for classrooms to reveal the characteristics that Franco’s repression had in Galiza, with a country, gender and class perspective, in order to break down the false narrative imposed for decades that placed victims and executioners on an equal footing, and reinforced the impunity of Spanish fascism.

Eladio Anxo Fernández Manzo

Memoria – Historia – Aprendizaxe – Cidadanía

Memoria - Historia - Aprendizaje - Ciudadanía

Memory - History - Learning - Citizenship

Memoria e Historia non son o mesmo, pero non podemos ensinar Historia sen ter en conta a percepción individual e colectiva do pasado. No proceso de aprendizaxe o alumnado ten que ser protagonista, descubriendo e superando as ideas preconcebidas, aprendendo Historia.

Introducir a ‘memoria histórica’ na aula ten que servir para rachar cos prexuízos e, sobre todo, para aprender a ser bos cidadáns, capaces de comprometerse na mellora da calidade democrática da nosa sociedade.

Memory and history are not the same thing, but we cannot teach history without taking into account the individual and collective perception of the past. In the learning process, students must be protagonists, discovering and overcoming preconceived ideas, learning History.

Introducing “historical memory” into the classroom must be used to break down prejudices and, above all, to learn to be good citizens, capable of committing themselves to the progress of the democratic quality of our society.

Andrés Rodríguez Almansa e Tania Riveiro Rodríguez

Memoria – Represión – Didáctica – Formación do profesorado

Memoria – Represión – Didáctica – Formación del profesorado

Memory - Repression - Didactics - Teacher training

A memoria histórica do 36 e o franquismo continúan a ser un problema latente na sociedade. Considerando as posibilidades formativas deste tipo de temas socialmente conflictivos propónse o seu traballo na educación, comezando pola Primaria. Para isto é necesario reorientar a formación do profesorado cara a un pensamento crítico acorde coa defensa dos dereitos humanos e unha utilización alternativa de métodos e fontes.

The historical memory of 1936 and Francoism continues to be a latent problem in society. Considering the training possibilities of this kind of socially conflictive issues, we propose its work in education, beginning with primary education. This requires a refocusing of teacher training towards critical thinking in line with the defence of human rights and an alternative use of methods and sources.

Iria Morgade Valcárcel

Memoria – Represión – Didáctica – Historia local

Memory – Repression – Didactic – Local history

A “represión da memoria” é un fenómeno que reconstrúe os recordos ao redor do período de mobilización política anterior ao golpe de estado do 36 e en torno ao proceso violento posterior. Neste traballo preséntase unha proposta didáctica que tenta loitar contra esta represión levando a propia memoria á aula como obxecto de estudo.

The “suppression of memory” is a phenomenon that reconstructs memories around the active citizenship period before Civil War and the francoist repression, affecting the present society. This work sets out a didactic proposal that seeks to fight against this repression by bringing one’s own memory into the classroom as an object of study.

Carlos Cimadevila Álvarez

Memoria - Guerrilla - Maxisterio - Víctimas - Galiza

Memoria - Guerrilla - Magisterio - Víctimas - Galicia

Memory - Armed Forces/War - Teachers - Victims - Galicia

A través dos diversos Seminarios sobre a Memoria que vimos realizando, pretendemos reflexionar sobre o noso pasado máis recente utilizando recursos diversos, como conferencias, visionado de audiovisuais, visitas a lugares relacionados coa Memoria... A pretensión última é que o profesorado participante provoque no seu alumnado esta mesma reflexión, para acabar cultivando actitudes responsables e solidarias na defensa da liberdade.

Through the various Seminars on Memory that we have been holding, we aim to reflect on our most recent past using a variety of resources, such as conferences, viewing of audiovisuals, visits to places related to Memory... The final aim is for the participating teachers to provoke this same reflection in their students, in order to end up developing responsible and supportive attitudes in defence of freedom.



# Historia e memoria

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 12-13

## Francisco Martínez López, Quico


Guerrilleiro contra Franco, guerrilleiro contra o esquecemento

quicomartinez@hotmail.com

Como interpretar unha historia de 40 anos de represión física e cultural coñecendo o que foi o secuestro e adulteración das fontes documentais e arquivísticas? Só con acceso real aos arquivos, no presente, se pode analizar de forma crítica a historia, darlle transparencia na orde científica, en contraposición do relato oficial da ditadura franquista.

Para coñecer realmente o pasado, tamén é necesaria a transmisión dos valores que inspiraron os compromisos éticos e políticos dos seus actores. Non se pode reducir a memoria do pasado recente en España ao re-

cordo da inxustiza da época, da morte e do terror fascista. É necesario tamén vincular esa memoria dos valores e das dores co presente e o futuro; necesario poder optar, sermos construtoras e construtores dunha sociedade moderna, libre, democrática e solidaria, cunha cultura colectiva inmersa no movemento cidadán e asociativo. Resulta necesario, polo tanto, tomar un xiro de actividade consciente; para que as perspectivas dun movemento colectivo nos liberen tamén das secuelas do terror franquista, do medo eterno, reflexos condicionados por tanta tortura, morte e persecución, presentes no pensamento que



nos paraliza. Como? Cuestionando a impunidade que blinda os crimes de Lesa Humanidade e nos deixan na indefensión; vitimistas faltos de alternativas pola ausencia de leis xurídicas e políticas eficaces.

Cada etapa do movemento memorístico ten as súas características, segundo o contexto político e cultural. No ano 1995 tiña como obxectivo a reivindicación do recoñecemento das persoas represaliadas e loitadoras contra a ditadura: "Verdade, Xustiza e Reparación". Naquel entón, a demanda era xusta e urxente, a 20 anos da Transición.

Chegou, despois, outra etapa na que se tornou fundamental transmitir os valores democráticos, capaces de substituír o legado franquista e desenvolver unha pedagogía de liberdade de pensamento compatible coa diferenza e a pluralidade. Entón, elevar a capacidade social de demanda deses contidos democráticos e practicar un labor pedagóxico desde o movemento memorístico. Esas foron as pautas en certas asociacións e movementos como *Nova Escola Galega*. Os seminarios, as

concentracións, as charlas en centros de ensino, a lectura dos traballos históricos sobre a ditadura e a resistencia, os relatos de testemuñas, as obras literarias, as difusións de películas documentais, todo isto contribuíu a motivar a participación cidadá. Porque en última instancia é a cidadanía quen debe asumir a súa propia actividade para a interpretación do pasado, a acción no presente, e a súa emancipación social, política e histórica.

O relato do pasado recente, a reflexión sobre valores de convivencia democrática e a liberdade compartida, contribúen a dar conciencia do noso interese común e do compromiso para conseguilo. Axúdanos a pasar do desexo individual á posta en práctica colectiva das relacións cidadás. No noso traballo de memoria e nas homenaxes que organizamos en honra ás nosas compañeiras e compañeiros de loita e vítimas da ditadura, temos que lembrar cales foron os ideais que as/os animaban nas súas traxectorias. As políticas institucionais de memoria e os cadros xurídicos poden ser fe-

rramentas válidas se non se convierten en leis de punto final e se se compaxinan coas iniciativas da cidadanía para desenvolver unha cultura de valores democráticos. E ese labor ten que ser un espazo sempre aberto ao futuro. ■



# As pegadas da represión no maxisterio

Fotografía: Casa del Maestro de Pontevedra (*Vida Gallega*, nº 618, xaneiro 1935). Era unha asociación de tipo social-recreativo-cultural dos mestres pontevedreses na que participaron moitos dos mestres asasinados e represaliados (tamén os contrarios); estaba situada no barrio de Campolongo en Pontevedra e foi coñecida máis tarde como “o chalé ou a casa do xeneral”.

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 14-16

## Xosé Álvarez Castro

Mestre e investigador da memoria histórica

pepalva@telefonica.net

A represión sobre o maxisterio é unha forma de violencia política que se manifestou mediante diferentes tipos de castigo: na vía administrativa ou laboral, con sancións impostas nos primeiros días polas autoridades militares e, posteriormente, de xeito institucionalizado, a través das comisións de depuración do maxisterio. Outra vía foi a represión física a través de “paseos”, execucións e exilio ou do encarceramento. Común a ambas foi a represión económica, a través das sancións por responsabilidades políticas e de multas diversas, así como da precariedade derivada da imposibilidade de exercer a

profesión. A represión económica non se esgota coas sancións senón que a indixencia do profesorado sancionado e familias, así como a longa duración e incerteza dos expedientes, trae consigo actitudes de submisión e adhesión ao réxime (reais ou finxidas), que propician doazóns non sempre voluntarias. Dende o punto de vista psicolóxico, parte do profesorado refuxiouse no chamado “exilio interior” (tan ben estudado por Porto Ucha). Mestres e mestras tamén deberon soportar a descualificación social e a abxuración pública das súas ideas: o bautismo dos fillos, a volta á práctica relixiosa, a adhesión ao réxime, fo-

ron manifestacións desta forma de represión que se simbolizou publicamente a través das cerimonias de reposición dos crucifixos.

O estudo dos escritos asinados por mestres e mestras represaliados pode darnos idea certa da penuria económica derivada da represión. Isolino Martínez, mestre represaliado, afiliado a Izquierda Republicana e á Asociación de Trabajadores de la Enseñanza pode valernos como exemplo:

*“si he simpatizado con algún partido político de izquierda fue por el desgraciado ligazón de la vida; compañías y ambiente van pesando tanto sobre la debilidad individual que terminan imponiendo hábitos conductores al abismo [...] tengo esposa, madre y seis hijos que viven a expensas del sueldo de su padre; la situación económica en que me encuentro más que grave es desesperada, al fin soy un español que cree en el resurgir de España, estando dispuesto a contribuir a ello como sea y con lo que sea.”[1]*

Unha parte significativa, pero minoritaria, do profesorado, a

[1] Escrito presentado diante da Comisión depuradora, 25-10-1938. AGA.

comprometida de xeito activo política ou sindicalmente, foi castigada por diversas vías: administrativa (depuración), xudicial militar (consellos de guerra), gubernativa (sancións económicas), en contradición coa norma xurídica de que os mesmos feitos non poden ser obxecto de sanción por xurisdicións distintas.

Este sector sufriu unha represión física que causou máis de cen mortes en toda Galicia, pois debemos contabilizar as que tiveron lugar na posguerra; casos como o do dirixente da resistencia José Gómez Gayoso, fusilado no ano 1948, o “suicidio” na comisaría viguesa de Antonio Boullosa (1948) tras a desarticulación da organización comunista pontevedresa ou o controvertido asasinato, no ámbito da represión contra a guerrilla, do mestre Crisanto Carbajo (1948) son casos a lembrar.




As casuísticas son variadas pero trataremos tres casos-tipo representativos: a execución (Segundo Abal Padín), o clásico “paseo” (Alfonso Rodrigo Méndez) e un caso que, ademais de achegar a perspectiva de xénero, é o paradigma da aplicación das distintas vías de castigo por unha mesma acusación (Peregriña Martínez Santos).

Segundo Abal, mestre de Castrogudín (Vilagarcía), socialista, afiliado a FETE (UGT) e á Casa del Maestro. Detido o 1 de agosto de 1936, en 1937 incoásele a causa militar 1394/37; as acusacións son moi graves: grande propagandista das doutrinas marxistas, perturbador e perigoso para a sociedade, antirreligioso “hasta el extremo de inculcar a los niños confiados a su custodia ideas contrarias a la Religión, haciendo pruebas con ellos para demostrarles que no había Dios”. [2]

O mestre afirma que se limitara a cumprir as disposicións vixentes e manifesta estar aterrado coas acusacións. Execútano o 13 de maio de 1938. Posuímos a derradeira carta á familia, escrita un par de horas antes da execución:

*“Mis queridos padres: Ha llegado mi última hora. Ya veis, ni en este momento me falta valor para afrontar la situación a que la desdicha nos ha conducido a todos. Dentro de dos o tres horas moriré. Quiero pues en los últimos de mi vida pedir os perdón una vez más por este gran disgusto que os doy. [...] Doy mi vida tranquilo; sin remordimien-*

[2] Causa 1394/37. AIMN.



Fotos orixinais da última carta de Segundo Abal e o seu carné como afiliado á FETE en Tenerife (arquivo particular).



Reposición do crucifixo en Lérez (*Vida Gallega*, nº 677, outubro 1936. Foto Pintos). Reflicte os actos de reposición nas escolas da parroquia, coa asistencia de forzas vivas e do famoso crego Leandro del Río, así como de "flechas y pelayos" que aparecen diante.

*tos de conciencia de ninguna clase: no he matado, no he robado... nadie mejor que vosotros conoce mi corazón.*"[3]

Alfonso Rodrigo Méndez, secretario da agrupación socialista de Sanxenxo e afiliado á UGT. Acusado de directivo da Fronte Popular e de recrutar xente armada para ir a Pontevedra o 20 de xullo.

Hai constancia documental de como foi a súa morte:

*"al ser conducido la noche del cinco del actual, en virtud de Orden recibida al efecto, desde esta Capital a la prisión de Caldas de Reyes [...] aprovechando una parada que hizo el vehículo que los transportaba para reparar una avería, solicitó a la fuerza, se le permitiese apearse unos momentos por notar síntomas de mareo.*"[4]

[3] Texto íntegro en: <https://anosdome-do.blogspot.com/2011/04/derradeira-carta-do-mestre.html>

[4] Informe da Guardia Civil, 27-9-1936. AIMN.

Continúa afirmando que fuxiu amparado pola escuridade perseguido polos gardas que fixeron varios disparos. Era a aplicación da chamada "lei de fugas".

Peregrina Martínez Santos, 21 anos, afiliada ás Xuventudes Socialistas, mestra en Vilalonga (Sanxenxo). Detida en 1936 estivo presa un ano e multada con mil pesetas por "actividades de carácter marxista." En 1938 é procesada por un delito de rebelión. O testemuño do cura de Vilalonga foi moi duro: ideas comunistas, recibía xornais extremistas, non formaba aos nenos na educación cristiá e consentía que blasfemasen, mandara colocar pasquíns con consignas comunistas e non frecuentaba a igrexa nin cumpría cos deberes cristiáns; a causa foi sobresida en xullo de 1938. En 1941 ábrese expediente de responsabilidades políticas, sobresido en 1943. Depurada con separación definitiva, defendérase diante da comisión con grande valentía. En 1958 proponse o reintegro no corpo e sanción de tras-

lado fóra da provincia durante cinco anos.[5]

En conclusión: esta breve mostra de casos pretende servir como exemplificación do papel de sector-diana que tivo o maxisterio para os golpistas; sobre el exerceron unha violencia que abarcou todas as modalidades, dende o profesional (depuración) ata a eliminación física e que deixou unha pegada indeleble en toda a sociedade.■

[5] Máis información: <http://www.dogrisao-violeta.gal/biografia/represaliadas-e-resistentes/peregrina-martinez-santos/>





# Mestras e mestres do exilio interior

Fotografía: Concepción Rodríguez Gómez, mestra, casada con Herminio Barreiro Calvete, mestre represaliado (fotografía cedida pola familia)

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 17-20

## Anxo S. Porto Ucha

Universidade de Santiago  
angelserafin.porto@usc.es

## Raquel Vázquez Ramil

Universidade de Valladolid  
(Campus de Soria)  
mariaraquel.vazquez@uva.es

## INTRODUCCIÓN

Comenta Julio Ruiz Berrio en *La voz y la palabra* (Ramos Zamora, 2006, pp. 11-16) que a consideración profesional como parte da represión xeral dos mestres e mestras convén recordar que abrangue dous grandes capítulos: o *exilio exterior* e o *exilio interior*. Engade o autor que máis ampla e coñecida é a literatura sobre o primeiro caso. O exilio cara ao exterior foi un caso de represión "pura e dura". Aínda que dramática foi a vida dos que tomaron o camiño do exterior, trágica foi tamén, tanto a triste sorte dos desaparecidos (fusilados ou paseados) coma

a dos que viviron en cada momento "condenas, depuracións, inhabilitacións, insultos, palizas, destierros interprovinciais, fame, miseria intelectual e sumisión pedagóxica, en resúmen, un auténtico *exilio interior*". Percibiuno moi ben X. M. Beiras nun limiar: "É un gran acerto pór á luz esa faciana, máis agochada aínda cás outras, da traxedia humana dos mestres represaliados que sobreviviron, mais ficaron mancados de por vida moral, social e existencialmente" (2008, p. 10).

## O EXILIO. CONCEPTUALIZACIÓN TERMINOLÓXICA

María Moliner define o exilio como “destierro, en especial el impuesto a la persona de que se trata por las circunstancias de su país, y más particularmente, por las persecuciones políticas” (1966, vol. I, p. 1254). O exilio aparece, así, xunguido ao movemento de saídas, identificado co seu carácter político. Porén, o carácter aberto do fenómeno lévanos a unha grande familia de sinónimos e derivados (con “ex-”, “in-”, “des-”, “en-” etc.): expulsar, expatriar, excluír, excomunicar, internar, desarraigar, encartar etc. (Naharro-Calderón, 1994, p. 25). De aí as dúas variantes, a do exilio exterior e interior. A etimoloxía de *exilio*, do latín *salire* ‘saltar’, ten connotacións de natureza agresiva do acto: “echar fuera, desterrar, provocar un salto forzado desde el propio hogar o el propio país; y por extensión el de una persona que es expulsada por una autoridad” (Ilie, 1981, p. 19).

O exilio busca válvulas de escape, como é a práctica da escritura (literatura). Outra das súas características é a sorpresa. Este tipo de exilio desenvolve mecanismos de resistencia da espera e da adaptación, de supervivencia. O exilio, pola súa mesma natureza, rexeita calquera tipo de xeneralización, aínda que forme parte dun colectivo.

Con relación á actitude dos demais, cabe dicir que o exilio é sempre desfavorable para a persoa que o sofre. Por outra parte, tense constatado que, no caso do exilio exterior, prodúcese, ás veces ironicamente, unha fonte ambivalente de desgraza e de riqueza, tanto para o desterrado como para as comunidades que o acollen. Dicir tamén que o mesmo descontento que sofre o que se vai fóra do país pode experimentalo o que queda nel.

Cando o exilio cobra forza, institucionalízase. Por paradoxo, vai perdendo capacidade de resposta, apágase progresivamente diante doutras preocupacións. Hai falta de subsistencia. Contribúe ao esquecemento. Permanece, sen esquecerse de todo, como fosilizado.

## EXILIO INTERIOR. MODALIDADES E CARACTERÍSTICAS

Tense falado do exilio [exterior] como sorte. Decía Carmen de Zulueta (filla de Luis de Zulueta e sobriña de Julián Besteiro), alumna da ILE e do Instituto-Escuela, na presentación do libro do que é autora, *Caminos de España y América* (2004), que o exilio non foi para ela unha desgraza, senón unha sorte, “un golpe del destino que le permitió, sobre todo, aprender muchas cosas” (2004b, p. 109).

De entre os poetas da Xeración de 1927, Vicente Aleixandre e Gerardo Diego non abandonaron España despois da guerra. En 1944, Vicente Aleixandre, poeta do exilio interior, en *Sombra del Paraíso*, álzase contra a España en ruínas da posguerra, facendo estética ou existencialismo, mentres Dámaso Alonso ou Labordeta clamaban diante da estéril inxustiza do mundo.

O exilio interior ten que ver tamén co amordazamento, coa situación de non querer deixarse ver nin oír, se ben sen renunciar a vivir os acontecementos. Francisco Ayala, ao comentar *La gallina ciega* de Max Aub, di: “(...) me sorprendió al hablar con ellos - pues se trataba de antiguos republicanos que debieron padecer el llamado ‘exilio interior’ - el que todos indefectiblemente torcían el gesto con leve desaprobación al mencionarlo” (Ayala, 1973, p. 1).

Hai, pois, no sentido que aquí queremos darlle a este traballo, reducido por limitacións de espazo, distintas formas de exilio interior, distintos “exilios inte-

riores”: o cárcere, os traslados, o “exilio latente”, a culpabilidade, o “autismo social”, o exilio da cultura, o exilio da familia, a marxinação na escola, a desinformación, a resistencia...

O cárcere flota na néboa da espera incerta, das largas visitas, das demoras nas viaxes, do illamento, onde purgaron o seu exilio interior moitos dos nosos exiliados e exiliadas. Os traslados, que se deron con forte intensidade no caso das mestras e mestres depurados, podemos entendelaos como un destierro dentro das propias fronteiras do mesmo Estado.

O “exilio latente” está relacionado coa fosilización e o esquecemento. Achámolo cando a mediados dos anos corenta o réxime empezou a facer “vista gorda”, debido a que as estruturas políticas e culturais do franquismo xa eran o suficientemente estancas e non había perigo. É un momento de “exilio latente”. Tras o fracaso da espera, o discurso vólvese acedo, baixo a perspectiva do esquecemento. Pero achámolo igualmente máis adiante no tempo, co fenómeno da transición española, transición pactada e non “rupturista”. Unha das consecuencias da situación no Franquismo foi a culpabilidade dos que se quedaron. Non faltou entre a xente quen se queixase de que os anteriores tiveran máis oportunidades, de ter mellores mestres. Dalgún xeito botáronlle a culpa aos que quedaron.

No “autismo social” como modalidade de exilio interior, facemos uso do termo utilizado por Miguel Salabert (1988, p. 10), quen na Introducción á súa novela *El exilio interior* sinala que, afortunadamente, son moitos os que non cren que o franquismo sexa unha historia remota. Continúa enquistado en hábitos e modos profundamente enraizados. No “exilio interior” inclúe a todos os que se resistiron pasivamente ou aos que a súa úni-

ca colaboración co franquismo consistiu en non loitar activamente contra el. Nese senso, o exilio interior era, en dúas palabras, "autismo social".

Co termo "exilio da cultura" queremos significar os atrancos para acceder á cultura. Ademais do radicalismo dos primeiros tempos, das dificultades que tiveron os directamente implicados e as súas familias, ese tipo de exilio permaneceu longo tempo durante o franquismo. Todos lembramos os requisitos necesarios para entrar no Maxisterio, aínda nos derradeiros tempos do réxime: informe do cura, da garda civil; máis atrás, bos costumes, adhesión... Á parte, a derivación que colleu a propia formación do profesorado, cos planos de estudo que se arbitraron (1940, 1942, 1945, 1950, 1967, 1972) cos que houbo que convivir profesionalmente e non temos aquí espazo para analizar. Á parte, os que estudaron nas Escolas de Maxisterio da Igrexa, que foron aparecendo a partir de 1945 (unha media ducia na Galiza).

Por "exilio da familia" queremos significar situacións límite, incompreensións, reaccións psicolóxicas fronte ás calamidades vividas, que afectaron tamén ás mulleres como donas e como nais, que necesitaban dunha referencia concreta cando os homes estaban no cárcere. Éralles preciso poder explicar aos fillos a vida que vivía o preso. Podemos achar incluso casos nos que algún dos fillos se afiliase á Falanxe etc.

A marxinação na escola ten que ver co rexeitamento á mesma, co convivir cos fillos dun ou doutro bando na escola, de distintas formas de pensamento político, de aprender a "amar a la patria" nas emocionadas leccións de Historia dunhas enciclopedias que tamén foran depuradas. Na citada novela de Salabert, o profesor do protagonista, un cura "escuchimizado" só se dirixía a

el cando había que limpar o encerado ou ir polo mapa, aprendeu que a Garda Civil enfrontou aos pobres cos ricos (el era pobre, polo que tamén era malo), ser rico era ter bocadillo (que tampouco el tiña), era ser libre. Os ricos xogaban ao balón sen preocuparse dos zapatos (el non podía). Incluso algún se privaba dunhas moedas para dalas de esmola, polo que a caridade era unha virtude de luxo. E, xa no Instituto, se quitabas boas notas, tiñas posibilidades, do contrario, tiñas o castigo do mundo. No noso contexto, a análise do relato *A lingua das bolboretas*, do libro de Manuel Rivas *¿Que me queres, amor?* (1995, pp. 19-34) é fundamental.

### O REFUXIO DOS MESTRES E MESTRAS NO EXILIO INTERIOR


Nunha investigación realizada, levamos identificado e analizado distintos "exilios interiores" concretos (Porto Ucha, 1995, pp. 15-36; Porto Ucha e Vázquez Ramil, 2017, pp. 31-68). De Luís Soto, que fora mestre de Mondariz antes do fatídico golpe de Estado dos militares en 1936 e o exilio ás Américas, diciannos nunha entrevista: "Acompañábase sempre cun libro baixo o brazo. Era un gran amante dos libros. Tiña por costume sentar diante da súa escola ao solpor, deleitándose na lectura". De Xosé M<sup>a</sup> Cobas Fontenla, que estivera de mestre na aldea de Liñares (en Castrelo, Forcarei), "recórdano como un mestre mozo moi amante da lectura e moi integrado coa xente". Os dous estiveran tamén escondidos nunha cova.

Respecto á escritura, a cousa xa era distinta, agás notábeis excepcións, ademais da práctica de comunicación por correo. Hixinia Tobío Fraiz, mestra de Caldas de Reis, recitou para nós algunhas poesías inéditas de seu pai, o mestre depurado Manuel Tobío Cernadas, procedente de Bandeira. Queda, si, unha lite-


ratura trágica, arrepiante, a dos que estaban en capela, esperando o momento trágico das sentenzas, dispoñendo as últimas vontades (Alonso Montero, 2009), dos que nós mesmos levamos destacado aos mestres Benigno Rey Pavón, Víctor Fraiz Villanueva ou Antonio Mojón Vázquez. Certamente existe unha especie de paralelismo nestas despedidas, presente tamén noutros condenados.

Entre as variedades de exilio interior, chamounos especialmente a atención o exilio do ocio e dos amigos, vivido polo mestre do Porriño Bernardo Álvarez Arias, que adoitaba tomar café cos amigos, entre eles, Xoaquín, Administrador de Correos, ao que "pasearon" por ser de esquerdas: endexamais saíu tomar café fóra da casa.

O traslado convertíase nun auténtico desterro, como foi o caso de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, mestre de Coia con novo



O mestre da Bandeira Manuel Tobío Cernadas, pai de Hixinia Tobío, mestra de Caldas de Reis (fotografía cedida pola familia)



El maestro nos instruye y nos educa para que seamos mañana hombres de provecho.

destino en Zamora (De Gabriel, 2019). Na nosa investigación sobre a provincia de Pontevedra, foron sancionados con traslado fóra da rexión un total de 33 (27 mestres e 6 mestras).

Queremos referirnos finalmente ao exilio interior como resistencia. Houbo significados docentes que ofreceron resistencia. Reuniáanse co pretexto de falar doutras cousas, publicaron en *La Noche de Santiago*, impulsaron Galaxia como experiencia cultural etc. Destacados galeguistas coma os inspectores Roxelio Pérez González e Luís Viñas Cortegoso, Paco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto e Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez tiveron moito que ver con esta especie de exilio interior. O que fora mestre de Budiño (O Porriño), Luís Carrajal Peón, fortemente sancionado a Soria pola laudábel experiencia da CREANN, achámolo máis tarde, nos anos difíciles do Franquismo, silandeiro, cunha experiencia similar en Simes (Meaño). Outro caso foi o de Herminio Barreiro Calvete, mestre de Vilanova de Arousa, sepa-

rado do servizo e dado de baixa na escala en 1936. Colaboraba no xornal socialista *La Hora* de Pontevedra, que os inimigos incluíron na denuncia. Porén, a súa ilusión era sempre volver á escola. Estivo ocupado en diferentes traballos, co expediente apartado no Ministerio. Por fin, incorporouse en 1973! Mentres, foi a súa dona, Concepción Rodríguez Gómez, tamén mestra no seu particular exilio interior, a que tivo que tirar para adiante cos fillos pequenos.

Xunto coa resistencia, podiamos falar do recordo permanente, que viviron mestras como Clementina Villar Martínez, moi coñecida no MUPEGA pola homenaxe realizada: "Viva la República" foi o berro que pronunciou o seu irmán Nicanor, mestre de Mazaricos, asasinado en Caldas de Reis o mesmo día do fusilamento de Alexandre Bóveda, o 17 de agosto de 1936.■

- ALONSO MONTERO, X. (2009). *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*. Vigo: Xerais.

- AYALA, F. (1973). Una gallina ciega. *Ínsula*, 320-321, pp. 1-4.

- BEIRAS, X. M. (2008). Limiar. En Porto Ucha, A. S. *Mestras e mestres pontevedreses depurados polo franquismo. Primeiras accións represivas e estudo por concellos no sur da provincia (1936-1942)*. Ponteareas: Alén Miño, pp. 9-11.

- Crónica. Presentación de *Caminos de España y América*, de Carmen de Zulueta (2004b). *BILE*, 56 (decembro), p. 109.

- DE GABRIEL, N. (2019): Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez. *Mestre republicano. Diario escolar e desterro*. Vigo: Galaxia.

- ILIE, P. (1981). *Literatura y exilio interior*. Barcelona: Fundamentos.

- MOLINER, M. (1966). *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos, 2 vols.

- NAHARRO-CALDERÓN, J. M. (1994). *Entre el exilio y el interior: el "entresiglo" y Juan Ramón Jiménez*. Barcelona: Anthropos.

- PORTO UCHA, A. S. (2005). De rexeitados a esquecidos. O exilio interior dos mestres e mestras galegos depurados polo réxime franquista. *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 9, pp. 15-36.

- PORTO UCHA, A. S. e VÁZQUEZ RAMIL, R. (2017). A depuración do maxisterio primario na provincia de Pontevedra (1936-1942). *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación. Revista Galego-Portuguesa de História da Educação*, 21, pp. 31-72.

- RIVAS, M. (1995) *Que me quieres, amor?* Vigo: Galaxia.

- RUIZ BERRIO, J. (2006). Prólogo. En Ramos Zamora, S. *La represión del magisterio: Castilla-La Mancha*. Ciudad Real: Al-mud, pp. 11-16.

- SALABERT, M. (1988). *El exilio interior*. Barcelona: Anthropos.

- ZULUETA, C. DE (2004). *Caminos de España y América*. Madrid: Residencia de Estudiantes.

# LETRAS GALEGAS


---

---

# 2020

  
Carvalho Calero  
1910-2010

EDICIÓN ESPECIAL  
Letras Galegas  
2020



*Carvalho Calero*  
Carvalho Calero, de Ferrol para o mundo

IMAXE DE CEN ANOS

FERROL 

  
Carvalho Calero  
1910-2010

EDICIÓN ESPECIAL  
Letras Galegas  
2020



*Carvalho Calero*  
Carvalho Calero, de Ferrol para o mundo

ENCONTROS CON DON RICARDO

FERROL 



# A lección das vítimas

Juana Otero sacou unha imaxe para que a historia nunca esquecera o que lles fixera (Arquivo familiar cedido ao programa *A memoria das mulleres*).

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 22-25

## Montse Fajardo Pérez

Xornalista

montsefajardoperez@gmail.com

Corenta e cinco anos cumprense neste 2020 da morte do ditador, e aínda é necesario insistir na importancia de incluír un verdadeiro relato sobre o franquismo no currículo escolar.

É imprescindible para a hixie-ne democrática que a mocidade tome a "testemuña" da carreira de relevos pola memoria. A primeira xeración, a que viviu o golpe, foi calada co terror nas gabias. A seguinte, co pacto do silencio: "Disto, filla, non se fala". Agora, a xeración neta e bisneta ten claro que o compromiso con quen nos precedeu é manter a memoria, defender a

verdade e loitar contra a impunidade. E para iso necesítase o respaldo das aulas.

A principal lección debería ser desmontar as mentiras do relato franquista e dar a coñecer as vítimas silenciadas tendo en conta as características da represión na Galiza, con perspectiva de país, xénero e clase e, sobre todo, incidindo en por que se converteron en vítimas, cales foron as ideas perseguidas e de que xeito inflúe aínda na actualidade o feito de que se desmontase a sociedade que elas querían construír.

O ensino foi, precisamente, unha das armas que esgrimía a xeración devastada para intentar cambiar as cousas. Por iso o maxisterio foi un dos sectores máis castigados, coa depuración e tamén co asasinato. Entre a listaxe do terror, nomes de mestras como María Vázquez Suárez, Mercedes Romero Abella ou Concepción González Mosquera.

A memoria non é só cuestión de sandar unha débeda histórica coa xeración masacrada. Debe ser unha ferramenta básica para entender que o retraso que o franquismo provocou no país está na orixe do que hoxe somos, de moitos males que arrastramos. É indubidábel que o golpe de Estado do 36 fixo que deixáramos de avanzar. Supuxo un freo e marcha atrás para toda a sociedade, especialmente para as mulleres. Para todas as mulleres, non só para as

vítimas directas. Como sempre explica o historiador pontevedrés Xosé Álvarez Castro, mesmo as que defendían aos golpistas son relegadas ao mero papel de nais e esposas, xusto no momento en que empezaban a albiscar dereitos como cidadás dentro do marco de legalidade da II República.

Contar que o golpe quería poñer fin aos avances en prol dunha sociedade máis equitativa e igualitaria é primordial para rematar coa mentira que asenta a orixe na necesidade de rematar co “caos republicano” e tamén coa que equipara e responsabiliza por igual a quen representaba a legalidade e a quen deu un golpe de Estado ao obxecto de descabezar o ensino libre, o movemento obreiro, o agrarismo, o nacionalismo, as forzas políticas de esquerdas e a democracia.

Necesario tamén é afondar en que en Galiza non houbo guerra

entendida como tal: non houbo dous exércitos enfrontados, senón unha represión brutal. Polo tanto, non houbo dentro do país mortos na guerra, senón persoas asasinadas, ben mediante o paseo –quitábanas da casa ou do cárcere e deixaban os seus corpos nas gabias, nas foxas, ou fondeados na ría- ou ben mediante o fusilamento. Chegaba o paredón tras outra mentira: a que chamaba “consello de guerra” a unha parodia de xuízo sen garantía ningunha de legalidade na que os militares que se rebelaran contra o goberno lexítimo acusaban de rebelión aos defensores do elixido nas urnas. E logo chegaba a mentira dos partes de defunción, que recollían, e seguen a recoller tras 42 anos de constitución democrática, “parálise cardíaca” ou “hemorragia interna” onde debería dicir “asasinato”.



As mulleres tiveron que traballar moi duro para saír adiante (*A memoria das mulleres*).

A pesar do teimosa que é a verdade, a democracia non tivo présa en desmontar o relato, empurrada polas características dunha transición que non supuxo unha ruptura co estado autoritario, senón que deixou moitas das institucións en mans dos franquistas, primeiro, e dos seus herdeiros ideolóxicos, despois. O ditador deixouno todo atado e ben atado, e as mentiras e os silencios afianzan o nó. Por iso, levar o verdadeiro relato ás aulas é imprescindible para acabar co absoluto descoñecemento que as novas xeracións teñen do que realmente pasou. E o feito de que non teñan tan marcada a lume como as anteriores a mentira imposta, pode ser unha arma de loita pola verdade.

### A REPRESIÓN CONTRA AS MULLERES

Dentro dese silencio, foron as mulleres as principais esqueci-

das. Incluso cando se traballa na recuperación da memoria se pon o acento nos homes porque as cifras marcan que foron máis no paredón, na cuneta, no cárcere, na depuración laboral ou no exilio. Pero a realidade é que elas foron tanto ou máis vítimas cós varóns, por varias razóns.

A primeira é que, aínda que en menor número, na Galiza hai vítimas femininas en todas as tipoloxías de represión: mulleres asasinadas, encarceradas, depuradas laboralmente ou exiliadas. Ademais, o fascismo ideou especialmente para elas métodos de tortura de índole sexista como a rapa do pelo, a inxestión obrigada de aceite de rícino, a tatuaxe da pel ou as violacións. E, a diferenza do que ocorreu cos homes, non foron maioritariamente castigadas pola súa ideoloxía ou a súa militancia senón polo mero feito de estaren

emparentadas con homes perseguidos.

Desde o programa municipal *A memoria das mulleres*, que desde 2013 anda na procura das biografías das vítimas en Pontevedra, defendemos ademais a necesidade de ampliar o termo "vítimas" ao que chamamos "as que quedaron": viúvas e orfas, mulleres que non sufriron nas súas carnes, directamente, a represión, pero que viron como as vidas que tiñan que ter vivido quedaron truncadas polo asinato do home, do fillo, do pai, do irmán. Víronse obrigadas a sacar adiante as familias soas, sen o sustento que daquela significaba o salario masculino, e marcadas como *rojas*. Soportando diariamente a convivencia co represor, ruín e veciño.

Elas tamén merecen ter espazo na nosa memoria. Todas as mulleres vítimas dos anacos en que



María Vázquez Suárez, mestra de Miño asasinada (Arquivo familiar).





Todas as mulleres foron vítimas pois perderon os dereitos que empezaban a lograr na 2ª República (A memoria das mulleres). Arquivo familiar cedido a *A memoria das mulleres*.

ficou o soño colectivo daquela II República que convertera España nun dos primeiros países europeos con sufraxio feminino.

Meréceno igual ca eles e tamén co engadido que supón que foran elas, a pesar de todo o padecido, as abandeiradas principais da solidariedade, o principal apoio dos presos e os fuxidos. Esa foi a maior causa de asasinatos de mulleres na Galiza: ser solidarias cos prófugos.

Tamén foron elas as principais transmisoras da memoria oral, a que berrou as mentiras, e o seu é un relato imprescindible para coñecer o terror do feminino. Porque dos castigos aos varóns quedou constancia escrita en sentenzas de parodias xudiciais, en certificados de defunción con hemorraxia interna ou en listaxes de barco rumbo ao exilio. Pero non hai papeis que falen das rapas, das tatuaxes da pel, das violacións e o aceite de rícino. Iso contáronno elas.

Mesmo deixaron rexistro en imaxes que son monumentos da dignidade, como a da vilagarcía Juana Otero que, tras ser rapada, pediulle a un familiar que lle tirase unha foto cun claro obxectivo: "Que a historia nunca esqueza o que nos fixeron".

Temos que cumprirlle o mandado. Debémolles a memoria a todas as mulleres represaliadas, resistentes e solidarias, e só nas aulas poderemos pagarlles. ■



# Memoria histórica na aula

Joaquín Balboa, de Estevesiñós (Monterrei) cando acababa de ser liberado en Sankt Lambrecht (Austria).

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 26-29

## Eladio Anxo Fernández Manso

IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)

hcustar@gmail.com

*“Non perderse no labirinto da memoria, nos seus esquecementos e as súas mentiras, as súas reviravoltas e os seus excesos.*

*Vencer aos violadores de memoria, aos falsificadores da historia, aos fabricantes de falsas identidades e falsos odios, aos cultivadores de pantasma narcisistas”*

Geraldine Schwarz, *Los amnésicos. Historia de una familia europea*. Tusquets, 2019

### MEMORIA... HISTÓRICA?

Nos últimos anos fálase moito de “memoria histórica” en referencia ao pasado recente de España, con atención especial á República, Guerra Civil e Franquismo (sobre todo no que concirne á represión).

O abuso do termo fai que se confundan os dous conceptos,

mais Memoria e Historia non son o mesmo. A primeira alude ao recordo subxectivo que ten unha persoa ou colectividade duns feitos pasados. A segunda é unha disciplina que estuda e analiza o pasado cun método científico. A memoria está baseada na percepción, nos sentimentos e nas emocións, e a maioría das veces está detur-

pada polo paso do tempo e polas circunstancias do presente. A memoria pode esquecer e imaxinar; porén, a Historia, a partir duns datos obxectivos, crea relatos diversos, pero busca a ecuanimidade, procurando afastarse dos lugares comúns, dos prexuízos e do *presentismo*.

Algúns exemplos:

Cando propoño facer traballos de historia oral ao alumnado, centrados na ditadura franquista, sempre hai alguén que comenta: “ti dis que o franquismo foi un desastre para os españois, pero para o meu ‘tío’ foi unha boa época”. A Historia in fórmanos de que era unha Ditadura, de que non había liberdades nin dereitos, da miseria da posguerra, da masiva emigración (quizais o “tío” foi tamén un emigrante), da carencia de servizos públicos... Pero ese señor, ou señora, ten un bo recordo do franquismo. Por que?

Outro exemplo, cando estiven investigando sobre a vida de Joaquín Balboa, deportado a Mauthausen, dous dos seus veciños, sen contacto entre eles, dixéronme que lle viran o número de preso tatuado no pulso. Os estudosos do Holocausto, porén, din que só se tatuou o número a presos de Auschwitz. Por que eses dous veciños “viron” o número inexistente de Joaquín?

Neste mesmo ano pasado 2019 vén de estrearse a magnífica obra de teatro do grupo Chévere *Curva España*. Nela maníféstase claramente a disxuntiva entre memoria e historia, nun enfrontamento no que, claro, a memoria (a lenda) remata vencendo a historia (os datos obxectivos). A xente da comarca de Monterrei, de xeración en xeración, fai do enxeñeiro España un mártir, unha vítima do caciquismo, negándose a interpretar a súa morte coma un simple accidente. Por que?

Memoria e Historia poden coincidir, ou non, pero non se pode ensinar historia sen ter en conta a memoria. Se queremos ensinar (ben) Historia temos que ter moi en conta o peso da memoria na mentalidade do noso alumnado, en parte transmitida nas familias, pero cada vez máis a través das redes e medios de comunicación. En moitas ocasións o noso principal labor será desmontar os prexuízos adquiridos, pero noutras a memoria pode servir de estímulo para achegar o alumnado ao coñecemento e á investigación histórica. Son innumerables os exemplos na miña vida académica nos que alumnas e alumnos profundaron no pasado a partir dun recordo transmitido no seo da familia. Descubrindo os camiños que levaron a súa avoa ata Alemaña, ou sabendo a verdadeira razón pola que un bisavó, “que lía moitos libros”, acabou morrendo en Venezuela, sen poder regresar a España.

### MEMORIA HISTÓRICA NA AULA

A importancia da memoria histórica transcende o ámbito educativo, repercutindo na calidade democrática de toda a sociedade. Como podemos comprobar acotío moitas das polémicas arredor da memoria histórica están impregnadas de prexuízos

ideolóxicos, de simplezas dogmáticas e de ignorancia. De aí o papel fundamental da educación, xa que a maioría das persoas, a única oportunidade que teñen de aprender, con rigor e honestidade, é na escola. Nunha sociedade democrática o coñecemento histórico debe ser un dereito.

En Galicia, nos programas das distintas materias, non coñezo ningunha disposición específica sobre o tratamento da “memoria histórica”. Nin desde a Xunta se puxo en marcha ningunha política institucional da memoria. En comunidades como Catalunya, Estremadura ou Andalucía si teñen leis específicas, coa súa conseguinte repercusión no currículo.

En Andalucía, desde o ano 2017 celébrase o Día da Memoria Histórica y Democrática nos centros educativos o 14 de xuño. Nas detalladas instrucións da Consejería de Educación y Deporte para a conmemoración do 2019 díse: “... dichas actividades se orientarán a impulsar actos de reconocimiento y homenaje a las víctimas del golpe militar de 1936 y la Dictadura consecuen- te, con el objeto de mantener su memoria y reivindicar los valores democráticos y la lucha del pueblo andaluz por sus libertades...”. Ademais achegan mate-



Tumba de Ana Ruiz e Machado en Colliure.

riais e suxestións didácticas para os distintos niveis educativos, desde Primaria.

Na nosa Comunidade, as actuacións a realizar sobre a memoria son froito do compromiso individual do profesorado, sen apoio institucional. Un dos exemplos é o documental *A pegada dos avós* ([www.apegadadosavos.com](http://www.apegadadosavos.com)), onde sete alumnos do IES Adormideras da Coruña investigan a represión e o seu eco no presente. O filme, rodado entre o 2011 e o 2013, dirixido por Xosé Abad, fai un seguimento das indagacións do alumnado, centradas nas vítimas. Pero non se queda só no pasado, senón que tamén nos mostra como o descubrimento do ocorrido cambia a forma de pensar e os sentimentos dos estudantes segundo avanzan no coñecemento dos feitos.

As programacións académicas non aluden ao concepto de 'memoria histórica', e os contidos que podemos incluír dentro desta epígrafe teñen a mesma relevancia que o neolítico ou a crise do século XVII. No ensino secundario os cursos de Histo-

ria nos que se inclúen as etapas máis recentes son 4º da ESO e 2º de Bacharelato. Ademais da propia desmesura dos temas a tratar, en 2º de Bacharelato, cando a madurez do alumnado permite unha mellor comprensión, as probas de acceso á universidade estragan a posibilidade de realizar unha aprendizaxe significativa.

Nunha noticia sobre *A pegada dos avós*, publicada no semanario *Sermos Galiza*, o 8 de abril do 2014, sinalase: "As biografías de José Villaverde e Amada García serán o motivo da súa investigación para coñecer o relato da historia que non atopan nos libros de texto". No ensino vivimos nunha especie de ditadura dos libros de texto, que empobrece a dinámica e os resultados da nosa tarefa docente. Aínda que os libros de texto actuais ofrecen unha visión máis digna, menos pusilánime, destacando os do Consorcio Editorial Galego (de Xosé Alfeirán, Ana Brea e Ana Romero), elaborar os nosos propios materiais e deseñar actividades alternativas segue a ser necesario. E pódese facer, ao igual que tamén temos que ser quen de superar a secuencia de contidos establecida e formular as nosas propias prioridades.

Non abonda con tratar os temas superficialmente. É imposible comprender, coñecer, todos os contidos históricos asignados a cada curso. Podemos optar por "dar todo" (mal) ou ben deter-nos naqueles aspectos que consideramos máis relevantes. E os períodos históricos vinculados á "memoria histórica" son os que mellor explican o noso presente, e dos que podemos extraer máis leccións para o futuro. Precisemos claramente o obxectivos que queremos conseguir en cada nivel educativo, e levemos a cabo todas as actuacións necesarias para acadalos.

Ademais dos propios contidos históricos, complexos sen dú-

bida, hai que ter conta as súas repercusións actuais na memoria individual e colectiva. Non se pode estudar da mesma maneira a Guerra da Independencia que a Guerra Civil, sobre todo porque esta ten unhas consecuencias emocionais e políticas evidentes, con visións moi contrapostas sobre o acontecido, e con moitas ideas preconcebidas sobre a mesma, moi difíciles de rebater.

Non podemos obviar a polémica na aula, non podemos ensinar o pasado de xeito descontextualizado. Temos que partir, máis que nunca, das ideas (non sempre erróneas) do alumnado, resultado da súa memoria persoal familiar, pero tamén da memoria colectiva, na que as redes sociais e os medios de comunicación son protagonistas. Esta memoria colectiva, política no peor sentido da palabra, é a que rexe a maioría das percepcións do pasado que ten a cidadanía. Tendo moi en conta o conxunto de "memorias" é como podemos ter algunha posibilidade de que a aprendizaxe sexa transformadora e sirva para formar cidadáns capaces de mellorar o presente.

### ALGUNHAS SUXESTIÓNS

Para abordar a memoria histórica na aula, suxiro ter en conta estas actividades, nas que o máis importante é que o/a alumno/a aprenda por si mesmo/a:

- Historia (ou memoria) oral: O alumnado pregunta á familia sobre a súa vida e sobre a súa percepción das etapas históricas. Un cuestionario sobre o franquismo confrontando os dereitos e liberdades democráticos coa ausencia dos mesmos na ditadura, acostuma a resultar moi revelador da verdadeira natureza de El Régimen.
- Mirándonos no pasado: Recollida de fotos antigas das familias, coa conseguinte investigación sobre as mesmas. Esta tarefa é moi do agrado do alum-



Procesión (Foto familiar IES Antón Losada).



Cura e freguesas (Foto familiar IES Antón Losada).



Placa dedicada aos da Ponte do Regueiro (A Estrada).

nado, resultando unha maneira amena de descubrir o seu propio pasado. Á hora de "mirar" as imaxes é moi importante a orientación do/a profesor/a, para saber ver a pegada da Historia "grande" na "micro historia", na vida da xente.

- Enredando nos papeis: Semeillante á anterior, pero neste caso trataríase de atopar documentos escritos nas casas, e analizar os que o profesorado considere de interese.

- Os medios de (in)comunicación: Despois dunha selección previa por parte do profesor/a, trabállase con xornais de distintas etapas históricas, pero tamén coa radio, o NODO ou a televisión.

- Visitar os "lugares da memoria": Previo traballo na aula, visitar os "lugares da memoria", da propia comarca en primeiro lugar, realizando unha serie de tarefas que permitan, sobre todo, que o alumnado se poña no lu-

gar das vítimas e "sinta" o que alí pasou.

- Charlas: Neste capítulo son moitas as posibilidades. Pero o que adoita funcionar son as historias de vida, biografías contadas polas propias vítimas, familiares ou estudosos/as.

- Rueiro, monumentos e placas: Investigar sobre a orixe dos nomes das rúas, e o significado histórico dos monumentos e placas é unha maneira de coñecer a historia oficial da localidade e a relación do pasado co presente.

A Historia que temos que ofrecerlle ao alumnado debe favorecer as vítimas esquecidas e aldraxadas e ten que ser diversa, ofrecendo distintas interpretacións do pasado que rachen co mentireiro, pero eficaz, relato dos vencedores. A memoria ten que ser a ferramenta que nos permita cuestionar a visión oficial da Historia. ■

- ÁLVAREZ CASTRO, X. ET AL. (2017). *Os nomes do terror: Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*. Santiago, Sermos Galiza.

- DAVIDSON, M. (2012). *El nazi perfecto*. Barcelona, Anagrama.

- DIEZ GUTIÉRREZ, E. e RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, J. (2009). *Unidades didácticas para la recuperación de la memoria histórica*. León, Foro por la memoria de León (<http://memoriahistoria.unileon.es/>).

- FAJARDO, M. (2015). *Un cesto de mazás. Memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu*. Vilagarcía, Consorcio Editorial Galego.

- FERNÁNDEZ DE ARRIBA, D. (coord.) (2019). *Memoria y viñetas. La memoria histórica en el aula a través del cómic*. Valencia, Desfiladero ediciones.

- FERNÁNDEZ PRIETO, L. e HERVELLA GARCÍA, G. (eds.) (2018). *Historia de la Guerra Civil contada por dos hermanas. Memorias de golpe, revolución y guerra*. Granada, Comares Historia.

- FERNÁNDEZ PRIETO, L. e MÍGUEZ MACHO, A. (eds.) (2018). *Golpistas e verdugos de 1936: Historia dun pasado incómodo*. Vigo, Galaxia.

- HERNÁNDEZ DE MIGUEL, C. (2019). *Los campos de concentración de Franco. Sometimiento, torturas y muerte tras las alambradas*. Barcelona, Ediciones B.

- PEREIRA, D. (2011). *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*. Vigo, Xerais.

- PRADA RODRÍGUEZ, J. (2016). *Marcharon con todo. La represión económica en Galicia durante el primer franquismo*. Madrid, Biblioteca Nueva.

- QUIÑONERO, LL. (2005). *Nosotras, que perdimos la paz*. Madrid, Foca ediciones.

- SCHWARZ, G. (2019). *Los amnésicos. Historia de una familia europea*. Barcelona, Tusquets.

- SOUTELO VÁZQUEZ, R. (2004). *Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas. Experiencias de vida e lembranzas de mulleres na Galicia rural: 1900-1960*. IX premio de investigación 2004 Xesús Ferro Couselo. Valga, Concello de Valga.

- Libros de texto de Xeografía e Historia do Consorcio Editorial Galego.

- [www.apegadadosavos.com](http://www.apegadadosavos.com)

- [deportados.es](http://deportados.es) (sobre os españois republicanos deportados aos campos nazis).

- <http://www.dogrisaovioleta.gal/> (proxecto do Concello de Pontevedra para recuperar a memoria das mulleres).

- [http://www.f10m.org/exposicions\(exposicions didácticas da Fundación 10 de Marzo\)](http://www.f10m.org/exposicions(exposicions didácticas da Fundación 10 de Marzo)).

- <http://www.nomesevoces.net/> (proxecto Interuniversitario sobre a Guerra Civil e a represión franquista en Galicia).



# O reto didáctico do conflito: Pensar e traballar a memoria histórica como educadoras e educadores

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 30-33

**Andrés Domínguez Almansa**

andres.dominguez@usc.es

**Tania Riveiro Rodríguez**

tania.riveiro@usc.es

Membros do GI-RODA (GI-1667)  
da Universidade de Santiago de  
Compostela

Unha tarde calquera do ano 2019. Unha canle de televisión difundía un programa televisivo nun formato propio destes tempos, auspiciando debates nos que conflúen o banal e a aparente vocación de suscitar controversias de interese cívico. Discutían, sobre a memoria do 36 e a ditadura, un político profesional, encadrado na esquerda parlamentaria, e o presidente da fundación Francisco Franco. O primeiro lanzaba a manida e intelectualmente feble pregunta sobre que nos parecería se en Alemaña houbera espazos dedicados á memoria do nazismo, equiparables ao Valle

*de los caídos*. A resposta do segundo foi totalmente coherente: o caso de España é moi diferente, aquí gañouse a guerra.

Efectivamente, os militares sublevados gañaron unha guerra. Esta vitoria proxectouse no tempo mediante a tolerancia da ditadura no contexto internacional e a extraordinaria habilidade do réxime para xerar unha potente memoria xustificativa, auto indulgente e resistente, permitindo integrarse nas orixes e evolución da sociedade democrática española, na que se consolidaron as políticas do esquecemento como lóxica para encarar o futuro. Pero o futuro

da transición é hoxe, e semella que na cidadanía actual teñen cabida problemas non resoltos que implican preguntar polo pasado. Cuestións como a perpetuación da memoria do franquismo nos espazos públicos ou as foxas que agochan unha paisaxe do terror, poden ser contempladas como algo impropio dunha sociedade democrática.

A proposta da desmemoria colectiva fracasou, na medida en que callou un tecido asociativo a prol da recuperación da memoria que, á súa vez, posibilitou a difusión pública do concepto "memoria histórica". Isto beneficiou ámbitos como o da creación artística ou a investigación histórica, nos que xa existían exemplos sobre esta nova forma de proxectar o presente interrogando o pasado, pero que medraron e se consolidaron neste contexto transformador.

Con todo, a deriva do movemento memorialista trouxo consigo a incorporación de axentes que prexudicaron a dimensión cívica da memoria, entre outros: as dinámicas informativas da prensa; a apropiación ideolóxica das vítimas; a difusión a nivel local de nomes de vítimas reais, pero rememoradas a través de torturas, violacións e distintos sufrimentos non documentados que provocaron o rexeitamento de familias e achegados; e a utilización dos actos a prol da memoria por parte de individuos ou colectivos para presentarse como vítimas na sociedade actual, equiparándose absurdamente con quen foron encadeados ou asasinados na Galicia de 1936. Proba destes efectos perniciosos é que aquelas charlas que no 2006 convocaban un nutrido número de asistentes, hoxe, maioritariamente, téñense convertido en actos de nula relevancia pública.

Pero os pousos positivos da recuperación da memoria están aí. Así, por exemplo, o actual alumnado universitario dos graos en

Educación Infantil e Primaria sinala como elemento máis transcendental e significativo da historia de España e de Galicia a Guerra Civil e a xénese da ditadura, ao mesmo tempo que manifesta saber moi pouco ao respecto. Isto ofrece unha oportunidade para que a denominada "memoria histórica" poida ter unha verdadeira dimensión cívica, a través dunha das mellores canles posibles: a educación. Nesta dirección, dende o curso 2013-14 véñense traballando nun proxecto que considera que o primeiro chanzo para utilizar a memoria como coñecemento crítico propio dunha sociedade democrática é a Educación Primaria, integrando nun proceso formativo o alumnado universitario do grao en educación e o dos colexios (Domínguez-Almansa e López-Facal, 2017; Domínguez-Almansa e Riveiro-Rodríguez, 2017). Experiencia que ten posibilitado obter resultados satisfactorios que acreditan como un adecuado tratamento didáctico de cuestións conflictivas mellora as competencias profesionais do profesorado en formación e as competencias sociais do alumnado de Primaria, tanto dende unha perspectiva cívica como cognitiva. Ao mesmo tempo, ten permitido estruturar, no eido intelectual e práctico, un modelo de actuación didáctica que pode ser desenvolvido en calquera ámbito educativo.

### A PROPOSTA DIDÁCTICA

A actuación que se propón e presenta desenvólvese en tres niveis. O último atenderá á dimensión práctica e os dous que o preceden ofrecen un adecuado marco teórico.

Nivel 1) Dado o carácter do tema, é preciso establecer un necesario xogo entre emoción e razón. Emoción na dirección da neuroeducación, como vía de consolidación de aprendizaxes máis sentidas e profundas (Ortiz, 2009). Pero tamén na súa

relación coa empatía, concepto de éxito na sociedade do século XXI, entendido como compaixón ou solidariedade (De Waal, 2011) e cunha importante proxección didáctica (Gordon, 2009). Razón como dixestión da emoción-empatía, que permita, neste caso, analizar a historia pasada e entender o valor dos dereitos humanos, fusionando o cognitivo e o ético como alento do pensamento crítico.

Nivel 2) En coherencia coa amálgama do emocional e o racional é preciso ter uns claros referentes teóricos: A) A Teoría Baseada nos Lugares (PBE), que defende a actuación en espazos reais como núcleo dunhas aprendizaxes sociais de maior calidade (Gruenewald, 2003, McInerney, Smyth e Down, 2011, Sobel, 2004); B) A Educación Patrimonial (Fontal, 2013; Pinto e Zerbato, 2017), neste caso dende unha perspectiva crítica, que propón a apropiación cívica de elementos materiais ou inmateriais inxeridos en dinámicas de conflictividade; C) O ensino da historia con memoria, que obriga a reformular as prácticas educativas tradicionais e situar no epicentro dos contidos as persoas, as súas loitas, persecucións e padecementos (Cuesta, 2011).

Nivel 3) Atende ao proceso formativo. O que implica unha escolha axeitada de métodos e contidos, executada nunha sucesión de secuencias.

A) Descubrimiento. Na maioría das localidades galegas, existen lugares asociados á violencia coa que se executou e consolidou o golpe militar de 1936. Boa parte deles pódense rastrexar en *nomesevoces.net*, páxina cun grande potencial como recurso didáctico. O alumnado, sen estar previamente informado, deberá indagar na memoria da poboación e presentar uns resultados. A partir disto, significar o lugar, valorar o seu tratamento público en comparación


con outros e reflexionar sobre a transcendencia cívica da memoria.

B) Dotar de contido e sentido. Fuxindo da manida enumeración de acontecementos, cómpre fixar o centro de atención nas vítimas, que lle outorgan outra dimensión á cuestión da Guerra Civil. Con esta finalidade, resulta fundamental recorrer ás fontes orais (ou documentais como *Flores Tristes*, con relevantes testemuñas), a documentos tan ilustrativos como as causas militares ou os rexistros de defuncións e á páxina web *nomesevoces.net*. O que permitirá abordar unha reflexión complexa sobre a condición de vítima, incluíndo dende a desaparición forzosa até a situación da persoa que, sometida ao terror, acaba practicando actos de delación cos que terá que convivir de por vida. Aínda que no caso galego a barbarie practicouse de forma unidireccional, tamén é importante abrir o enfoque a outras realidades do territorio español, para coñecer as vítimas

consideradas leais aos sublevados, barallar a veracidade desta catalogación e pensar, dende o paradigma dos dereitos humanos, sobre a ética desta separación entre vítimas. Tamén é preciso afondar no tratamento que o franquismo e a democracia lles deron ás vítimas perdedoras, hoxe en día aínda en cunetas ou inseridas en procesos xudiciais non abolidos. Por outra parte, é moi importante introducir os axentes responsables do terror, máxime cando en Galicia existe unha novidosa investigación sobre este asunto (Fernández e Míguez, 2018). Outra cuestión relevante é a do golpe de estado, tendo en conta a lóxica da sublevación contra unha democracia, imperfecta e con problemas, substituída por un réxime ditatorial, e o que iso significou nos eidos social e cultural, para comprender a oposición e afectos da poboación perdurables no tempo. Tamén abrir o enfoque ao contexto internacional, comezando pola política xeneralizada de esquecemento dos

fuxidos españois que participaron na loita contra o nazismo ou acabaron nos campos de exterminio; cuestións que poden ademais apoiarse en magníficos documentais, caso de *La nueve: los olvidados de la victoria*.

C) Dar actualidade. É básico conectar as aprendizaxes sobre o pasado co presente. Resulta evidente que dende a perspectiva actual a conexión máis lóxica é co que atinxe aos dereitos humanos e a súa defensa efectiva. Nesta liña é vital abordar o tratamento da memoria na actualidade, introducindo tamén a cuestión de que abondosas democracias actuais teñen unha mala dixestión da memoria de acontecementos violentos e conflictivos no seu recordo. Aquí é preciso tratar a memoria do franquismo no século XXI a través de casos tan singulares como a exhumación do ditador. A lectura e debate de artigos nos principais xornais é fundamental, empezando por aqueles que utilizan a palabra "profanación" para referirse ao feito (baste con buscar nun dicionario o significado deste termo, para comprender a raíz do problema). Xunto coa tumba da polémica, deben aparecer as foxas, unha cuestión tolerable nunha democracia defensora dos dereitos humanos? Nelas aparecen corpos que xa non poderán ser entregados a ninguén ante a imposibilidade de documentalos. Neste sentido é altamente significativa a visita ao laboratorio da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, o que posiblemente signifique un impacto emocional para un alumnado ao que se pretende formar como ser racional. Outra forma de actualizar o tema é interrogar o alumnado sobre que facer cos lugares asociados á barbarie. Poderían formar parte do seu patrimonio? Para finalizar, é importante promover que as aprendizaxes teñan unha transcendencia máis global e universal. Con este obxectivo, pódese



Debuxo dun alumno na experiencia didáctica da mestra en formación Noelia Outeiral Pérez.



se interpelar o alumnado sobre que farían nunha situación semellante, tendo en conta que din non querer ser vítimas nin verdugos. A experiencia di, que independentemente da súa idade, contestan: fuxir, escapar, o que supón unha excelente oportunidade para conectar os fuxidos da nosa guerra do pasado e os das guerras do presente e o trato recibido nas terras ás que pretenden fuxir.

D) Como actuación final é importante abordar traballos que impliquen o alumnado na difusión do aprendido. Distintas experiencias en colexios indican que é factible grazas á súa implicación. Nun caso, a rapazada de 5º e 6º cursos de Educación Primaria preferiron renunciar ao recreo para traballar na preparación dunha obra de teatro que representarían ante os de Educación Secundaria Obrigatoria. Pero é importante aquí deterse no labor do profesorado como axente difusor, deseñando actuacións para unha sociedade que encare a memoria cunha nova mentalidade. Tanto en charlas co profesorado en activo, como mediante a práctica docente co alumnado dos graos en educación, existe unha reticencia ou un temor a traballar a cuestión da memoria nas aulas. O problema non radica no currículo, senón na suposta oposición das familias e o propio profesorado. Acontece isto con outros temas? Ten medo o profesorado a explicar a orixe do universo ou a evolución das especies? O que realmente explica esta actitude é o pánico que existe de introducir as cuestións conflitivas do presente na educación. Pero alguén pode pensar a vida sen conflito? Que pode provocar o conflito nas aulas... acaso debate? Alguén entende a democracia sen debate? O profesorado non debe pensar nin nos conflitos nin nos debates propios das canles televisivas ou dunha política convertida en loitas partidistas. A pro-

posta de temas conflitivos e os debates nas aulas poden dar lugar a pensamentos e ideas que é posible, non seguro, que sirvan para superar os problemas actuais como o da memoria colectiva.

Fronte á parálise, un grupo de mestras e mestres en formación traballou a cuestión da memoria histórica con alumnado de 5º e 6º curso de Primaria en diferentes colexios de Galicia. Non tiveron que enfrontarse a familias indignadas, obtiveron o recoñecemento do profesorado en exercicio e, sobre todo, o dun alumnado que pasou de non aturar as clases de sociais a preguntar cando ía habelas, produto do cambio de métodos e contidos e a posibilidade de emocionarse e razoar, relacionándose coa contorna. Unha destas mestras en formación posibilitou o descubrimento dun edificio ruinoso, utilizado como campo de concentración; o ideal resultaba visitalo, pero semellaba aparentemente imposible incorporar a visita á rutina do colexio e, ademais, o descoñecemento en relación ás persoas ás que dirixirse para poder realizar a visita levou a comunicar ao alumnado a súa imposibilidade. Aos poucos días o grupo-clase fíxolle saber á mestra en formación que estaría disposto a facer a visita nunha tarde fóra do horario escolar; un alumno conseguira localizar un veciño que tiña as chaves do lugar e facilitaría a visita... Emoción? Son boas noticias do presente que avisan da importancia de lle prestar atención ao pasado. O importante é, como docentes, formar parte desta aventura. ■

- CUESTA, R. (2011). Historia con memoria y didáctica crítica. *Con-ciencia social: anuario de didáctica de la geografía, la historia y las ciencias sociales*, 15, 15-30.

- DE WAAL, F.B.M. (2011). *La edad de la empatía: lecciones de la naturaleza para una sociedad más justa y solidaria*. Barcelona: Tusquets.

- DOMÍNGUEZ ALMANSA, A. e LÓPEZ FACAL, R. (2017). Patrimonios en conflicto, competencias cívicas y formación profesional en educación primaria. *Revista de Educación*, 375, 86-109.

- DOMÍNGUEZ ALMANSA, A. e RIVEIRO RODRÍGUEZ, T. (2017). Lo emocional y lo racional en la enseñanza de las ciencias sociales. En R. López Facal, P. Miralles, e J. Prats (Dirs.), *Enseñanza de la historia y competencias educativas* (pp. 49-66). Barcelona: Graó.

- FERNÁNDEZ PRIETO, L. e MIGUEZ MACHO, A. (2018) (Eds.). *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*. Vigo: Galaxia.

- FONTAL, O. (2013). Estirando hasta dar la vuelta al concepto de patrimonio. En O. Fontal (Coord.), *La educación patrimonial: del patrimonio a las personas*, (pp. 9-12). Gijón: Trea.

- GORDON, M. (2009). *Roots of empathy: Changing the world child by child*. New York: Experiment.

- GRUENEWALD, D. A. (2003). The Best of Both Worlds: A Critical pedagogy of Place. *Educational researcher*, 32(4), 3-12.

- MCINERNEY, P., JOHN SMYTH, J. e BARRY DOWN, B. (2011). 'Coming to a place near you?' The politics and possibilities of a critical pedagogy of place-based education. *Asia-Pacific Journal of Teacher Education*, 39(1), 3-16.

- ORTIZ, A. (2009). *Neurociencia y educación*. Madrid: Alianza.

- PINTO, H. e ZARBATO, J. (2017). Construyendo un aprendizaje significativo a través del patrimonio local: prácticas de Educación Patrimonial en Portugal y Brasil. *Estudios Pedagógicos*, 43(4), 203-227.

- SOBEL, D. (2004). *Place-Based Education: Connecting Classrooms and Communities*. US: The Orion Society.



# “Tralos pasos do mestre”: unha proposta didáctica para o tratamento da represión da memoria

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 34-36

Iria Morgade Valcárcel

Universidade de Santiago de  
Compostela

iria.mval@gmail.com

Esta proposta educativa tivo o seu punto de inicio nunha experiencia propia, a do descubrimento da vida e da morte do meu bisavó, Bernardo Mato Castro<sup>[1]</sup>. Nese momento profundei no coñecemento do seu asasinato a mans dos falanxistas tralo golpe de 1936, pero sobre todo descubrín unha vida, descoñecida para fillos e netos. Foi daquela cando experimentei en carne propia o que xalera en ducias de libros, cando o que coñecía na teoría transcendeu para producir cambios nas

miñas propias perspectivas vitais. Fun consciente da orfandade que tiña a aldea de Mato e as súas xentes do ocorrido alí antes do 36 e tamén durante os momentos de agonía e terror. Orfandade que era enterramento de recordos que seguen vivos, que son silencios e ata esquecemento nos lugares onde os maiores xa morreron.

Este foi o temón que guiou a miña decisión de levar este fenómeno á aula na miña primeira experiencia como docente. Co obxectivo de que o alumnado chegase a esa conciencia tamén, unha conciencia do propio pasado, traumático, maquiñado e retocado polos diferentes discursos ata a actualidade.

[1] O presente artigo baséase no estudo Morgade Valcárcel, I. (2017). “Tras las huellas del maestro”: Una propuesta didáctica para el tratamiento de la represión de la memoria en el aula. *Didáctica de las Ciencias Experimentales y Sociales*. 3-23.

Cadro 1



Facelos partícipes da historia para que así, dende a implicación persoal, puidesen chegar a sentirse responsables do pasado, do presente e tamén do futuro.

A proposta constrúese en base a unha perspectiva histórica determinada dende a cal comprender este fenómeno da “re-presión da memoria”: a teoría da negación do xenocidio (Míguez, 2014). Entendemos así que a violencia exercida tralo golpe tivo un carácter xenocida que condicionou a evolución e a configuración da sociedade ata a actualidade. Deste modo non só se reprimen os records sobre as dinámicas violentas dos golpistas e franquistas, senón tamén sobre o proceso mobilizador anterior a este. Producindo unha desconexión a nivel individual da historia e do noso lugar nela como protagonistas, vivindo nun presente desvinculado do tempo, con lugares e familias sen historia.

Co obxectivo de conseguir que o alumnado fose consciente de todo isto resultaba necesario levar á aula esa memoria mutilada e convertela en obxecto de estudo. Para iso empregáranse as historia de vida, a historia local e a análise de fontes históricas. A proposta chámase “Tralos pasos do mestre” polo papel central dunha vítima, o meu propio bisavó<sup>[2]</sup>. Para acadar as metas expostas séguese o esqueleto ilustrado no cadro 1.

### ESTRUTURA DA PROPOSTA DIDÁCTICA

Mediante un formato cinematográfico, dende a morte pásase á vida dos que morreron ata volver a chegar de novo a esa morte, perseguindo unha explicación global dun proceso que atenda aos obxectivos dunha lóxica asasina e exterminadora. O inicio, denominado “Shock: a morte”, presenta os feitos significativos da represión franquista

[2] No caso que nos ocupa, a aplicación realízase nunha aula de 1º de Bacharelato do IES Torrente Ballester (Pontevedra) formada por 29 alumnos e alumnas.

ta mediante casos concretos e formúlase a cuestión básica que vertebra a proposta: por que se orixinou esta represión se en Galicia non se produciu unha Guerra Civil en sentido estrito? Na seguinte parte, “A vida das vítimas”, viáxase atrás no tempo, estilo *flashback*, coa vista posta nos asasinatos nos que tamén se acaba coa vida que tivo esa persoa, as súas experiencias e as súas accións. Esta parte, polo tanto, axudará á propia construción da represión franquista e tentarase responder á pregunta: Que ocorre en Galicia antes do 36?

Para isto decídese empregar unha desas vidas case borradas por completo do recordo colectivo, como forma de chegar a entender que era o que quería eliminar exactamente esa represión: a mobilización política anterior. Decídese, pois, que esa vítima fose Bernardo Mato e que el actuase como fío condutor da historia do primeiro terzo do século XX, centrándose na


evolución da orde social cara á politización da vida pública.

A última “vértebra” da proposta céntrase no estudo do fenómeno da violencia fascista tentando atender ao como e ao por que. Iníciase a través do asasinato de Mato e da narración do golpe de estado en Pontevedra. A continuación serían os estudantes quen investigasen mediante unha actividade consistente no traballo en grupos, no que cada un contaría cun *dossier* (do que ofrecemos unha pequena mostra no cadro 2) formado por diferentes materiais relacionados cunha temática: os paseos, os xuízos, as vítimas, os perpetradores, a extensión do horror, a represión social e a represión da muller.

Cada *dossier* estaba formado por diversos materiais, como fontes orais e historias de vida, e instrucións para a busca no arquivo *Nomes e Voces*<sup>[3]</sup>.

[3] O Proxecto de Investigación “Nomes e Voces” ten como obxectivo estudar a represión en Galicia durante a Guerra Civil e o franquismo. Conta cun arquivo de vítimas presente na web: [www.nomesevoces.net](http://www.nomesevoces.net).

Cadro 2



O resultado na aula non puido ser máis gratificante: todos os grupos decidiron pola súa propia conta ampliar a investigación, tanto amosando novas testemuñas como profundando na historia de Pontevedra. Para comprender esta motivación pensamos que debemos atender certos elementos:


-A utilidade da ferramenta virtual *Nomes e Voces*, que os facía acceder a información e descubrila por eles mesmos.

- O interese polo que ocorreu en Pontevedra<sup>[4]</sup>.

- As historias de vida: fixéronlles sentir que estaban tratando asuntos relevantes, vidas de persoas.

Tras este exercicio, a proposta pasa a abordar o tránsito do concreto ao xeral. Para iso empréganse esquemas visuais como o amosado no cadro 3. O que se completa coa lectura de textos adaptados dos principais historiadores da materia<sup>[5]</sup>.

Cadro 3




Poderíamos cualificar de moi interesantes os resultados da apli-

[4] Unha alumna, interesada no caso de Alexandre Bóveda, acudiu esa mesma tarde ao lugar onde foi fusilado, mostrándose impresionada por atopar lugares de represión tan preto da casa.

[5] Entre outros Cabana, A. (2006). A memoria tolleita. As pegadas da represión franquista na memoria rural galega. *Grial*, 170, 36-43, e Míguez Macho, A. (2014). *La genealogía genocida del franquismo. Violencia, memoria e impunidad*. Madrid: Abada editores.

cación da proposta na aula. Por un lado, polo cambio de actitude do alumnado con respecto ao inicio da mesma (de repetir a consigna de "reabrir feridas" a ter un papel activo como investigadoras/es desas feridas). Por outro lado, identifícase un cambio significativo nas percepcións do alumnado con anterioridade e posterioridade á aplicación da proposta (como podemos observar no exemplo do Cadro 4).

Cadro 4



Coa vista posta en rachar coa "represión da memoria" lévase á aula a historia oral, as historias de vida e as fontes arquivísticas. Ante o traballo realizado polo alumnado, que se descubría ante si mesmo como investigador da historia traumática da súa vila, fomos plenamente conscientes de que esta proposta pode ser unha ferramenta axeitada para desenvolver as capacidades precisas para ser cidadáns activos e críticos.■

**SON O QUE  
QUERO SER**



**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**



# O Seminario sobre a Memoria Histórica

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 38-41

**Carlos Cimadevila Álvarez**

IES Félix Muriel – Rianxo

[felix.muriel4@gmail.com](mailto:felix.muriel4@gmail.com)

Ao longo destes dez anos que levamos celebrando o Seminario sobre a Memoria Histórica, moitos foron os momentos nos que abordamos moi diversos aspectos relacionados coa recuperación da nosa memoria. Neste tempo, fomos formando un grupo de traballo ao longo da xeografía galega e, igualmente, deixando a semente para a recuperación da memoria. Hoxe en día veñen celebrándose encontros que foron o inicio de novas investigacións e, tamén, o alento para a recollida de novas testemuñas. Aínda, as distintas persoas relatoras nos seminarios foron chamadas

polas/os asistentes, tanto para impartir charlas nos seus centros educativos como para empregar o material usado nos seminarios, contribuíndo así a espallar o traballo realizado.

Iniciamos o Seminario da Memoria partindo dunha proposta didáctica para a reconstrución da historia do século XX no contexto escolar. Para iso contabamos neses momentos cos profesores Xaquín Yebra Pimentel e Francisco Veiga; o estudoso do tema na terra de Melide Carlos Parrado; co guerrilleiro Francisco Martínez, *Quico*; e a neta do guerrilleiro *O Gardarríos*, Fernanda Cedrón. Con todo este

material humano e a ilusión, comezamos a traballar nestes acontecementos moitas veces descoñecidos. A metodoloxía de traballo neste Seminario levouse a cabo mediante a exposición teórica e práctica das/os investigadoras/es sobre as distintas temáticas, acompañadas de diferentes fontes de información, así como o desenvolvemento de traballo de campo, a análise de documentos audiovisuais e a conversa coas persoas que participaran directa ou indirectamente nos acontecementos obxecto de estudo.

En cada unha das distintas convocatorias destes dez Seminarios fomos visionando diversos documentais relacionados con cada un dos temas abordados (como os lugares de fuxida, os cemiterios, as foxas comúns, os campos de prisioneiros ou de traballo, os acubillos no monte ou nas casas...) e, igualmente, contamos con diversas/os profesionais de diferentes campos do coñecemento: historiadores, médicos, xuíces, pedagogos,

directores de cine, xornalistas... así como familiares, amizades e veciñanza, que nos acompañaron ao longo deste percorrido, axudándonos a comprender e a analizar diferentes aspectos básicos da evolución histórica de Galicia.

Unha das nosas aspiracións co desenvolvemento dos seminarios foi suscitar nas persoas asistentes reflexións sobre aspectos tan diversos como os fenómenos da guerrilla antifranquista (por que motivo moita xente tivo que botarse ó monte? cales eran os ideais que defendían? por que lugares se movían?), ou os enfrontamentos coas forzas franquistas, entre outros relacionados con:

- O movemento agrario, coas loitas para eliminar os foros e modernizar o sector agrario en defensa das condicións de vida do traballo no campo e a formación das asociacións agrarias, como Acción Galega con Basilio Álvarez, ou o suceso dos mártires de Sobredo, na parroquia de Guillarei.

- O exilio; pois moitos foron os que tiveron que fuxir, ben por mar en bous ou en barcos, algúns a Asturias, outros a Inglaterra ou a Francia, como o caso da fuxida no "Santa Teresa", ou no "Novo Emden". Tamén por terra, refuxiándose no monte para poder pasar a zonas leais; ou en Portugal, onde tiñan tamén que burlar a vixilancia da garda de fronteiras; tamén en Francia, rematando en moitos casos nos campos de traballo ou tendo que incorporarse á Lexión Estranxeira; e incluso houbo quen partiu cara a México e outros lares da América Latina, onde foron ben acollidos.

- As mulleres e o papel que tiveron durante o franquismo, pois resultou fundamental tanto no apoio dos fuxidos como na propia loita no monte. Moitas delas foron brutalmente reprimidas, encarceradas ou executadas, por ser nai, irmá ou muller de fuxido e/ou ter ideais antifranquistas.

- Os campos de concentración. Das mans de Costa e de Santos





coñecemos outras das realidades do franquismo, como foron os múltiples campos de prisioneiros que ao longo da xeografía galega houbo. É o caso do campo de concentración de Rianxo, onde estiveron amoreados e en condicións infrahumanas centos de prisioneiros, que

grazas moitas veces ás mulleres do lugar (que lles axudaban levándolles comida ou/e lavándolles roupa) tiveron unha permanencia máis doada.

- O asociacionismo mariñeiro. Como nos contaban Dionisio e Eliseo, despois dun forte tec-

do asociativo fronte á patronal conseguindo melloras nas condicións de traballo durante a II República, van ser duramente represaliadas as traballadoras e traballadores do mar, tanto na frota pesqueira como nas fábricas de conserva e salgadura. Moitos dos sindicalistas mariñeiros van ser asasinados ou fondeados atados a grillóns de torrar peixe e outros contrapesos. Tamén o mar foi foxa común.

- As Misións Pedagóxicas. Da man de Axeitos e Urtaza, vimos como un grupo de intelectuais españois, e moitos deles galegos, durante a II República foron levando aos lugares máis recónditos de España e Galicia o cinema, a radio, o teatro, os fantoches, libros de todo tipo, reproducións de cadros do Museo do Prado... ás veces por camiños de cabras. Todos os misioneiros e misioneiras van ser perseguidos, depurados ou asasinados, salvándose algúns grazas á súa fuxida de España.

- O Maxisterio. Foi desapiadada a depuración sufrida, tanto ás mestras e mestres como ao alumnado das Escolas Normais. Todo o que tivese que ver coa II República, militancia en par-







tidos políticos, sindicatos, asistencia a mitins etc., ideas ou actos, era cruamente penalizado.


Alén do sinalado ata aquí, outra das pretensións no desenvolvemento dos Seminarios pasa por compartir inquedanzas e aprendizaxes co profesorado para que, á súa vez, poida compartilas co seu alumnado. A finalidade é que poidamos identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos,

os personaxes, os problemas, as etapas e os procesos máis significativos do período franquista en Galicia; así como distinguir e valorar os trazos permanentes dos procesos de transformación e cambio nos diferentes períodos, analizándoos desde a realidade dos nosos días e, ao mesmo tempo, situar este proceso histórico no contexto do Estado.

En definitiva, o obxectivo último que o Seminario persegue é po-

sibilitar un mellor coñecemento do noso pasado máis recente e provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre os temas abordados nestas edicións contribúa, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, da democracia e da xustiza. ■

## PUBLICIDADE



### EDICIÓN ESPECIAL PLURILINGÜE

EN GALEGO: HENRIQUE ALVARELLOS

EN CATALÀ: MIQUEL DESCLOT

EN EUSKARA: JUAN LUIS ZABALA

O libro é, sen lugar a dúbidas,  
a obra maior da humanidade.

Federico García Lorca

Kalandraka 



# Para sabermos algo máis...

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 42-44

## Eladio Anxo Fernández Manso

IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)

hcustar@gmail.com

## Víctor Santidrián Arias

IES do Milladoiro (Ames)

vsantidrian@edu.xunta.es

Nesta “idade da memoria” que vivimos (da memoria e das vítimas) resulta case imposible estar totalmente actualizado sobre as novidades bibliográficas e outros recursos relacionadas coa memoria histórica.

Podemos comezar apuntando, como referencia internacional, o libro de 2017 *Lessons for present, lessons for future. The Holocaust and The Spanish Civil War Didactic Units: an Erasmus + Project. An ethical-moral approach from the biographical documents of local histories*, do que son editoras María Salud García Zamora, Ana Rosa Guilbert Hernández e Darío Martí-

nez Montesinos. Esta referencia emerxe como froito dun proxecto no que alumnado e profesorado de oito centros europeos de educación secundaria traballaron sobre a memoria histórica durante tres anos dentro do Programa Erasmus +; así, Guerra Civil española e Holocausto comparten páxinas nun volume dispoñible na web <http://www.lessonsforfuture.com/>.

Se falamos de España, non podemos deixar de recomendar *El bulldozer negro del general Franco*, de Fernando Hernández Sánchez (Barcelona, Pasado & Presente, 2016), con interesantes reflexións e materiais

para traballar nas aulas. É de moito interese o libro *Los campos de concentración de Franco. Sometimiento, torturas y muerte tras las alambradas*, de Carlos Hernández (Barcelona, Ediciones B, 2019), ao que acompaña unha web que cartografía o sistema dos campos de concentración da ditadura. Dende Catalunya ensina e escribe Ricard Vinyes, un dos autores que ten traballado de forma intensa e interesante sobre a memoria; dirixiu o *Diccionario de la memoria colectiva* (Barcelona, Gedisa, 2018) e estivo relacionado con Memorial Democràtic de Catalunya (<http://memoria.gencat.cat/ca/inici>). É de interese o seu servizo educativo (<http://memoria.gencat.cat/ca/que-fem/serveis-educatius/>). Nunha liña semellante, paga a pena seguir as pegadas da polémica proposta didáctica *Herenegun* ([https://www.irekia.euskadi.eus/uploads/attachments/11941/HERE-NEGUN\\_memoria\\_reciente\\_\(2018-06-21\).pdf?1529572347](https://www.irekia.euskadi.eus/uploads/attachments/11941/HERE-NEGUN_memoria_reciente_(2018-06-21).pdf?1529572347)), promovida polo Goberno vasco, sobre a violencia en Euskadi entre 1960 e 2018.

Cómpre botar unha ollada - necesariamente fragmentaria- ao que se fai noutros países nos que o pasado recente foi de represión e morte. Aínda que con non demasiada proxección no mundo escolar, o Observatorio Europeo de Memorias (<http://europeanmemories.net/>), encabezado por Jordi Guixé, ofrece un amplo abano de actividades e publicacións. Tamén é moi recomendable o proxecto educativo que Arolsen Archives está desenvolvendo en Polonia, que ten como eixe a campaña de devolución dos obxectos persoais ás familias dos ex-prisioneiros dos campos de concentración (<https://arolsen-archives.org/lernen-mitwirken/ausstellungen-kampagnen/stolen-memory/bildungsprojekt/>).

Do veciño Portugal, tan preto e tan lonxe, é recomendable unha visita á Cadeia do Aljube en Lisboa (<https://www.museudoaljube.pt/sobre-o-museu/>) e á Fortaleza de Peniche, convertida en Museo Nacional Resistencia e Liberdade (<http://www.museunacionalresistencialiberdade-peniche.gov.pt/pt/prisao/>). Moito poderemos aprender sobre que facer cun pasado ditatorial.


Doutros continentes podemos falar, por exemplo, en relación ao libro *Visita a un lugar de memoria. Guía para el trabajo en derechos humanos* (Santiago de Chile, LOM Ediciones, 2009), do que son autoras M. Isabel Toledo, Diana Veneros e Abraham Magendio. Existe, por outra banda, unha "Red de sitios de memoria latinoamericanos y caribeños" (Reslac), cuxa web (<https://www.sitesofconscience.org/es/>) merece unha visita. Por outra banda, resulta especialmente rechamante o libríño -que xa non é fácil de atopar dada a data da súa publicación- *Historia del otro. Israel y Palestina, un conflicto, dos miradas* (Barcelona, Intermon Oxfam, 2005). Esta obra recolle en páxina impar a visión palestina sobre determinados acontecementos do conflito entre Israel e Palestina e, en páxina par, a óptica israelí.

A historia dos deportados españois aos campos nazis estivo moito tempo oculta, pero hoxe contamos con fontes e recursos axeitados. A base de datos do *Libro Memorial. Españoles deportados a los campos nazis*, do Ministerio de Cultura, de Benito Bermejo e Sandra Checa, reúne a información básica sobre os deportados españois (<http://pares.mcu.es/Deportados/servlets/ServletController>). Entre as publicacións destacamos o libro de Carlos Hernández *Los últimos españoles de Mauthausen. La historia de nuestros deportados, sus verdugos y sus cómpli-*



ces (Ediciones B, 2015) coa súa magnífica páxina web: [deportados.es](http://deportados.es); e un cómic orixinal e moi elocuente, que nos conta a historia dun deportado en forma de tuits: *Deportado 4443* (Ediciones B, 2017). Tamén podemos destacar *Vivos en el averno nazi*, de Montserrat Llor (Crítica, 2014), con magníficas entrevistas a superviventes dos campos. Aínda, a exposición *Boix, fotógrafo de Mauthausen*, da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, pódese visitar en distintas localidades galegas.

É obrigado citar aquí o Proxecto Buchenwald (<http://proyecto-buchenwald.blogspot.com/>), no que participan os centros educativos de secundaria da comarca



do Garraf, en Catalunya, e que foi iniciado no curso 2011-12, para 4º da ESO e 1º de Bacharelato. Encabezado pola Amical de Mauthausen e o Museo do Ferrocarril de Catalunya, xunto a outras asociacións, desenvolve unha serie de actividades sobre os deportados republicanos no campo de concentración de Buchenwald, baseándose no ferrocarril no que foron trasladados. Ademais de traballarse na aula, en diferentes materias, prográmanse conferencias, viaxan todos os anos ao campo, proxéctanse filmes e vístanse exposicións. Tamén se ofrece formación específica ao profesorado.

Para o estudo dos douscentos deportados galegos contamos, entre outros materiais, co libro de Enrique Barrera *Galegos en Mauthausen* (Deputación da Coruña, 2012); co documental de Manuel Torrente, *Regreso ao campo da morte* (TVG, 1990); e coa exposición didáctica, *Joaquín Balboa e Antonio Pérez, de Monterrei e Boborás aos campos nazis*. Non podemos deixar de citar a magnífica tradución ao galego do imprescindible libro de Primo Levi, *Se isto é un home*, de Xoán Manuel Garrido (Xerais, 2018).

Nota á parte merecen as memorias de Mercedes Núñez Targa: *El valor de la memoria*. De

*la cárcel de ventas al campo de Ravensbrück* (Renacimiento, 2016), testemuño directo do horror franquista e nazi.

Entre os novos recursos que entran paseniño na aula hai que falar dos cómics. Téñense publicado magníficas bandas deseñadas onde a Memoria histórica ten un papel protagonista e adquire outra dimensión. Vén de publicarse *Memoria y Viñetas. La memoria histórica en el aula a través del cómic*, coordinado por David F. de Arriba (Desfiladero Ediciones, 2019). Aquí atopamos interesantes artigos teóricos, pero o máis atractivo son as propostas didácticas arredor dalgúns dos mellores cómics publicados en España sobre a materia que nos ocupa: *El arte de volar*; *El ala rota*; *Doctor Uriel*; *Las guerras silenciosas*; *Jamás tendré 20 años*; *Cuerda de presas*; *Los surcos del azar*; *Esperaré siempre tu regreso*; *Mil vidas más*; *Paracuellos*; *España: Una, grande y libre*; *Estamos todas bien*; *El violeta*.

Entre os materiais alternativos a disposición do profesorado, temos as exposicións elaboradas, hai uns anos, polo colectivo Sinenomine e outros autores, para a Fundación 10 de Marzo. Acompañadas de unidades didácticas, poden solicitarse no enderezo: <http://www.f10m.org/exposiciones>. A exposición *Rexas. Mulleres baixo o terror franquista* é máis que interesante, centrándose nas vítimas esquecidas, as mulleres (Deputación de Pontevedra, 2017).

En Galicia, é de visita obrigada o sitio do Proxecto Nomes e voces (<http://www.nomesevoces.net/>) da Universidade de Santiago de Compostela, que achega información para saber máis sobre a represión franquista en toda a xeografía galega. Non temos espazo aquí para lle dedicar á moita bibliografía sobre a materia, pero queremos destacar a valía de moitos estudos de carácter local, que deberían es-

tar presentes en todos os centros educativos.

Entre os libros recentes destacamos: *Os nomes do terror: Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron* (V.V.AA., Sermos Galiza, 2017); *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Lourenzo Fernández e Antonio Míguez, eds. (Galaxia, 2018); *Memoria do silencio*, de Eva Mejuto (Xerais, 2019); *Un cesto de mazás. Memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu*, de Montse Fajardo (auto edición, 2015); a mesma autora é tamén responsable do programa *A Memoria das Mulleres*, do Concello de Pontevedra, podendo consultarse o material en <http://www.dogrisaovioleta.gal/>; *Mulleres na guerrilla antifranquista galega*, de Aurora Marco (Laivento, 2011), con seis historias sobre as que se rodou o premiado documental "As silenciadas", dirixido por Pablo Ces.

Por outra banda, moitas novelas ofrécennos unha visión moi suxestiva do noso pasado. Entre elas podemos nomear: *Seique*, de Susana Sánchez Arins (Através, 2015); *Izan o da saca*, de Xabier Quiroga (Xerais, 2015); *Cabalos e lobos*, de Fran Lorenzo (Xerais, 2015); *Todo canto fomos*, de Xosé Monteagudo (Galaxia, 2016); e *O exército de fume*, de Manuel Gago (Xerais, 2018). A obra de teatro *A Lola*, de Avelaíña teatro (<https://avelainhateatro.wordpress.com/>) ofrece unha reflexión conmovedora sobre a represión franquista e as súas consecuencias.

Tamén pode resultar de interese consultar a páxina do movemento memorialístico galego, Iniciativa Galega pola Memoria: <https://www.igmemoria.com/> e, igualmente, non deixar de divulgar todo tipo de iniciativas que poidamos poñer en marcha. ■



*Identidades - Internacionalismo  
Pacifismo y Educación*

*siglos XIX y XX*



## **SOCIEDAD ESPAÑOLA DE HISTORIA DE LA EDUCACIÓN**

Resumos dos debates sobre *"Identidades, internacionalismo, pacifismo e educación. Seculos XIX e XX"*, froito do XX Coloquio de Historia da Educación, celebrado en 2019 en Monforte e Ourense

► <https://sites.google.com/view/xxcoloquio/inicio>

Proximamente selección dos textos completos nas revistas *"Sarmiento, Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación"* e *"Historia y memoria de la Educación"*



# ENTREVISTA

## A LORENZO FERNÁNDEZ PRIETO

**“Temos que seguir facéndonos preguntas, porque son necesarias para buscar as respostas”**

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 46-48

Entrevista realizada por

**Pilar Sampedro**

Consello de redacción

[pilarsampedro507@gmail.com](mailto:pilarsampedro507@gmail.com)

Lorenzo Fernández Prieto é catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela. Especializado en Historia agraria e Historia social do século XX, os seus ámbitos principais de traballo relaciónanse coa mudanza tecnolóxica, as mudanzas na sociedade rural e a política da memoria. Dirixiu o Proxecto interuniversitario Nomes e Voces, dedicado á investigación da represión franquista en Galicia, e o Grupo Histagra (Historia agraria e política do mundo rural).

A súa produción científica comprende máis dun cento de publicacións individuais e colectivas, algunhas máis destacables en relación ao tema deste monográfico, como *Golpistas e verdugos de 1936* (2018), *La historia de la guerra civil contada por dos Hermanas* (2018), *Soldados para el frente* (2018), *80 Anos. Santiago 1936*. (2017), *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura* (2014), *Memoria de guerra y cultura de paz en el siglo XX, debates para una historiografía* (2012), *Informe de resultados. Víctimas Galicia (1936-1939)* (2010), *Facendo historia con memoria* (2009)...

[lourenzo.fernandez@usc.es](mailto:lourenzo.fernandez@usc.es)

**Comecemos polo principio, que se entende por "memoria histórica"?**

Para nós aquí, no Estado español, é todo o proceso de recuperación do pasado descoñecido que, a partir de finais do século pasado, é identificado con guerra civil, represión, franquismo e todo o pasado oculto nun pacto de silencio, suposto ou real. Dalgunha forma hai unha arela colectiva que é recordar o que non se quere recordar, recuperar o que non se quere recuperar que comeza coa foxa de Priaranza do Bierzo, pero a memoria histórica é tan complexa que ata nos resulta enganosa. Os que pensan que o rescate da memoria histórica comezou no 1999 non reparan que incluso eles mesmos recuperaron esa memoria na Transición, sen chamarlle así, faciano sen saber o que estaban facendo. Quen o sabía era o propio franquismo que de feito falaba, preventivamente, de desquite do pasado e de volta da tortilla. Hoxe nós identificamos a memoria co que vén pasando nos últimos dezanove anos e que ten que ver co recoñecemento das vítimas, a apertura de foxas e a xente que continúa nas cunetas... todo iso como movemento cidadán e popular.

**Falar de memoria histórica é, tamén, falar de asociacionismo, das organizacións que teñen como finalidade esa recuperación, non?**

Había unha vontade popular de lembrar ese pasado e reparar; iso expresábase de diferentes maneiras, por exemplo votando; para os familiares votar en 1977 foi un acto de afirmación política e memorial. As familias votaron os partidos que identificaban coa tradición republicana, aínda que os que se presentaban xa non eran os mesmos.

Danse situacións paradoxais, por un lado a idea de reconciliación (proposta política que foi asumida pola oposición antifranquista, agás excepcións) e pasar páxina; lembrar e pasar páxina é contraditorio. Houbo

actos de reivindicación da memoria feitos polas familias a partir de 1975, aínda que todo para no 1981 cando se materializa que o ruído de sabres era verdadeiro, fíxose real que o pasado podía reproducirse. A vida e o presente puideron co pasado e houbo un parón.

Créanse asociacións de memoria desde comezos dos anos 90, vinculadas a organizacións políticas. A maioría comezan a partir do 1999 cos movementos memorialísticos; nacen ou redefínense os Ateneos republicanos, asociacións locais de memoria histórica e realízanse moitas actividades memoriais tamén desde o asociacionismo cultural.

**A investigación histórica é fundamental; unhas veces de maneira colectiva nas universidades, outras desde as asociacións ou por parte de investigadores individuais, como foi?**

Partimos de que hai unha preocupación social, colectiva e familiar que se materializa de forma pública na foxa de Priaranza. Cando ves uns rapaces que están buscando o seu avó e que conseguen abrir unha foxa dáste conta de que aquí está pasando algo de envergadura. Hai unha nova actitude xeracional, o fenómeno dos netos da guerra, os fillos saíron da Ditadura a pensar no futuro e agora os netos quizais poidan permitirse o luxo de ollar o pasado.

Neste país, cando aparecía un cadáver cun furado de bala na cabeza ninguén chamaba un xuíz ou un forense (tampouco hoxe), todos entendían que fora da guerra pero como di moi ben o noso colega Gil Andrés "de la guerra no, fue muy lejos del frente". Asímesse e naturalízase (aínda hoxe) unha realidade que o franquismo e o relato dos verdugos normalizou. Pero houbo un cambio de actitude social (os historiadores somos coma os demais), e aparecen un montón de asociacións e de persoas que empezan a traballar na "Memoria histórica".

Os primeiros traballos interesantes en Galicia sobre o tema foron publicados nun monográfico de *A Nosa Terra*, que recolle esas investigacións locais, son de 1986 e a primeira tese, de Souto Blanco, en 1997, sobre Lugo cando se atopa documentación na rehabilitación do cárcere desta cidade, a de Suárez no 2000, antes a de Bernardo Máiz (1984)... As preguntas dos historiadores derivan dos intereses do presente, ninguén estuda o medio ambiente se para a sociedade non hai un problema medioambiental, polo tanto todo nace da demanda social.

A diferenza cualitativa márcaa a política do Bipartito e a Lei de memoria histórica como decisión dun Goberno. No 2005 toman posesión e deciden que o ano seguinte será o ano da memoria, respondendo a unha arela colectiva. Ponse en marcha o consello da memoria, o barco da memoria, o espazo da memoria na illa de San Simón, apóianse as asociacións, asesóranse as vítimas e familiares, realízanse homenaxes recuperando a memoria e descubriendo outra verdade que estaba oculta, creáronse lugares de memoria... e déuselle un gran impulso á investigación co proxecto "As vítimas, os nomes, as voces e os lugares". Desde a universidade pública organizamos un equipo de investigación para que, con rigor e xuntando capacidades, o puidésemos levar a cabo; aquilo era poñer de acordo a todo o mundo que traballaba na mesma dirección e cun obxectivo único. O traballo feito equivale ao dun investigador ao longo de 46 anos a tempo completo. Aquel proxecto resultou ser un referente, que se presentou en múltiples congresos e universidades estranxeiras e que se segue a explotar para continuar investigando. En vez de publicar un libro tomamos a decisión de facer un muro *nomesevoces.gal* na rede e calquera pode consultalo desde un teléfono móbil. Aquela investigación permitiunos facernos moitas preguntas, a primeira quen eran as víti-

mas, que pasaba coas mulleres das que apenas hai rastro documental, cos que foron á guerra, que pasa co exército, como vive aquilo a "xente do común"... e seguimos preguntándonos: por que os mataron? e quen os matou? Hai algo terrible, monstruoso, para que en vinte anos non nos preguntemos polos verdugos. Estabamos dentro do relato dos verdugos, do relato que eles dominan, por iso conseguen que non falemos deles; lograron dominar a nosa memoria. Walter Benjamín xa nolo advertira, igual que Orwell e Kafka retratando o que se viviu aquí, mesmo antes de que sucedese. O feito de que a radio pública seguise a chamarse Radio Nacional (a dos golpistas) ou de que aínda teñan que reclamar as estatuas do Pórtico ou o pazo de Meirás á familia do Ditador... é parte do mesmo.

**Explica algo máis ese relato, por favor.**

Había que entender o que pasou no pasado na lóxica do pasado, pero había que derruír tamén os mitos que se crearon primeiro polo franquismo e despois polo silencio.

O golpismo traballou a idea de que aquilo fora inevitable e un plebiscito armado, pero se miras as eleccións de 1936 ves que non había nin un só deputado puramente fascista no Parlamento entre os 475 electos. Por iso dura tanto a guerra, porque eran moi poucos e aínda coa

axuda do fascismo de Italia e Alemaña non conseguen vencer ata tres anos máis tarde. Velaí a razón da matanza! O que vai permitir construír o franquismo son as prácticas xenocidas, o exterminio (eles utilizan ese termo, para falar de Tui: "por fin conseguimos el exterminio"). Despois, durante a Ditadura, conseguen convencer a esquerda de que toda a dereita os apoiara e convencer a toda a dereita de que tiña que seguir sendo franquista. O discurso dos verdugos consegue incluso que non se fale deles porque tivo moito tempo para facerse.

Cando chegou a Transición fállese de política de reconciliación como algo necesario para avanzar, detrás estaba a idea de que todos foran iguais, todo o mundo se matou, todos eran culpables e verdugos. Agóchanse de novo, igual que agocharan o golpe de estado, detrás doutras palabras.

**Que pasa coa Lei de Memoria Histórica do 2007 no Goberno Zapatero?**

A guerra perdeuse pola incapacidade para poñerse de acordo definindo o que realmente é importante. Esta práctica de non negociación constrúese desde 1937 ata hoxe. Non hai nada peor que unha derrota. Coa Lei pasou o mesmo, as discusións sobre a súa perfección ou imperfección esgótanse soas pero foi o que se puido conseguir naquel momento. O debate

sobre a non anulación dos xuízos fronte á postura do Goberno que avoga pola superior declaración do parlamento que os anularía politicamente... pero a xurisprudencia é moi traidora e a cultura xurídica que constrúe o franquismo é poderosa como pode verse aínda na actualidade. Certamente, a lei apoiou toda a mobilización e o movemento asociativo, o que estaba sucedendo na realidade, permitiu desenvolver iniciativas, financiou... o que fixo peor foi privatizar as escavacións das foxas cedendo algo que solo debería facer o Estado, cun forense, un xuíz e procedementos convencionais. A lei foi un chanzo que hai que recoñecer e habería que dar máis e mellores pasos adiante.

**Preocúpanos a ignorancia da poboación máis nova a respecto da Guerra, da posguerra ou da Ditadura. Que podes dicir ao respecto?**

Non podemos perder de vista que a Historia é unha materia moi sensible e incómoda. Hai que insistir na falta dun relato distinto ao que nos deron os verdugos e a dificultade de trasladalo aos libros de texto. Tamén lembrar aquel debate das Humanidades e estudar os programas de ensino: que se ensina, como se fai, cando, cantos contidos entran, por que esa escolla. Podemos referirnos á disputa na materia de segundo de Bacharelato e selectividade entre Hª Universal ou de España, entre centrarnos na Hª Contemporánea ou empezar en Atapuerca e o que hai detrás de cada unha desas escollas. Poderíase falar do relato sobre o pasado que se constrúe a través da literatura e o cine, un relato de ficción; ou de como opinións profranquistas que antes se vertían nos bares agora chegan ao Parlamento... pero se non hai máis espazo podemos rematar dicindo que teremos que seguir facéndonos preguntas sobre o pasado porque estas son necesarias para buscar as respostas.

**Moitas grazas. Aí seguirá, tamén, a RGE. ■**





## Programa piloto para a docencia en galego no Grao en Educación Social na UDC



REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 49-51

**Laura Cruz**

laura.cruz@udc.gal

**Neves Arza**

neves.arza@udc.gal

**Mariló Candedo**

dolores.candedo@udc.gal

Universidade da Coruña

O marco contextual e normativo no que se insire o *Programa piloto para a docencia en galego no Grao en Educación Social* da Facultade de Ciencias da Educación da UDC, considera distintas iniciativas e plans, entre os que cabería citar: o *Plan Piloto da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística para a Docencia en Galego nos Graos do Sistema Universitario Galego* (2019), o *Plan Estratégico (2014-2020)* e o *Plan de Normalización Lingüística da UDC* (2007), así como o *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega da Xunta de Galicia* (2004).

O *Plan Piloto da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística* parte do recoñecemento de certo retroceso na presenza do galego como lingua vehicular na oferta académica das tres universidades galegas, e pretende apoiarse nas oportunidades que

ofrece o Plan de Financiamento universitario 2016-2020 para favorecer a docencia en galego no SUG. Comeza cun número limitado de graos, de xeito que o proxecto poida servir para difundir bos exemplos que estimulen outros graos a incrementar a docencia en galego. As titulacións de grao seleccionadas teñen que ter un mínimo do 80% de docencia en galego que se manteña durante os catro anos de duración dos estudos.

No caso da Universidade da Coruña, o grao seleccionado foi o de Educación Social, tanto polas boas condicións iniciais de presenza do galego na docencia, como polo interese dunha titulación que forma profesionais que van desenvolver o seu labor en sectores estratéxicos da sociedade, tendo ademais un efecto multiplicador no que atinxe á normalización e dinamización da lingua e da cultura galegas.

Os obxectivos da proposta da UDC para este grao, inseridos no marco ao que vimos de referirnos, preséntanse agrupados nas tres dimensións da normalización: competencia, uso e actitudes:

- a) Estender o uso do galego na docencia, garantindo que o 80% dos créditos do título se impartiron nesta lingua.
- b) Estender o uso do galego por parte do alumnado nas actividades que se realizan no marco das materias e nos Traballos de Fin de Grao.
- c) Mellorar a competencia lingüística en galego do alumnado e do profesorado.
- d) Comprender e valorar o uso do galego no ámbito profesional como ferramenta para a normalización da lingua propia de Galicia.
- e) Facer visibles experiencias profesionais e iniciativas socioeducativas nas que se emprega o galego como lingua vehicular.

As accións teñen un amplo alcance, atinxindo as materias, a titulación no seu conxunto, o alumnado, o Plan de Acción Titorial e a difusión do proxecto. A continuación describíense máis detalladamente.

**a) Materias acollidas á proposta**

O profesorado comprométese a utilizar o galego na docencia e nos materiais de elaboración propia (presentación, apuntamentos, propostas de actividades...). Así mesmo, deberá promover o seu uso na aula por parte do alumnado e motivar a elaboración dos traballos en galego.

Respecto do Traballo Fin de Grao, preténdese animar á súa realización en galego, poñendo en valor distintos incentivos nesta liña, non sempre coñecidos polo alumnado. Xaora, cóntase coa dispoñibilidade de asesoramento lingüístico por parte do Servizo de Normalización Lingüística, e existe unha axuda económica para quen desenvolva o traballo en galego. Hai tamén a posibilidade de presentar o traballo ao premio TFG do CEESG, sempre que atendan os criterios establecidos: redacción e defensa en galego, e unha cualificación igual ou superior a 8 puntos.

Ademais, no marco de cada materia, a proposta contempla a posibilidade de que cada docente organice actividades específicas, contando con soporte económico, promovéndose así a participación de axentes sociais e facendo visible o uso do galego no exercicio profesional.

No primeiro cuadrimestre deste curso desenvóléronse oito iniciativas diferentes, en sete materias: obradoiro sobre relatos de vida; obradoiro de relación e acompañamento socioeducativo para a inserción social e laboral; xornada sobre a construción social da realidade: o mundo audiovisual; charla sobre a utilidade da lingua galega desde a experiencia dunha neofalante; presentación de iniciativas participativas (O noso patio e Oasis); obradoiro de mapas téxtiles; xornada sobre o nexo comunidade-escola.

O plan acompáñase de apoios e incentivos para o profesorado. Cóntase coa axuda do SNL en cuestións de formación e asesoramento lingüístico, así como na revisión e tradución dos materiais de elaboración propia. Entre os incentivos, ademais do orzamento para a organización de actividades, para o profesorado que comeza a utilizar o galego na docencia, aplícase unha

redución de horas de docencia durante tres cursos.

**b) A titulación no seu conxunto**

Está en marcha un proceso participativo para a presentación de propostas de dinamización da lingua, por parte do profesorado e alumnado: seminarios e/ou xornadas sobre temáticas específicas (actitudes e lingua galega, situación sociolingüística e o papel da lingua galega no ámbito profesional etc.), obradoiros profesionalizados (sobre dinamización cultural e lingüística, novas tecnoloxías, mediación...), premio á calidade lingüística de traballos desenvolvidos en galego, teatro e/ou cinefórum sobre temáticas sociais, culturais ou educativas, entre outras.

As propostas serán valoradas polo alumnado e seleccionadas pola Comisión de Normalización Lingüística.

Un dos criterios establecidos no deseño e selección é a procura de sinerxías con materias e iniciativas que poidan xurdir noutros graos ou mestrados da Facultade. Cómpre anotar que a Facultade de Ciencias da Educación da UDC forma profesorado de infantil e primaria, e de ensino secundario en varias especialidades, logopedas, e oferta formación especializada a través de diferentes mestrados.

**c) Alumnado do Grao**

Ademais de participar nas accións propostas, tanto no título como no marco das diferentes materias, habilitouse un proceso específico para que o alumnado dos diferentes cursos suxira actividades en galego relacionadas co exercicio profesional. Preténdese con isto promover a súa autonomía na identificación e resposta das propias necesidades formativas.

**d) Plan de Acción Titorial**

A proposta contempla a utilización do galego nas accións de



orientación deseñadas para o título: xornadas de acollida, de prácticum, de mobilidade, de orientación profesional, información sobre materias optativas, bolsas, TFG, reunións de coordinación con profesorado e alumnado por curso, presentación dos servizos da universidade, entre outras.

#### e) Difusión da Proposta

Finalmente, para lle dar visibilidade á proposta, contéplase a difusión das accións desenvolvidas entre o profesorado, alumnado, entidades de prácticas, na Facultade no seu conxunto e na comunidade universitaria en xeral.

A proposta deseñada pretende desenvolverse co rigor e a coherencia que os seus obxectivos reclaman, e baixo os procedementos propios dun proceso educativo. Para avaliar o impacto do programa tomaranse en consideración os seguintes indicadores:

- Utilización do galego por parte do alumnado (TFG, memoria de prácticas, exames, traballos...).
- Emprego do galego por parte do profesorado (material de elaboración propia).
- Evolución das actitudes do alumnado e do profesorado cara ao uso do galego na docencia e no ámbito profesional.
- Número de actividades realizadas: nas materias, no título e por parte do alumnado. Engadírase rexistro fotográfico e documental.
- Número de persoas participantes/beneficiarias no conxunto de actividades.
- Número de profesionais da educación social e entidades sociais convidadas ás actividades que empregan o galego como lingua vehicular.
- Grao de satisfacción de profesorado e alumnado respecto

da experiencia. Incorporarase como tema de reflexión transversal nas reunións de coordinación por curso con profesorado e alumnado e celebrarase unha reunión final de valoración.

Malia que o profesorado implicado é consciente de que esta iniciativa se apoia no seu voluntarismo; e aínda que pretende aproveitar esta conxuntura favorable para desenvolver este programa como unha oportunidade para acadar melloras nos obxectivos normalizadores e nas competencias do alumnado, persiste unha impresión de falta de planificación de medio e longo prazo no que atinxe á normalización no contexto universitario e na sociedade en xeral.

A recepción por parte do alumnado está sendo inicialmente positiva e así o fixeron constar na valoración que se lles solicitou na presentación a comezos de curso. Trasladan opinións que inciden na súa necesidade, na oportunidade para mellorar a competencia en galego, para concienciar da súa importancia e para crear espazos nos que os galegofalantes non teñan que mudar de lingua. Velaquí algunhas valoracións textuais:

- *Boa idea para o impulso do galego, xa se debía ter feito antes.*
- *Boa iniciativa para concienciar da importancia de usar e saber galego.*
- *Unha boa maneira de enorgullecernos do noso.*
- *Esperamos que a xente poña da súa parte e que sexa un éxito.*
- *Proposta axeitada e coherente para a grave e preocupante realidade do galego.*
- *Nos parece una gran propuesta, las tres somos castellano hablantes y consideramos que con este tipo de actuaciones nos podremos soltar más a la hora de hablarlo y escribirlo.*

*Me va a costar y me voy a esforzar.*

- *Estamos fart@s de ter que cambiar ao castelán en determinados ámbitos laborais e sociais que se supoñen de prestixio que non están ó alcance do galego. Xa era hora de poñer o noso idioma no lugar que se merece.*

No apartado de problemas ou desvantaxes, manifestan preocupación polo alumnado dos programas de mobilidade e pola repercusión que poida ter na cualificación:

- *A única complicación que lle vexo é que os estudantes de fóra teñen máis dificultades.*
- *Es un obstáculo para las personas que vienen de otros países, que ya les va a costar el español y es un plus a mayores de esfuerzo para ellos/as.*
- *Será difícil, muchos no dominamos el gallego y los trabajos no se van a valorar igual si están en castellano.*

A Comisión de NL da Facultade -á que se lle sumaron docentes da titulación- está tendo un papel moi proactivo na elaboración de protocolos e na creación dun banco de recursos e materiais para motivar un vizoso achegamento ao galego.

Comezamos o curso cun aire de celebración, coa fachenda que provoca ter sido o grao seleccionado para desenvolver un proxecto de vinculación especial co patrimonio lingüístico e cultural do país, desde a profesionalización no amplo campo da Educación Social. Convertemos o Día Internacional da Educación Social nunha xornada normalizadora baixo o suxestivo título "Educación Social, motor para a estima" na que estiveron presentes a poesía, a música, o humor e a reivindicación xusta da nosa lingua no labor profesional. E seguimos.■



EXPERIENCIAS

# A pegada dos avós

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 52-57

**José Manuel Pazos Riveiro**

981204009@telefonica.net

**Fernando Souto Suárez**

fernandosoutosuarez@yahoo.es

Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica (A Coruña)

\*Todas as fotografías deste artigo pertencen a EAF/Alberto Reino

Hoxe coma onte, os que se sublevaron en contra da República e acabaron con ela din que "todo está atado e ben atado", e impuxeron o terror, a calumnias, a falsificación, a censura, o silencio, o esquecemento (Rodríguez Fer *dixit*). Basta escoitar como ladran os cans do fascismo agora que se remoeron os restos do señor do Val dos Caídos, perseguidos, detidos, torturados, paseados. Pero o silencio bourea desde as gabias, contra os valos, tras das portas.

Cada ano a Comisión da Memoria Histórica da Coruña (CRMH) prepara as súas actividades para transmitir o silencio e a memoria galega das vítimas do fascismo. E en 2011 imaxinamos pasar esa testemuña viva e sagrada das mans dos sobreviventes aos mozos, de avós a netos, da experiencia á aprendizaxe.

Así o fixemos. Analizamos primeiro a armazón legislativa e estatutaria que rexe os camiños da Memoria, e ideamos o proxecto *A pegada dos avós*, un documental que intenta afondar na reflexión e na inqueda por saber sobre o acontecido desde a sublevación de 1936 dun grupo de mozos e mozas nos seus dezoito anos, ata o encontro en distintos escenarios con "avós", persoas adultas que transmiten o silencio do seu sufrimento.

## 1. AMPARO NORMATIVO

A Lei da Memoria 52/2007 de 26 de Decembro ampara de xeito claro proxectos como o que pretendiamos poñer en marcha. Así, na súa *Exposición de motivos* manifesta literalmente que ... a Lei senta as bases para que os poderes públicos leven adiante políticas públicas dirixidas ao coñecemento da nosa historia e ao fomento da memoria democrática... Máis aínda, no seu Artigo 1.2 establece que ... mediante a presente Lei, como política pública, preténdese o fomento dos valores

*e principios democráticos, facilitando o coñecemento dos feitos e circunstancias acaecidos durante a Guerra Civil e a Ditadura...*

Pero, se for do caso procurar máis amparo normativo para poñer a andar a idea, os propios Estatutos da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña establecen no seu artigo 3 que a existencia desta asociación ten como fins, entre outros, recuperar a memoria histórica de Galiza, porque non pode entenderse o presente e construír o futuro se ignoramos o noso pasado, así como, *recuperar e divulgar a memoria histórica de todos aqueles cidadáns galegos, homes e mulleres, de moi diversas ideoloxías, ...leais á II República..., que foron asasinados, ...foron perseguidos e encarcerados até o exterminio ou tiveron que padecer a emigración e o exilio, tamén na propia terra...*

## 2. DESCRICIÓN DO PROXECTO

No ano 2011 a CRMH, sempre a partir do amparo normativo citado, dirixe o seu foco de atención, especialmente, aos mozos e mozas, á xente nova á fin, como xeito de asegurar o cumprimento dos fins para os que

foi creada. Así, decide argallar o que considera un modo orixinal de achegarse á mocidade, face-la protagonista da historia utilizando, entre outras estratexias, o emprego das TIC como medio de transmisión dos contidos que se pretende dar a coñecer. E aquí é cando toma corpo a idea da elaboración dun documental.

Facer protagonista a mocidade significa outorgarlles aos mozos e mozas a relevancia e importancia que teñen de seu, e suscitar a motivación imprescindible en calquera proceso de aprendizaxe. Pretendíase que fosen eles os protagonistas do filme, no canto de crear simplemente unha ferramenta audiovisual que lles permitise acceder aos saberes que se pretendía que fosen obxecto de transmisión.

O saber debe ser un proceso de descubrimento. Hai xa ben anos que Jean Piaget deixou dito que o saber é unha transformación da persoa, unha adaptación das súas capacidades mediante a asimilación e a acomodación. Asimilación, entendida como a incorporación de novas experiencias ou datos dos esquemas mentais preexistentes do suxeito. Acomodación, interpretada como a modificación deses es-





quemais mentais pola incorporación da nova información.

Lev Semionovich Vygotskyi, pola súa parte, engadiulle a ese proceso dialéctico de aprendizaxe do que fala Piaget en todo proceso evolutivo, a especificidade humana, o ser social. É dicir, a interacción, a vida humana en sociedade, é a que produce o pensamento e a linguaxe.

Desde estes supostos e sen propoñer ningún traballo académico, a directiva da CRMH iniciou a súa estratexia de atraer a mocidade ao coñecemento da memoria histórica cun diálogo entre o presente e o pasado, os mozos e os avós. O saber ha de ser construído en cooperación entre persoas, en interacción, solidariamente. Pero, sen lle negar nin esquecer que ese saber ten un principio de demanda persoal, o motivo de querer saber.

Esta é a parábola da aprendizaxe que, sen ningunha pretensión académica, levou adiante a CRMH:

- Os mozos *queren saber*, hai algo que os aguilloa e os move. Para ben dicir, os mozos senten a falla, o que non saben e *queren saber*.

- *Constitúense en protagonistas da busca*, o descubrimento, que todo saber significa.

- *Constrúen o seu saber, solidariamente, socialmente*. É dicir, organízanse os que non saben, para facer o camiño, e procuran as persoas que saben –as persoas que experimentaron– o que eles non saben: os avós.

Todo o desenvolvemento deste mandato dos Estatutos da CRMH da Coruña tivo o seu fundamento nun proxecto técnico, cinematográfico, que foi debullado polo equipo do cineasta Xosé Abad. Así, en primeiro lugar, seleccionouse un grupo de mozos e mozas do IES Plurilingüe *Adormideras - Durmideiras* da Coruña. Alumnas e alumnos do Bacharelato da modalidade de artes que cursan materias como Cultura audiovisual, Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC), Tecnoloxías da expresión gráfico-plástica e Debuxo artístico.

Comeza o traballo. O alumnado seleccionado elabora/colabora no guión, selecciona os avós dos que aprender do fondo documental de gravacións e entrevistas da CRMH da Coruña, realiza os contactos e entrevistas

con eles e, en definitiva, é o protagonista do filme.

### 3. A MOCIDADE

Velaí, en síntese brevíssima, o saber e o sentir que os “netos” manifestan en relación ao tema da Memoria. A zona de desenvolvemento próximo desde a que poderán aprender. A razón fundamental, cando non exclusiva, da súa selección deriva do propio ámbito no que A Pegada se inscribe:

- Luís: “*Meu avó e bisavó foron asasinados polos republicanos*”.

- Aitana: “*A miña percepción da memoria histórica é nula*”.

- Xulia: “*Aínda que sexas de dereitas non tes por que identificarte con isto. Podes ter unhas ideas ou outras, pero non tes por que ser un asasino*”.

- Carlos: “*Na casa non falaban destes temas porque non é bo nito de falar*”.

- Carla: “*Comecei neste proxecto para aprender moito del. O que non vén nos libros*”.

- Santi: “*Eu non souben ata hai uns anos que meu avó fora falanxista. Pero el sempre me dicía que era falanxista de ideas non de actos*”. “*Y hasta que fui*

mayor no supe que mi padre, un triunfador, había sido falangista y había estado pegando tiros por ahí”.

• Clara: “En España parece hoxe en día que non queremos recordar e parece que queremos olvidar, soterrar e non pode ser, porque moita xente necesita respostas”.

Estes mozos e mozas buscan “o saber que non está nos libros”, o que está na vida dos antergos, velái “a pegada dos avós”, os que viviron “no ventre da balea”. Mozas e mozos fan un camiño de aprendizaxe no que os coñecementos estarán inzados de sentimentos. Saber de vida.

#### 4. OS AVÓS. O PASADO NON AUSENTE. O PASADO PRESENTE

Estes “avós”, estes adultos, son carne de sufrimento. Fillos de home e muller asasinados pola única causa das súas ideas políticas. O seu saber está sintetizado en entrevistas realizadas polos mozos/as que van aprender.

Mary Luz Villaverde Otero, filla de José Villaverde Velo, Secretario Xeral da Confederación Xeral Galaica da CNT, tallista, director de xornais obreiros, foi detido nos primeiros intres da sublevación. Negouse a ocupar os postos que lle ofreceron os rebeldes na nova Central Obrreira Nacional Sindicalista. O seu cadáver apareceu coa cabeza desfeita na praia de Sabón-Arteixo en setembro do 1936.

“Era director de un periódico anarcosindicalista. Daba mítines. Dejó la CNT porque era muy violenta”.

“La figura de mi padre envolvía un misterio (para nosotras sus hijas), pero como en nuestra casa nos hicieron la vida tan bien ... tú (yo) algo sabía de que no tenías padre. No que había muerto, sino que lo habían matado”.

“A mi padre le presentaron la papeleta: si se pasaba a Falange le salvaban la vida, si no... mi

padre quedó en una cuneta. Un falangista amigo vino a nuestra casa para decir si queréis recoger a Pepe Villaverde de donde le dejaron muerto (25 de setiembre 1936 nos campos de Sabón, Oseiro, Arteixo)... allá fueron de noche el abuelo y el tío Joaquín y lo enterraron fuera de los muros de la iglesia porque no querían ningún trato con ella”.

Gabriel Toimil García, fillo de Amada García. (Gabriel faleceu o 2 de Maio de 2014).

“No amencer do 27 de xaneiro de 1938, no castelo de San Filipe, boca da ría de Ferrol, dúas descargas de mosquetóns dos soldados e catro disparos do oficial ao mando do pelotón de fusilamento deron fin á vida de Amada García Rodríguez, de 28 anos, de Mugardos, e sete presos máis... condenados a morte por ter defendido a legalidade republicana en xullo de 1936. Minutos antes da execución, Gabriel, o fillo que Amada parira estando presa pendente de xuízo, foille entregado á súa familia”.

Este é o estarrecedor relato que da execución de Amada escribe o historiador Bernardo Máiz Vázquez. Este relato axuda a comprender o sucedido, porque Gabriel na primeira entrevista cos mozos que queren saber, parece querer desculpase dicindo: “yo te puedo hablar a partir de la muerte de mi madre. Mi infancia no la conocí muy bien. Mi padre puso a mi hermana con él. A mí, con los abuelos”.

“Mi madre, Amada, no era violenta... era católica, apostólica, romana. Iba a misa. La mataron porque era republicana. En el juicio fue acusada por Manuel Vázquez Fariña de ser comunista de acción, que alternaba en mítines y dirigía la palabra alterando a las masas para que cometieran todo tipo de salvajadas. (Pero la verdad es que) este Vázquez Fariña le tiraba los tejos a mi madre y al ver que no conseguía nada prometió ven-

garse. Esa fue la razón de por qué la delató”.

#### 5. A APRENDIZAXE, O SABER CONSTRUÍDO.

O alumnado fala por si mesmo. As súas palabras son un fiel reflexo de que outras moitas iniciativas semellantes deben levarse a cabo para non perder a Memoria, para que as novas xeracións teñan Memoria.

• Luís: “Ver como sufriron chegoume moi dentro. Non pensaba que me ía afectar tanto a historia dos avós. É preciso que se fale do franquismo como o que foi: un período de ditadura no que houbo moita represión e pouca liberdade. Que se denuncie tal como foi”.

• Aitana: “A medida que avanzaba o proxecto, os meus sentimentos cambiaron radicalmente. Pasan da ignorancia á rabia, moita rabia, a medida que avanzabamos e sobre de todo, o día que estivemos con Gabriel, dar-me conta da inxustiza e do medo. Sobre todo, rabia, por dar-me conta do país no que vivo. E que foi non hai tantos anos”.

• Xulia: “É imposible quedar indiferente. Simplemente aparecen as ganas de saber e descubrir máis e darlle xustiza a esas persoas que morreron defendendo unhas ideas brillantes, unhas mentes difíciles de atopar, que morreron por ser fieis aos seus principios”.

• Carlos: “Ten sentido recuperar a memoria aínda que xa pasasen moitos anos, porque hai moita xente que non pode vivir tranquila, que cada día pensa no pai, na nai... o tío. É moi importante para estas familias saber a realidade, (o que sucedeu)”.

• Carla: “Contándonos a súa historia, Gabriel e Mariquiña chegan dentro e dáste conta do que sufriu a xente. Non esperaba que a súa historia me fose afectar tanto”.

- Santi: *“A matanza falanxista foi algo premeditado, calculado, algo que estaba organizado polo goberno. Na sociedade actual non se pode organizar a morte do ser humano. Ninguén pode decidir quen debe vivir e quen non. Iso non é así. Xa aprendín por tres formas distintas que foi o que pasou: por parte dos que realmente o viviron, por parte dos que se documentaron, os historiadores; e pola miña propia parte. Aínda que sexan fontes distintas, todas coinciden en que o que aconteceu e os sufrimentos da xente, iso sucedeu e aínda que o queiran tapar é un feito histórico que non pode ser esquecido”.*

- Clara: *“Quizais a xente moza debería coñecer estas historias ou se cadra, ver un muro cheo de balas para darse conta de que en España pasaron moitas cousas e que pechar os ollos diante delas é unha irresponsabilidade”.*

## 6. SILENCIO

*“O silencio bótase a andar coa vontade manifesta –Mola dixit- de facer desaparecer, de borrar calquera pegada das persoas que foron arrincadas das súas casas ou arrastradas desde a cadea”* para seren masacradas por toda caste de asasininos e fascistas.

Houbo e aínda hai unha intención de sementar o terror, mediante a violencia e o silencio extremo, para raspillar a memoria de todas aquelas persoas que participaron, sentiron e loitaron por vivir nunha sociedade máis xusta e libre. E conseguírono. De moitísimos non fica nin ren, esvaéronse e desapareceron. Como se non existisen.

O silencio impera. Van alá tres cuartos de século e segue sendo imposible, en moitos casos, recoller datos e referencias do acontecido, nin orais nin escritos, oficiosos nin oficiais. Moi frecuentemente destruíronse os arquivos da Falanxe, os da policía de provincias, os rexistros dos cárceres, os dos Gobernos

Cívís. Mesmo os concellos se desfizeron de toda a documentación e remataron por vender ese papel ao peso!!! Aínda hoxe se atranca e rexeita a consulta de Rexistros Cívís e arquivos do Exército e da Garda Civil.

Os tres parágrafos precedentes son un apartado do relatorio *O pasado non ausente. A pegada do franquismo, 1936 – 2018. Horror, sufrimento e silencio*, que os autores deste artigo presentaron no curso sobre Memoria Histórica para traballadores/as do Concello da Coruña, futuros responsables da Oficina de Atención ás Vítimas, curso patrocinado pola Cátedra da Memoria Histórica da Universidade da Coruña.

Ten o seu aquel incluílo aquí, porque o silencio forma parte da traxedia da sublevación; máis aínda, é a sublevación que non acaba e que non rematará se non se cumpre o mandato que emite o relator da ONU, o 18-IX-2018, para que se substancie e estableza a Verdade, a Xustiza e a Reparación. Manda-



©EAF/ Alberto Reino





to que, explicitamente, di que se ten que satisfacer o dereito das vítimas, de toda caste, a saber dos restos dos seus parentes, recuperados de tanta gabia, pozo ou tapia.

O silencio e a deturpación da verdade do acontecido na sublevación é tan atroz coma teimuda. Temos, neste documento, dúas testemuñas:

- *A do xuíz Baltasar Garzón*, denunciando a inxustiza da que el mesmo foi vítima sendo apartado da carreira xudicial por querer saber.

- *A deturpación que Gabriel Toimil fai da súa nai, Amada García*. Basta contrastar a súa versión coa exhaustiva investigación que realizou Bernardo Máiz Vázquez no libro que se cita na bibliografía.

Velaí o exacto sentido e fondo valor da Recuperación da Memoria Histórica, a razón de ser de empresas coma esta da *Pegada dos Avós*: dar a coñecer o pasado para que nunca máis se repita.

Para máis información sobre a experiencia: [www.apegadadosavos.com](http://www.apegadadosavos.com) (acceso do 13/12/2019).■

- ABAD, X. (2013). *A pegada dos avós*. A Coruña, EAF Producións.
- BEEVOR, A. (2005). *La guerra civil española*. Barcelona: Crítica.
- CASTILLA DEL PINO, C. (1984). *Introducción a la Psiquiatría I y II*. Madrid: Alianza Editorial.
- CASTILLA DEL PINO, C. (2000). *Teoría de los sentimientos*. Barcelona: Tusquets Editores.
- DIEGUEZ CEQUEL, UXIO-BREOGÁN (coord.). (2018). *Represión franquista e Memoria Histórica alén e aquén mar. Pasado e presente*. A Coruña: UDC-Cátedra da Memoria Histórica
- FERNÁNDEZ, E. (ed.). (2009). *A fuxida do Portiño. Historia, Memoria e Víctimas*. Vigo: A Nosa Terra.
- GRANDÍO, E. (2004). *Política e provincia. A Deputación da Coruña na IIª República*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- GRANDÍO, E. (coord.). (2006). *Anos de Odio. Golpe, represión e Guerra Civil na provincia da Coruña, (1936-1939)*. A Coruña: Editorial da Deputación Provincial.
- GRANDÍO, E. (coord.). (2011). *Vixiados. Represión, investigación e vixiancia na Galicia da Guerra Civil (1936- 1939)*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- LAMELA, L. (1991). *Pepe Miñones, Un crimen en la leyenda (1900-1936)*. Sada: Edicións do Castro.
- MÁIZ VÁZQUEZ, B. (2017). *Amada García e os seus arredores*. Ferrolterra: Ed. Embora.
- MORADIELLOS, E. (2000). *La España de Franco (1939-1975). Política y Sociedad*. Madrid: Síntesis.
- PEREIRA, D. e FERNÁNDEZ, E. (2006). *O movemento libertario en Galiza 1936-1976*. Vigo: A Nosa Terra.
- PIAGET, J. (1983). *El lenguaje y el pensamiento en el niño*. Buenos Aires: Ed. Guadalupe.
- PRESTON, P. (2011). *El holocausto español. Odio y exterminio en la Guerra Civil y después*. Barcelona: Debate.
- Proxecto Nomes e Voces. (2011). *Represión franquista na provincia de A Coruña*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- RAGUER, H. (2001). *La pólvora y el incienso. La Iglesia y la Guerra Civil española, 1936-39*. Barcelona: Península.
- RUÍZ-VARGAS, J.M. (2006). "Trauma y memoria de la Guerra Civil y de la dictadura franquista". *Hispania Nova. Revista de Historia Contemporanea*, 6.
- SANTOS JULIÁ, (Coord). (2006). *República y Guerra Civil en España (1931 - 1939)*. Madrid: Espasa.
- VELASCO SOUTO, C. F. (2011) "Memoria histórica e represión franquista na Galiza". *Murguía, Revista Galega de Historia*, 23/24, 73-96.
- VELASCO SOUTO, C. F. (2012). *Franquismo serodio e Transición democrática na Galiza, 1960-1981*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- VYGOTSKY, LEV S. (1973). *Pensamiento y Lenguaje*. Buenos Aires: Editorial La Pléyade.
- VV.AA. (1995). "As horas secuestradas. Vida cotiá no franquismo". Vigo. *Semanario A Nosa Terra, Cadernos de Pensamento e Cultura*, nº 18.



# “Os nazis non eran monstros”: metodoloxía de ensino do Holocausto

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 58-60

**Xoán Manuel Garrido Vilariño**

IES Politécnico de Vigo

[garridovilarino@edu.xunta.es](mailto:garridovilarino@edu.xunta.es)

Grupo de Investigación TI4, T&P (Universidade Vigo)

[garrido@uvigo.es](mailto:garrido@uvigo.es)

Neste artigo propoñémosnos a maneira de transmitir ao alumnado de secundaria o Holocausto e os relatos de vida dos vencidos da Historia do 36 que acabaron nos campos da morte nazis. O obxectivo que tentamos acadar é rescatar a memoria da vítima e que o alumnado empatice con ela expondo historias de vida de persoas anónimas perseguidas polos totalitarismos do século XX para logo comparalos co tratamento que Europa lles ofrece aos refuxiados do século XXI. O elemento relevante desde o punto de vista educativo consiste na comparación do tempo pasado co tempo presente e analizar as similitudes e diferenzas que existen na percepción do *Outro*. O relato da nosa experiencia estrutúrase do seguinte xeito:

- Comezamos coa metodoloxía que adoptamos na representación dos axentes que interveñen no Holocausto, vítimas, colaboradores e perpetradores, poñendo o foco nestes últimos.

- Logo describiremos algunhas actividades que realizamos nos espazos comúns do centro educativo, que procuramos compartir realizando vídeos que logo subimos a Youtube, así como unha experiencia de aula.

## REPRESENTACIÓN DOS PERPETRADORES

Os nazis son tratados na maior parte das representacións que nos chegan deles a través das disciplinas que os describen e nos diferentes medios audiovisuais coma monstros, e porén, eran persoas normais, educadas e cultas. Sítualos na esfera da excepción, alimentada por unha estética hiperrealista atraente, sitúalos fóra da humanidade, coma unha especie de seres ideais aos que admirar e, en consecuencia, as atrocidades que cometeron en forma de exterminio masivo de persoas quedan situadas na esfera da ficción

ou da dúbida. Se se presentase o nazismo coma unha ideoloxía seguida coma unha fe por millóns de persoas correntes coma nós e non coma monstros ou seres de excepción, obrigaríanos a pensar que se vivísemos naquel momento histórico, quizais nós mesmos, en última instancia, nos converteríamos en colaboradores, observadores pasivos e/ou perpetradores do xenocidio e non existiría na actualidade a negación do Holocausto nin o rexurdimento de partidos neonazis. Como establecía Primo Levi no apéndice á edición escolar italiana de *Se isto é un home* (1975):

*“Os monstros existen, pero son pouquiños para seren realmente perigosos: máis perigosos son os homes comúns, os funcionarios dispostos a crer e a obedecer sen discutir coma Eichmann, coma Höss, comandante de Auschwitz, coma Stangl, comandante de Treblinka, coma os militares franceses de vinte anos despois, masacradores en Alxeria, coma os militares americanos de trinta anos despois, masacradores en Vietnam”*(Levi, 2019, p. 275)<sup>[1]</sup>.

## ACTIVIDADES NOS ESPAZOS COMÚNS DO CENTRO

Faise necesaria unha transmisión e ensino da memoria histórica baseada nunha metodoloxía que axude a pórse no lugar do outro, que expoña o alumnado aos dilemas aos que se enfrenta o ser humano en situacións de emerxencia vital e que rescate a memoria da vítima desde unha perspectiva galega. Estes son obxectivos principais que se pretenden acadar coa materia de libre configuración de “Holocausto e Memoria” que impartimos no IES Politécnico de Vigo desde 2013. Visto as escasas accións institucionais para lembrar as vítimas galegas do Holocausto

to coma os republicanos exterminados en Mauthausen, baixo a rúbrica de apátridas, consideramos un deber de memoria rescatalos para a nosa actualidade, xa que esquecelos ou facer coma se nunca existisen, debilitanos como sociedade. Da mesma maneira, procuramos manter viva a memoria daqueles superviventes dese mesmo campo que deixaron os testemuños en documentos audiovisuais, coma Joaquín Balboa na TVG.

## ACTIVIDADES NO IES POLITÉCNICO DE VIGO PARA A CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL EN MEMORIA DAS VÍTIMAS DO HOLOCAUSTO

1. Mostra «Galegos en Mauthausen» no espazo expositivo do centro .

2. Todos os grupos de 1º Bacharelato do centro están convocados para:

a. Proxección do documental «Mauthausen: regreso ao campo da morte» (22/01/18, ás 17.40)

b. Conferencia de Heladio Anxo Fernández Manso «Joaquín Balboa, de Monterrei ao campo de concentración de Mauthausen» (29/01/18, ás 17.00), e de Mercedes Núñez Targa, que deixou os seus como vítima dos cárceres franquistas e nazis.



[1] Levi, P. (2019). *Se isto é un home*, tradución de italiano a galego de Xoán Manuel Garrido Vilariño, p. 275. Vigo: Edicións Xerais.



3. Finalmente, reivindicamos as accións de rescate de xudeus realizadas polas irmás Touza de Ribadavia coma un acto de coraxe e valentía en medio da represión franquista.

4. Con exposicións e vídeos como "Educar a mirada do Holocausto"<sup>[2]</sup> (2014) e "Outro Holocausto é posíbel"<sup>[3]</sup> (2016) creamos un espazo de educación e memoria onde propomos unha achega interdisciplinaria que eduque para a convivencia e contra a discriminación do *Outro*, do diferente, e así contribuír á erradicación de prexuízos relacionados coa xenofobia, o racismo, a condición sexual e a aporofobia.

Unha das maiores dificultades que encontramos consiste na reprodución ou emulación das condicións sociais e políticas que existían durante os anos do

[2] Rodríguez Travieso, María Laura [Galiza Única] (2015, outubro 24). Educar a mirada. Recuperado de <https://www.youtube.com/watch?v=N59AsK34zro>

[3] Rodríguez Travieso, María Laura [Galiza Única] (2017, maio 28). Outro Holocausto é posíbel. Recuperado de <https://www.youtube.com/watch?v=4KLZRXpPyxw>.



nazismo para que o alumnado relacione a experiencia daquela época coa súa actual, e así deduza os paralelismos que se poden establecer. Con todo, non faltan na actualidade situacións de persecución e humillación coma as dos refuxiados encerrados nos campos de concentración.

Os seres humanos situados detrás dos arames de espiño sufriron o mesmo proceso de alienación, tanto os perseguidos polo nazismo dos anos corenta do século pasado coma os nosos refuxiados sirios, por exemplo. Cando o alumnado consegue situarse no lugar do *Outro* é capaz de realizar a identificación coa vítima e, mesmo, chegar a comprender a posición dos observadores pasivos, pero en ningún caso entenderá as razóns do perpetrador, en gran medida porque a imaxe que ten del é a dun monstro cheo de maldade. Agora, cando se insire o perpetrador dentro dun contexto totalitario de adoutramento sobre a superioridade da raza aria e a necesidade de conquista de espazo vital para sobrevivir - o que implicaba a eliminación das razas inferiores-, daquela é cando o público estudantil pode chegar a entender que moitos alemáns cometesen asasinatos en masa. Mostrando que os nazis eran persoas normais adestradas para contemplar os xudeus, os xitanos, os rivais políticos, os discapacitados, os homosexuais e as testemuñas de Xehová como non-persoas,

pódese levar o alumnado a reflexionar sobre a idea de que calquera pode chegar a ser un perpetrador e que non é difícil pasar a fronteira da ética e dos valores humanos. Os que colaboraron e colaboran cun réxime totalitario decidiron nalgún momento pórse do lado opresor porque lles conviña como medio de ascensión social por exemplo, de aí que representalos coma monstros sexa contraproducente como maneira de transmitir o Holocausto, porque ninguén se vai identificar cos asasinatos.

### ACTIVIDADES DENTRO DA AULA

Se estes exercicios de poder humillantes os trasladamos a unha dinámica de aula, comprobamos que aparecen os mesmos axentes: perpetradores, observadores pasivos e vítimas. Os primeiros acosan os que son considerados diferentes mediante micromachismos, microrracismos, microxenofobismos, etc. Estes están presentes en chistes e insultos degradantes que forman parte de usos e costumes que a nosa sociedade transmite inconscientemente; por iso, a nosa función docente é pór de relevo que esas frases feitas que atacan a construción da identidade sexual ou que sinalan ao *Outro* como diferente pola súa cor de pel, por exemplo, son formas de alienación.

### CONCLUSIÓN

A idea que se pretende transmitir, pois, é que foron seres humanos os que cometeron o Holocausto, e que, dependendo do azar da historia, calquera pode ser vítima, observador pasivo ou perpetrador. De aí que as sociedades modernas e maduras, a través da educación nas escolas, teñen a responsabilidade de alertar sobre calquera dogmatismo dos aparatos ideolóxicos dos Estados que exclúan as persoas consideradas diferentes. ■



EXPERIÊNCIAS

# Pintando a Terceira República

REVISTAGALEGA  
DE EDUCAÇÃO  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 61-63

John Thompson

Montana State University

[john.thompson@montana.edu](mailto:john.thompson@montana.edu)

Cando se asiste a unha reunión organizada por unha asociación de memoria, hai decote un ambiente que fai sentir a un animado e esperanzado de que a xustiza tan ansiada está á volta da esquina. A afinidade ideolóxica entre os asistentes e a celebración dos ideais republicanos que, pese a corenta anos de fascismo e corenta de esquecemento democrático persisten no presente, semellan unha proba fidedigna de que algún día se proclamará a Terceira República e se marxinará o franquismo social dos foros públicos. Porén, sen restar importancia á repercusión social e política que xera o movemento memorialista, existe un grande problema do que a comunidade republicana non se está a decatarse, que é a falta abismal da presenza de mocidade nos seus actos reivindicativos. Malia amosarse este fenómeno en toda España, a esquerda aínda non forxou un discurso que arrostre esta situación. A consecuencia lóxica desta tesitura será a morte do legado republicano, que

conducirá á ignorancia, á desorientación, ao desarraigo dos cidadáns. A sociedade do futuro, máis que a actual, erixirase sobre a Mentira, o cal abrirá as portas a unha nova ditadura. Se isto ocorrer, o soño totalitario de Franco de apagar da Historia os seus crimes de lesa humanidade atinxirá o seu máximo obxectivo.

### OS MONUMENTOS, A ARTE ACTIVISTA E PINTA PASADO, CREA FUTURO

*Pinta Pasado Crea Futuro* foi unha iniciativa memorialista que realizamos en xuño de 2016 co propósito de implicar a xuventude no activismo republicano. Alén da preocupación pola ausencia dos rapaces e rapazas, houbo outros factores que nos motivaron a organizar o proxecto. En 2010 comezamos a pesquisar os monumentos conmemorativos que se levantaron en Galiza desde finais do século pasado. O que durante anos nos semellaban intervencións loábeis e útiles á hora de trans-

mitir á sociedade o coñecemento dos crimes fascistas e o afecto ligado a eles, acabou en desilusión porque co tempo decatámonos de que estes lugares de memoria son, agás contadas excepcións, pouco efectivos. Primeiro, a grande maioría dos transeúntes non sabe o que significan, como puidemos comprobar nas varias enquisas que fixemos nos lugares en cuestión, debido a que nin os promotores nin os artistas se molestaron -na maioría dos casos- en fornecer explicacións. E cando hai placas descritivas, non adoitan ser suficientemente claras e poden chegar mesmo a distorsionar os feitos ou minimalizalos. Un exemplo ilustrativo é o monumento de Ares que pretende homenaxear os galegos da zona que foron deportados por Franco ao campo de concentración de Mauthausen: "Aos nosos veciños en Mauthausen" reza a placa, que parece suxestionar que as vítimas foron alí de ferias.

Por outro lado, impera nos promotores dos monumentos un



fetichismo verbo da súa función. Unha vez levantada, é como se a construción encarnase un fragmento da memoria histórica que transmite día e noite a súa lección. O material devén nunha entidade activa e capaz de lembrar por nós. Este fetichismo pode daquela levar os axentes da memoria a sentírense satisfeitos e a afrouxaren a afouteza precisa nos seus labores. O certo é que estes lugares só funcionan se foren obxecto de reflexión, se se usaren como catalizadores de comunicación e transmisión. Se non se comprender o monumento deste xeito, unha vez emprazado faise invisíbel<sup>[1]</sup>. Só o grupo que o levantou, e poucos máis, saberán a súa significación, o cal apunta a que as construcións conmemorativas serven as máis das veces como excusas para non seguir elaborando e difundindo a memoria histórica.

A idea de *Pinta Pasado* orixínouse grazas a un artigo publicado pola muralista latina Judith Baca, nativa dos Ánxeles (EUA). No final da década 1970 a artista pintou coa colaboración de centos de mozas e mozos - sobre todo de minorías étnicas - o que se deu en chamar "The Great Wall of Los Angeles" [O Grande Muro dos Ánxeles], que é un dos murais máis longos do mundo. O obxectivo de Baca era crear unha comunidade que se vencellase á historia de California vista desde a óptica das vítimas. Os rapaces e rapazas aprenderon sobre esta historia e Baca pintou as imaxes que se lles ocorreron ao longo do traballo<sup>[2]</sup>.

Na arte activista, a noción modernista do creador que se illa do mundo é substituída por

unha figura militante nunha ou varias causas progresistas. Os artistas queren que as súas obras interactivas teñan unha repercusión social e política na sociedade. Os dous conceptos claves son "comunidade" e "apoderamento."<sup>[3]</sup>A arte debe crear unha ou varias comunidades e apoderar o pobo.

Así e todo, a participación que permite calquera proxecto de arte activista - agás ocasións especiais - é moi limitada. Trátase case sempre de intercambios superficiais entre o artista e as persoas que acoden á súa *performance*, e é por esta razón que os medios de comunicación son esenciais para os artistas poderen transmitir á sociedade as mensaxes desexadas. No caso de Baca, os seus proxectos son abondo máis participativos que outros que practican este subxénero, mais a visión da arte activista que ten é moi semellante á dos outros. Esta visión dá por sentado que o artista domina o proxecto, toma as decisións do que se fai ou non. Baca polo tanto actúa como un canalizador da creatividade do seu grupo. Nas súas publicacións os participantes apenas aparecen e os poucos que menciona son descritos como empregados fieis e non persoas que, mediante a súa experiencia, adquiren o saber-facer para poderen realizar os seus propios proxectos.

Nós (a artista e mais eu) queríamos ir alén do procedemento de Baca. Fixemos entón o papel de facilitadores, mentres que todas as decisións foron tomadas polas persoas participantes, que tiñan entre dezaseis e dezaoitto anos. Se a maior preocupación de Baca parece ser a calidade artística dos seus murais, para nós a calidade non tiña importancia. O obxectivo era que as rapaces e os rapaces, a tra-

vés da súa aprendizaxe, creasen eles o seu propio patrimonio republicano. E para iso era un *sine qua non* que controlasen o proceso e pintasen elas/es o mural.

A metodoloxía que artellou o proxecto baseouse na pedagogía crítica. As teses que nos guiaron tirámolas de Paulo Freire e Miles Horton, cuxo método basilar é crear situacións por medio das cales as persoas descubren elas propias como comprender e facer as cousas<sup>[4]</sup>. O alumnado español hoxe aprende sobre os devanditos acontecementos, mais non ten oportunidades de levar os seus coñecementos á práctica. Encanto o ensino se fixer deste xeito, a memoria histórica seguirá a ser para a mocidade un asunto privado e intanxíbel.

*Pinta Pasado, Crea Futuro* podería ser o inicio doutros proxectos que involucraren á xuventude na memoria histórica. As asociacións de memoria son as entidades máis axeitadas para organizaren tales proxectos, aínda que tamén poden xogar un papel importante os centros educativos. A democracia, ou cando menos a calidade dela, dependerá en grande medida da conciencia histórica que tiveren as futuras xeracións. Ao pintar o pasado, a mocidade e a súa descendencia crearán sociedades alicerzadas nas certezas, non nos mitos. ■

[1] Huyssen, Vide Andreas (1999). *Monumental Seduction. Acts of Memory: Cultural Recall in the Present*. Ed MiekeBal, Jonathan Crewe e Leo Spitzer. Hanover: University Press of New England.

[2] Lacy, Suzanne (1995). *Whose Monument Where? Public Art in a Many-Cultured Society. Mapping the Terrain: New Genre Public Art*. Seattle: Bay Press.

[3] Kester, Grant (2004). *Conversation Pieces: Community and Communication in Modern Art*. Berkeley: University of California Press.

[4] Horton, Miles (1998). *The Long Haul: An Autobiography*. New York: Teachers College Press.

## Sabela Díaz Regueiro e a pedagogía Freinet na escola de Pantín (Valdoviño): tres décadas de educación con conciencia (1985-2005)



REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 64-67

Carla Pérez Cabanas

Graduada en Mestra de Educación Infantil pola Facultade de Formación do Profesorado (Campus Terra, Lugo), Universidade de Santiago de Compostela

carla.perez.cabanas@gmail.com

Existen en Galiza profesionais da educación que son unanimemente consideradas, por parte do colectivo docente, como referentes no emprego de técnicas Freinet na escola. Unha delas, sen lugar a dúbidas, é a mestra Sabela Díaz Regueiro. A súa talla pedagóxica, alén doutras facianas da súa biografía, merece o noso recoñecemento e a difusión e posta en valor do seu maxisterio freinetiano, o que, logo dun primeiro achegamento a través dun traballo de fin de grao, pretendemos continuar con esta pequena contribución.

Sorpresivamente, e a pesar de que Sabela ten publicado en varios momentos e soportes (mesmo nesta revista: véxase ao respecto o apartado *Referencias*) diferentes artigos sobre a súa non convencional actividade pedagóxica, o certo é que ata o momento non se tiña estudado a súa traxectoria pedagóxica como se merece, e a difusión (limitada) da súa acción educadora chegábanos sobre todo a través da súa implicación como membro do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega ou en encontros de innovación pedagóxica ou educación no medio rural (un dos últimos, o *X Encontro de debate sobre o medio rural galego*, realizado en marzo-abril 2017 en Sedes, Narón). É a nosa intención, pois, contribuír a corrixir esta situación histórica e difundir a obra desta mestra excepcional para recuperar a nosa memoria histórico-educativa, achegándoa ás novas xeracións de docentes de educación infantil e primaria.

### INTRODUCCIÓN

Na parroquia de Pantín (Valdoviño) existe un edificio, hoxe abandonado, no que unha mestra dedicou con intensidade 20 anos da súa vida. Sabela Díaz Regueiro, coma outras mestras galegas que asumiron a pedagogía freinetiana, chegou a em-



pregar na súa escola as técnicas propias desta pedagogía, elaborando e personalizando outras de similar orientación.

Amáis disto destacou pola súa militancia en favor do rural galego e pola maneira de incorporar a comunidade na escola, comprometéndose así co desenvolvemento sociocultural, así como no tratamento da diversidade na aula.

### BIOGRAFÍA MÍNIMA

Sabela comezou estudando “decoración de interiores” en Madrid. Posteriormente decidiu marchar a Francia e unha vez alí nos primeiros anos setenta do século XX, na Universidade da Sorbona, en París, amáis de francés estudou sobre España, política, economía, e algo sobre Latinoamérica no UER de Estudos Ibéricos e Hispanoamericanos. De alí regresou a Madrid onde comezou un traballo na cooperativa de pais e mestres do Colexio de Trabenco-Entrevías (unha cooperativa de ensinantes transformadores), onde participou na escola de pais na que se traballaba tomando en consideración as propostas de Paulo Freire e onde iniciou as súas primeiras experiencias de correspondencia escolar. Posteriormente realizou “por libre” os estudos de maxisterio, conseguiu praza no sistema público e comezou a exercer nos seus primeiros destinos.

### CONTACTO COA PEDAGOXÍA FREINET

Sabela implícase coas técnicas Freinet en 1975 tendo relación co grupo ACIES de Granada e de Madrid (Asociación para a Correspondencia e a Imprenta na Escola, que tamén nese momento estaba a dar os seus primeiros pasos en Galicia<sup>[1]</sup>) a raíz

[1] ACIES pasou a denominarse Movemento Cooperativo de Escola Popular, que en Galicia coñecemos como MCEPG e que, entre outras accións, editou a revista pedagóxica “As Roladas-2” entre 1978 e 1981. A maior parte dos seus membros incorporábase en 1983 a Nova Escola Galega.



Traballando a horta...  
e a fantasía disfrazada da fada Didí.





Traballo en braille.

do cal, e debido ao seu forte interese por dita pedagogía, continuou asistindo a congresos tanto nacionais como internacionais (en países coma Francia, Polonia...) así como formando parte do MCEP e da escola de Rosa Sensat, aos cales asistiu en diversas ocasións.

### EXPERIENCIA PANTINESA

A ensinanza nesta pequena escola unitaria estaba intimamente ligada á metodoloxía freinetiana, unha metodoloxía democrática e destinada ás clases populares, unha escola aberta á vida, á familia, ao entorno vital, á actividade económica, política, social e cultural da nosa contorna próxima, pero tamén á actualidade, ás noticias e aos aconte-

cementos, os cales permiten un maior coñecemento dun mesmo e do mundo que nos rodea.

A aprendizaxe estaba baseada nunha metodoloxía natural e cooperativa que desenvolvía a través das seguintes actividades: o horto escolar e os animais, a correspondencia escolar, as excursións, os programas de radio, as entrevistas, a colaboración das familias e da comunidade e as artes plásticas, entre outros.

Como mencionamos anteriormente, un dos principios fundamentais de Sabela é a importancia da natureza, polo que cultivar na escola non só era unha maneira de aproveitar ese traballo para o xantar, senón unha maneira de aprender unha gran

cantidade de aspectos acerca dos alimentos e da importancia dun bo hábito alimentario, e un modo de dispoñer de animais, o que propiciaba o coñecemento pero tamén diversas tarefas de coidado e responsabilidades.

En canto á correspondencia escolar, debemos sinalar que esta amplía os horizontes afectivos, culturais e sociais á par que motiva a aprendizaxe do propio e do alleo. A escola de Pantín logrou en certo sentido ser unha escola "internacional", mantendo contacto cunha gran cantidade de escolas, tanto dentro do noso país como fóra del.

Outra das actividades fundamentais eran os programas de radio, os cales tiñan como obxecto converter os/as nenos/as en artífices do seu traballo, facéndoo, seleccionando a información, compartíndoa etc. É dicir, aquelas actividades que facían na escola, o que máis lles gustaba, anécdotas, experiencias... Estes programas formaron parte da sección infantil "Detectives Verdes" da Radio Galega.

As entrevistas son unha maneira de traballar acerca dun tema concreto dunha maneira práctica e motivadora para as nenas e os nenos, coñecendo e comprendendo ese determinado labor, afección... de primeira man, achegándonos así ao medio social e cultural propio do noso entorno, que neste caso é Pantín, coñecéndoo e valorándoo. Fixéronse entrevistas a persoas de Pantín sobre cousas que se estaban traballando en distintos momentos na escola, ou que lles interesaban aos nenos e nenas: entrevistas a mariscadores do pobo, mecánicos, surfistas etc.

As excursións eran outro punto clave do quefacer pedagóxico desta mestra, como unha forma tanto de aprender novos coñecementos sobre o territorio como de extrapolar todas as



Maio de 1986.

aprendizaxes recibidas na aula ao mundo exterior, complementando as mesmas, observando directamente o aprendido, tocándoo, vivíndoo... ao mesmo tempo que se trata dunha actividade lúdica que a miúdo adoita engaiolar os nenos e nenas.

Dentro delas atopamos as peregrinaxes a San Andrés de Teixido e a Santiago, ambas en compañía das familias, saídas por acontecementos circunstanciais (a seca nas Forcadas, o castro que destaparon debido ás obras na estrada...), excursións en tren ou en barco programadas intencionadamente para ir neses medios de transporte e saídas de observación natural con recollida de material natural para os traballos da escola: murais, herbarios etc.

As artes plásticas eran unha forma activa de chegar ao coñecemento, unha forma de expresar todo o que cada un de nós levamos dentro. Realizábanse unha gran cantidade delas, tales

como: murais de pintura, traballos de cosido e bordado, cerámica, barro, elaboración de bonecos etc.

A colaboración das familias e da comunidade era vital e podémola atopar tanto en actividades da escola como poden ser as entrevistas, os talleres, os obradoiros... coma nas saídas fóra do ámbito escolar, como foi participar na vendima, na esfolia, na recollida da castaña, na limpeza do río, na elaboración de alfombras florais para as festas... amais das excursións de maior duración.

### REMATE

A pedagogía Freinet, unha das máis destacadas da historia da educación, non só é pasado senón tamén presente e futuro: é posíbel continuar empregándoa nos nosos días por todas as súas achegas ao mundo dos infantes, á par que cumpre e respecta a normativa educativa actual. A experiencia profesional de Sabela Díaz Regueiro é un

bo exemplo. Experiencias como a súa non deben quedar relegadas ao esquecemento, xa que é posíbel adaptalas na actualidade satisfacendo así as demandas da sociedade na que nos atopamos e, ao mesmo tempo, poñendo en valor a vida no mundo rural, as escolas unitarias e as aulas multigrao. ■

- DÍAZ REGUEIRO, S. (1991). *A Voz de Pantín*, nº 1.

- DÍAZ REGUEIRO, S. (1992). *A Voz de Pantín*, nº 2.

- DÍAZ REGUEIRO, S. (2006). "Alegato polas escolas unitarias desde a escola unitaria de Pantín". En *Mesa Galega de Educación no Rural, A educación no rural en Galiza*. Sada: Eds. do Castro, pp. 59-67.

- DÍAZ REGUEIRO, S. (2006). "As comunidades de aprendizaxe dende a escola de Pantín". *Revista Galega de Educación*, 36, 76-84.

- PÉREZ CABANAS, C. (2017). *Sabela Díaz Regueiro e a pedagogía Freinet na escola de Pantín (Valdoviño)*. Traballo de fin de grao (Grao en Mestra de Educación Infantil), Facultade de Formación do Profesorado, Lugo.

## A OSMOPE do Porto. Unha escola “curricularmente intelixente”



REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 68-70

Ana Parada Gañete

Investigadora en formación

Universidade de Santiago de Compostela

ana.parada@usc.es

“Para aprender é preciso saber vivir.

Para crescer é preciso aprender a viver a mudança.”

PEC da OSMOPE

A frecuencia e intensidade das relacións entre a familia e a escola, e o grao de participación destas no proceso educativo dos seus fillos e fillas son indicadores de calidade dun Centro Educativo (Marchesi e Martín, 2014), polo beneficio que supón para o centro no seu conxunto -alumnado e profesorado- e tamén para as propias familias (García-Bacete, 2003).

Baixo esta premisa, na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela (USC) propuxémosnos buscar “boas prácticas” de relación familia-escola que favorecesen a escolarización nos Centros Ordinarios do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE); é dicir, “aquele alumnado que require, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao Sistema Educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar” (artigo 32º do Decreto 229/2011, de atención á diversidade). No marco desta investigación, tivemos a oportunidade de realizar unha estada na cidade do Porto (Portugal) para coñecermos a situación da Educación Especial no país luso e para recollermos información sobre as “boas prácticas” que alí se están a facer.

Cabe aclarar que, no noso traballo, as boas prácticas en educación enténdense dun xeito sinxelo como “exemplos de procedementos e condutas que foron exitosas” (Anne, 2003); e dun xeito máis esixente, como un “conxunto de accións innovadoras, eficaces, sostibles,

contrastables, transferibles e fiables, integradas nun proceso previamente planificado, reflexivo e sistemático, que pretende dar resposta a unha necesidade sentida polos membros dunha institución ou colectivo, orientado a conseguir os obxectivos propostos, nun contexto determinado” (Pérez Serrano, 2011).

Nesta dirección, presentar, describir e interpretar unha *boa práctica* de educación inclusiva dunha nena con parálise cerebral na Obra Social do Ministerio de Obras Públicas (OSMOPE) do Porto é o obxectivo deste traballo. Para iso, o que fixemos foi analizarmos o Proxecto Educativo e levarmos a cabo unha entrevista semi-estruturada á subdirectora da mesma.

## A OSMOPE: O PROXECTO EDUCATIVO

As liñas pedagóxicas que definen o proxecto educativo da OSMOPE<sup>[1]</sup> deixan ver a súa intención clara de crear na súa escola un espazo aberto e participativo, onde teñan cabida todos os nenos e as nenas, xunto coas súas familias. O que faremos neste apartado é deixarmos constancia dos sinais de identidade que manifestan no seu Proxecto Educativo, e que nos permiten interpretar que se trata dunha *boa práctica* de escola inclusiva.

Así, a OSMOPE defínese como un espazo “para” e “da” comunidade, grazas ao empeño dun conxunto de docentes que alí traballan e que defenden un proxecto educativo “*cunha forte ligazón coa cidade (institucións e persoas), que lles permite a consecución dun gran número de experiencias significativas durante os primeiros anos da vida dos cativos*” (PEC-OSMOPE, p. 3). Un espazo acolledor

e familiar que forma unha “*institución aberta cun universo de ‘pontes educativas’ construídas e consolidadas*” (PEC-OSMOPE, p. 7). Deste xeito, os profesionais que traballan na OSMOPE foron quen de tecer unha rede fina de relacións e afectos coa familia e coa comunidade. Eles mesmos explícanos así:

*“Para nós, a creación de Pontes Educativas con varias Institucións artísticas e culturais, o intercambio coas familias a través de vivencias diversificadas, dan orixe a momentos de pracer e de complicidades significativas para toda a Comunidade Educativa. Dende os cinco meses os nosos cativos participan nestes momentos, concertos, teatros; co apego dun espazo que é seu, e que lles permite unha lectura máis natural e intrínseca do que é o remuíño de sensacións e emocións, o sentido da propia vida”* (PEC-OSMOPE, p. 7)

Nesta dirección, o persoal da OSMOPE manifesta que “*a reflexión constante sobre a funcionalidade e a adecuación do espazo, así como sobre os seus materiais e a súa organización será unha práctica frecuente, pois é condición indispensable para evitar espazos estereotipados que non son estimulantes para os nenos e as nenas*” (PEC-OSMOPE, p. 8).

Finalmente, cabe destacarmos que a OSMOPE se define no seu proxecto educativo como unha escola “*curricularmente intelixente*”, isto é, “*aquela onde se desenvolven competencias que lle permiten aos nenos e ás nenas ter a capacidade necesaria para a resolución de problemas, para “percibir” o cambio; resumindo, para capacitalas de toda unha resiliencia sen a cal será difícil enfrontarse ao mundo da contemporaneidade*” (Leite, 2003).

## ENTREVISTA Á SUBDIRECTORA DA OSMOPE

O obxectivo da entrevista foi o de indagar sobre cales son as condicións que se precisan para conseguir a inclusión nun Centro Ordinario dunha alumna con parálise cerebral. Concretamente, a nosas preguntas están destinadas a coñecermos e describirmos cal é o papel dos educadores e da familia da alumna en cuestión. Nesta dirección, expoñemos aquí unha parte das preguntas que se fixeron e das respostas ofrecidas<sup>[2]</sup>:

**A.- Que perfil de educador pode propiciar unha *boa práctica* de educación inclusiva?**

B.- Aquel que manifesta unha actitude de aceptación das diferenzas e asume, con entusiasmo e dedicación, o traballo que poida supoñer a maiores.

**A.- Que papel xoga a familia da alumna? E as familias dos seus compañeiros?**

B.- A familia tivo un papel fundamental e crucial na escolarización da nena na OSMOPE. Tratábase dunha familia con importantes recursos económicos que puido proporcionar un Auxiliar Técnico Educativo (coiador/a) a tempo completo para a nena na escola. Isto, sen dúbida, foi fundamental, posto que a discapacidade que presentaba a alumna facía que necesitase apoio para todo: para o seu coidado e aseo persoal, para a súa alimentación, a súa mobilidade...; ademais de axuda nas tarefas puramente académicas.

Ademais, a familia dos compañeiros da nena e as familias da escola en xeral tiveron sempre unha actitude exemplar: invitábana a todas as festas que se facían fóra de aquí, aceptábana, respectábana e transmitíanlle eses valores aos nenos.

[1] É unha Creche (0 a 3 anos), un Jardim de Infancia (3- 6 anos), unha Escola de Ensino Básico de Primeiro Ciclo (6 – 10 anos) e un ATL (Atelier de Tempos Livres). Alberga anualmente arredor de 170 alumnos e alumnas.

[2] Coa letra “A” identificamos a persoa que realiza a entrevista e coa letra “B” a resposta da entrevistada (subdirectora da OSMOPE).

A.- Como describiría unha *boa práctica* de educación inclusiva?

B.- No noso caso, o obxectivo era conseguirmos que a alumna con parálise cerebral puidese facer o maior número de actividades posibles igual que os seus compañeiros de aula. Ademais, ela participaba en todas as actividades que se facían na escola en xeral: festivais, festas, visitas ás praias, excursións aos parques do barrio etc. Por exemplo: ao finalizar a escolarización dos 5 anos todos os nenos e as nenas van pasar unha noite fóra da súa casa. Esta nena tamén puido gozar desa actividade. Incluso despois de deixar de asistir á escola e durante unha época seguía vindo con nós á praia a finais de curso.

A.- Podería dicirnos cal cre que foi "o segredo do éxito"?

B.- Si. Eu téño moi claro. Houbo dúas circunstancias que posibilitaron a inclusión desta alumna na OSMOPE e que fixeron que se visen beneficiados desta situación a alumna en cuestión, os seus familiares, os seus compañeiros, as educadoras e a Comunidade Educativa en Xeral:

1. O feito de que a alumna contase cunha cuidadora a tempo completo.

2. A etapa educativa na que se atopaba a alumna: Educación Infantil. Nesta etapa as actividades que se realizan son moi lúdicas, a través dos sentidos: bailar, cantar, pintar... É preciso recoñecer que non é o mesmo intentar que unha nena con parálise cerebral pinte, cante, vaia a un parque ou á praia que poñela a intentar aprender a ler, escribir, sumar ou restar. Eu creo que as actividades propias dos primeiros anos de escolarización fan que a inclusión poida ser posible.

## CONCLUSIÓN E DISCUSIÓN

Este traballo configúrase como unha experiencia de educación inclusiva nunha escola de Porto que consideramos como unha *boa práctica* educativa, xa que nela se cumpre que todos os nenos e nenas, independentemente das súas características e circunstancias, poden ter presenza, participación e aprendizaxe nas aulas ordinarias.

Describir e interpretar esa *boa práctica* de educación inclusiva é o obxectivo que nos marcamos ao comezo e, nesta dirección, cremos que a entrevista realizada á subdirectora da escola mostra claramente cales foron as características e os condicionantes dese proceso de inclusión educativa. Como base desa experiencia, expuxemos os "sinais de identidade" do centro que, sen dúbida, ofrecen soporte e fundamentos ás prácticas que se levan a cabo no seu día a día. Así, podemos concluír que a *boa práctica* de inclusión educativa da nena con parálise cerebral foi posible grazas a:

- Unha escola aberta á comunidade, que interioriza o concepto de diversidade como enriquecemento e como unha oportunidade para aprender.
- Un equipo directivo que asume os principios de normalidade e inclusión e que fai un exercicio de sensibilización co resto da Comunidade Educativa: alumnado, profesorado e familias.
- A existencia de recursos que fan posible a convivencia positiva coa diversidade: accesibilidade, persoal de apoio nas aulas, existencia de cuidadores.
- Un equipo docente sensibilizado coa diversidade.
- Unha familia con recursos e actitude favorable para colaborar e compartir o proxecto educativo coa escola. ■

- ANNE, A. (2003). Conceptualisation et dissémination des "bonnes pratiques" en éducation: Essai d'une approche internationale à partir d'enseignements tirés d'un projet". En Braslavsky, C., Abdoulaye Anne, A. & Patiño, M. I., *Développement curriculaire et "Bonne pratique" en Éducation*. UNESCO. Consultado en 18-01-08. Disponible en <http://www.ibe.unesco.org/AIDS/doc/abdoulaye.pdf>.

- Galicia. Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación. *Diario Oficial de Galicia*, 21 de decembro de 2011, núm. 242, pp. 37487-37515.

- GARCÍA BACETE, F. J. (2003). Las relaciones escuela-familia: un reto educativo. *Infancia y aprendizaje*, 26 (4), pp. 425-437.

- LEITE, C. (2003) *Para uma escola curricularmente inteligente*. Porto: Edições ASA.

- MARCHESI, A. & MARTÍN, E. (2014). *Calidad de la enseñanza en tiempos de crisis*. Madrid: Alianza editorial.

- OSMOPE (Trienio 2016-2019). Proxecto Educativo. Consultado en 5/12/17. Disponible en <http://www.osmope.pt/identidade/projeto-educativo/>

- PÉREZ SERRANO, G. (2011). Buenas prácticas en las universidades para adultos mayores. *Revista de ciencias de la educación*, 225-226, pp. 207-225.

## LUSOPATIA: novos desafios para os blogues na didática de línguas



REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 71-73

### Carme Saborido Paz

Professora de português

IES A Sangrinha (A Guarda)

carmesaborido@edu.xunta.gal

### ANTES DE MAIS...

O ano 2019 será recordado entre os docentes de português na Galiza como o do primeiro concurso público para o ensino secundário. Para começar a falar do blogue Lusopatia, é preciso contarmos como é que é a docência desta língua no nosso sistema escolar e todos os apertos que houve para tornar esta possibilidade numa realidade.

A opção de português como segunda língua no ensino secundário, segundo os dados da Docentes de Português na Galiza (DPG), chega atualmente a 1,4% dos/as estudantes e talvez pessoas que leiam isto hoje ainda fiquem a saber que tal opção existe.

Os centros que atualmente contam com a matéria de português têm aos os/as docentes de Língua e Literatura Galega como principais responsáveis, em boa medida por amor à matéria e por voluntarismo. Através de um trabalho de divulgação e publicidade executado por várias associações e sindicatos, a notícia do português como opção chegou a docentes e discentes.

A cadeira passa por vários apertos e não é fácil atingir uma estabilidade. Se um docente, por exemplo, causava baixa, não existia um corpo específico de Português que pudesse servir de apoio numa substituição. Isto punha em risco o aprendizado e a continuidade desta matéria nas escolas. Por outra parte, não há materiais didáticos adaptados à realidade linguística galega, um contexto muito especial, onde todos os estudantes de A2, por exemplo, são considerados "falsos iniciantes", dado o continuum linguístico galego-português. Resumidamente, ministrar aulas de português na Galiza de maneira regrada e com profissionais qualificados nunca foi fácil.

A *Lei Valentim Paz Andrade para o aproveitamento da língua portuguesa e os vínculos com a lusofonia* foi aprovada por unanimidade no ano 2014 por todas as forças políticas. Cinco anos depois, em junho de 2019 houve o primeiro concurso público de Português Ensino Secundário e este ano académico abrir-se-á com quatro docentes de português especialistas.

### OS INÍCIOS

O projeto do blogue Lusopatia nasce antes desta lei. Foi criado em 2011 num contexto de crise económica e precariedade laboral para a bloguista que escreve. O site pode ser definido como um blogue pessoal, com focagem docente e divulgativa, que

visa ser uma janela aberta ao mundo que fala em português.

Em 2011 A Gentalha do Pichel, em Compostela, pede que Carme Saborido, autora do blogue, ministre aulas presenciais de português. O objetivo era lecionar uma hora à semana, mas a docente achou que era pouco tempo de imersão e que seria bom complementar as explicações com informações sobre eventos culturais que os/as estudantes pudessem ler. A fórmula era simples: a maior *input*, maior *output*.

Aí é que nasceu a ideia e realmente foi vantajosa para todas as partes: os alunos mantinham contacto no resto da semana e a professora podia fazer divulgação cultural.

O contexto do nascimento do blogue foi então o ensino para adultos e não regrado, mas como veremos o público é hoje cada vez mais alargado e diverso.

Uma vez que o blogue está em andamento, começa para a bloguista uma etapa de formação intuitiva com a plataforma Wordpress. Nos arquivos dos

primeiros anos pode ver-se que aparecem ligações, vídeos e pdf como elementos extra dos post.

### O LUSOPATIA POR DENTRO

Explicada a origem, está na hora de ser explicado o tipo de conteúdos que podem ser encontrados no Lusopatía.

A navegação é muito simples: há quatro páginas das quais uma é dinâmica e três são estáticas (Calendário, Recursos, Nós). Ao lado temos um blogroll, quer dizer, um guia do site com diferentes páginas amigas e uma lista com as categorias. A página dinâmica é, pois, onde aparece cada post novo. Doravante, falaremos da natureza deles.

De um lado, temos os assuntos propriamente linguísticos, onde encontraremos artigos que favorecerão o aprendizado autodidata da língua: dicas gramaticais, exercícios de vocabulário, provérbios, falsos amigos, regras ortográficas... sempre de uma ótica galega e adaptadas a esta realidade.

Do outro lado, temos a parte mais focada ao consumo cultural. Esta última vertente é uma agenda cultural, quase um ma-

gazine, que compila todos os eventos lusófonos que decorrem na Galiza: cinema em versão original, teatro, concertos, exposições, palestras, lançamentos de livros...

### O PÚBLICO

Curiosamente, o interesse no público é muito inesperado. A face cultural é a mais visitada por leitores/as da Galiza que ainda não dominam bem o formato da língua portuguesa, mas mostram certa "lusofilia"; enquanto que a linguística é a de mais sucesso nas comunidades de fala portuguesa, que parecem procurar conteúdos mais programáticos. Muitos dos subscritores brasileiros, paradoxalmente, utilizam o blogue para prepararem as provas do ENEM (Exame Nacional do Ensino Médio).

Os motores de pesquisa que o próprio Wordpress fornece indicam que os cinco primeiros países que visitam e leem são: Brasil, Espanha, Portugal, EUA e Angola, nesta ordem. Seguem a estes muitos outros onde a emigração portuguesa foi maciça e a publicação serve para manter contacto com as raízes linguísticas e culturais dos migrantes:





Luxemburgo, China (Macau), França, Suíça...

O índice de visitas é esperador para um blogue tão antigo, tendo em conta dois fatores:

- que os perfis de Twitter, Instagram ou Facebook estão a ocupar o espaço dos blogues atualmente.

- que a esperança de vida de um blogue é de dois anos.

É um facto constatado que entre 300 e 400 pessoas leem o blogue cada dia. E o número tende para crescer dado o apoio que a publicação tem nas redes sociais.

### MUDANÇAS E ADAPTAÇÕES

Como foi referido acima, 2011 foi o ponto de partida. Um ano depois, o Lusopatia foi o 5º finalista dos prémios Aventar na categoria de "Melhor blogue estrangeiro em língua portuguesa". Este facto foi uma publicidade ótima e a medida em que a popularidade do blogue foi avançando, o público também virou mais diverso. Isto fez com que a exigência com os conteúdos multimédia fosse maior e nos últimos tempos têm sido combinadas muitas outras ferramentas de e-learning. Algumas delas de armazenamento de conteúdo externo ao blogue: Google Drive, Dropbox ou Padlet onde podem ser conferidos textos ou ficheiros mais pesados; outros recursos são de interação, para incrementar a vertente mais lúdica: Socrative, Kahoot, Genial.ly e Educaplay. Estes últimos têm condicionado drasticamente a estética do blogue e a forma de interagir com os utentes, leitores que cada vez procuram conteúdos mais dinâmicos onde pôr a prova os seus conhecimentos. Desta maneira, navegar pelo Lusopatia pode ser também um desafio de Passa a Palavra, Sopas de Letras, Testes, Palavras Cruzadas e outros jogos.

Aos poucos, a publicação chegou a ser cada vez mais uma ferramenta de trabalho docente tanto para a pessoa que escreve estas linhas como para quem lê. Cada ano cresce (ainda que muito devagar) o número de escolas de ensino secundário que lecionam português como segunda língua na Galiza e o blogue é referente e elemento de consulta para muitos desses docentes pioneiros. Assim sendo, podemos vê-lo entre os sites de consulta dos diferentes departamentos de Português nas EOI, IES e cursos online.

### PEQUENOS RECONHECIMENTOS

Fora da comunidade educativa galega, o Lusopatia foi atingindo metas importantes:

- vários artigos aparecem referenciados no Ciberdúvidas da Língua Portuguesa

- a autora explicou o seu projeto no simpósio SIPLE (Simpósio Internacional Português Língua Estrangeira) de 2015.

### NOVOS HORIZONTES

O desafio no futuro será manter e aumentar o número de utentes galegos/as, público para quem foi criado inicialmente o blogue. Por outro lado, é impossível contornar novos hábitos na net: Instagram, Youtube... fazem com que o nosso consumo cultural seja cada vez mais audiovisual e isto não pode ser ignorado. Está prevista a implementação de pequenos vídeos com dicas ou vídeo-aulas para poder atender essas novas necessidades.

O facto de neste ano ser criado um corpo específico de Português Segunda Língua Estrangeira também fará crescer a procura de materiais didáticos específicos para a realidade galega e o Lusopatia deve ser um referente.

O aproveitamento do continuum linguístico e cultural ga-

lego-português é ainda, infelizmente, um bem pouco explorado, mas a normalização do aprendizado de português na Galiza no âmbito do ensino secundário suporá também um achegamento a conteúdos do vasto horizonte de fala portuguesa. ■

## O documental como recurso para o estudo da memoria histórica: *Memorial de Camposancos* (2006) e *Flores tristes* (2008)



REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 74-77

Xosé M. Malheiro Gutiérrez

Universidade da Coruña

jose.malheirog@udc.gal

Durante moito tempo, a linguaxe escrita foi a única opción ao alcance do historiador para investigar ou para explicar, ensinar ou difundir o resultado das súas investigacións. O panorama foi mudando e, desde hai unhas décadas, os textos escritos xa non son máis ca unha das moitas fontes, ou máis recentemente vestixios (Peter Burke inclúe un amplo abano iconográfico, como pinturas, gravados, estatuas, fotografías ou filmes) dos que dispoñemos para achegarnos ao pasado e tratarmos de comprender a realidade presente. Entre todos estes vestixios que sinala Burke, o cinema representa un medio interesante, porque reflicte 'realidades' que se proxectan ao pasado, xa sexa directamente ou mediante argumentos de ficción. Indo máis alá, Erik Barnouw defende, nunha obra xa clásica, que o cinema non nace para crear ficción, senón "pola necesidade imperiosa de documentar algún fenómeno ou acción" real, como se observa nos inicios da creación cinematográfica que recolle o documental *Lumière! L'aventure commence* (Thierry Frémaux, 2016).

Nese sentido, dentro do cinema como recurso para o estudo de diversos aspectos da historia, o documental representa un xénero con enorme interese no contexto académico. A súa vocación ilustradora a través da imaxe refire feitos baseados en información fidedigna, que parte do traballo de documentación mediante arquivo e testemuñas para a reconstrución e interpretación do pasado, ao que se engade a forza emocional do recordo. Deste xeito, e máis concretamente como sinala Ramón Breu, "permite ao alumnado entrar no campo de reflexión e de calma intelectual fronte á digresión, a dispersión e a alienación que ofrecen outros produtos de uso cotián televisivo".

Por iso, o cinema documental ten un enorme interese para os docentes e, en concreto, a súa aplicación ao estudo da nosa memoria convérteo nun recurso cada vez máis empregado nas aulas, polas súas posibilidades didácticas e pola súa crecente accesibilidade, grazas á popularización dos soportes dixitais e ás posibilidades que ofrece a súa difusión e localización na Rede.

### O EMPREGO DIDÁCTICO

Pese á súa brevidade, a Segunda República é un período denso en acontecementos e reformas, nomeadamente no ámbito educativo, polo que suscita unha enorme curiosidade entre os alumnos e alumnas do Grao de Educación Social na materia de Historia da educación; ademais, adoita ser unha etapa pouco estudada durante o Bacharelato e sobre a que estes posúen información escasa ou incompleta. E a represión que seguiu á rebelión militar e continuou durante a guerra e o primeiro franquismo, atopa no xénero documental un excelente recurso para acompañar a revisión bibliográfica e as sesións maxistras, e como complemento dun traballo de investigación sobre a memoria baseado na fotografía familiar neste período que o noso alumnado debe realizar como parte das tarefas académicas.

Analizamos brevemente aquí dous exemplos entre o abundante material producido nos últimos anos en Galicia, que son un recurso moi acaído para o estudo da memoria histórica nas aulas universitarias, podendo ser utilizados tamén en Educación secundaria e Bacharelato: *Memorial de Camposancos* (José Ballesta e Ramón Fernández, 2006) e *Flores tristes* (Teo Manuel Abad, 2008).

### MEMORIAL DE CAMPOSANCOS

(José Ballesta, Ramón Fernández, 2006)



Título orixinal	<i>Memorial de Camposancos</i>
Ano	2006
Duración	90 min.
País	Galicia
Dirección	José Ballesta / Ramón Fernández
Guión	José Ballesta / Ramón Fernández
Música	Paco Serén
Produtora	Salvador Dasilva Hermida
Enlace	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=2FMjJFwiEwo">https://www.youtube.com/watch?v=2FMjJFwiEwo</a>

*Memorial de Camposancos* parte do relato novelado do director do xornal socialista *Avance* no momento do golpe militar, Juan Antonio Cabezas, preso concentrado en Camposancos e condenado a morte, cuxa pena foi posteriormente conmutada; e xira arredor dos escritos e debuxos que centos de

presos, nomeadamente asturianos, mais tamén galegos e doutros lugares do Estado, deixaron gravados nos muros dos cuartos dos seminaristas do antigo Collexio internado xesuíta Apóstol Santiago, de Camposancos (A Guarda-Pontevedra), habilitados durante a Guerra Civil como

celas do campo de concentración.

Neste campo, inicialmente concibido para un máximo de 900 presos, foron recluídas preto de tres mil persoas entre 1937 e 1941. Malia a constancia documental situar os inicios en outubro de 1937, o edificio foi utilizado para ese macabro fin xa desde xullo de 1936, chegando a concentrar a máis de 4.000 presos republicanos en momentos concretos, o que requiriu a instalación permanente do Tribunal Militar nº 1 de Asturias, responsable das execucións que se consumaron nas inmediacións do cemiterio da Guarda, onde en 1985 se erixiu un monumento conmemorativo mediante subscripción popular entre os familiares dos presos e diversas persoas da vila mariñeira.

O campo de concentración de Camposancos forma parte dos 11 espazos de reclusión que se instalaban en Galicia e por onde

pasaron entre 1936 e 1941 non menos de 30.000 presos políticos e prisioneiros de guerra republicanos. Alí padeceron as penurias que provocaban a fame, a tortura física e psicolóxica ("El no tener que hacer nada a diario, el encontrarse en una situación de abandono absoluto, generaba un escenario de *impasse* casi permanente"), e as enfermidades producidas polo amoreamento en condicións inhumanas. Os outros foron os de Cedeira, a Escollera (Ferrol), Betanzos, Lavacolla (Compostela), Padrón, Rianxo, Muros, A Pobra do Caramiñal, San Clodio (Leiro) e Santa María de Oia, segundo o relato de Hernández de Miguel. A meirande parte localizados na costa, polas facilidades que daba unha óptima conexión marítima para o desembarco de prisioneiros.

Este extraordinario documento histórico, froito dun proceso que durou varios anos de investiga-


ción bibliográfica, de recompilación de testemuñas orais e de rastrexo documental, narra con rigor, sensibilidade e unha estética coidada, malia a crueza do relato, a vida no campo durante os anos de criminal actividade. A través dos testemuños directos dalgúns presos que lograron sobrevivir, dos de varios veciños de Camposancos contemporáneos dos feitos e doutros indirectos que achegan familiares e descendentes dos represaliados, *Memorial de Camposancos* rescata o relato dunha terrible historia de morte e represión, mais tamén o da exemplar solidariedade da veciñanza camposina, "malia o sentir e a indignación xeral da comunidade da Guarda, que forzadamente debía albergar o campo de concentración", e da conmovedora dignidade das vítimas e os seus descendentes, que atoparon na Guarda "un referente espiritual", como salienta o director José Ballesta.

**FLORES TRISTES** (Teo Manuel Abad, 2008)

Título orixinal	Flores Tristes
Ano	2008
Duración	120 min.
País	Galicia
Dirección	Teo Manuel Abad
Guión	Teo Manuel Abad, Carmen Carballo
Música	Manuel Conde
Fotografía	José Luis Caamaño, Diego Frey
Produtora	Formateo / Pórtico de Comunicaciones S.L / Televisión de Galicia (TVG) S.A / Tic Tac
Enlace	<a href="http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/flores-tristes">http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/flores-tristes</a> <a href="http://www.florestristes.com/pelicula03.html">http://www.florestristes.com/pelicula03.html</a>

O título evoca, de xeito metafórico, a tristura das flores que nacen á beira dos camiños e das estradas galegas e medran nutridas polos cadáveres de miles de vítimas, asasinadas durante a

guerra civil "por bandas de criminais que arrasaron os campos, as familias, os pobos e as cidades, sementando regueiros de sangue".



*Flores tristes* é o resultado dun minucioso labor de investigación que dá voz aos represaliados do franquismo a través do testemuño de familiares dos que foron fusilados e soterra-

dos en cunetas e fosas comúns, que combina con estampas da colección *Atila en Galiza e Galiza Mártir*, de Castelao; con impactadoras imaxes das exhumacións de cadáveres realizadas en Ortoño (Ames), Xinzo de Limia, As Pontes, O Pino, Ponteareas ou A Fonsagrada, ademais de recreacións dramatizadas de “paseos” e fusilamentos; e con imaxes de arquivo.

Sinala que as máis recentes fosas comúns abertas en Europa non foron en Srebrenica ou Kosovo, senón en Galicia, no extremo máis occidental do continente, onde tiveron que pasar 70 anos para que se iniciasen as primeiras escavacións. A partir deste feito, Teo Manuel Abad fía un denso relato no que interveñen parentes, fillos, netos (algúns máis coñecidos como Isaac Díaz Pardo, fillo de Camilo Díaz Balaño; Xosé Luís Bóveda, fillo de Alexandre Bóveda ou Esther Varela Casares, neta de Santiago Casares Quiroga) daqueles que foron asasinados e soterrados nas cunetas e fosas comúns, e que aínda permanecen espalladas “polo mapa torturado de Galicia”. Conta ademais coa declaración de historiadores e investigadores como Emilio Grandío, Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, Ángel Gallardo, Enrique Barrera ou Dionisio Pereira; e de actores e actrices como Mela Casal, Carlos Blanco, Manuel Lourenzo, Cándido Pazó, Isabel Blanco, Miguel de Lira ou Antonio Durán “Morris”, entre outros.

*Flores tristes* dedica unha referencia á represión perpetrada contra o maxisterio galego acompañando unha cita de Pablo Neruda: “Los maestros de Galicia han sido casi enteramente exterminados; la caza del maestro de primera enseñanza era un deporte diario de los falangistas”, e recolle o duro testimonio de Manuel Sarille sobre

a tortura e asasinato do mestre Arximiro Rico<sup>[1]</sup>.

Remata Teo Manuel Abad poñendo o foco nas xeracións máis novas: “O silencio segue a perpetuarse, a ser eterno, a funcionar. Os netos, bisnetos ou tataranetos dos mortos nin recordan nin chegan nunca a estudar na escola unha versión que non sexa a consensuada durante a Transición, baixo o mandato en Galicia dun ministro de Francisco Franco, autor do golpe de estado. O golpe é incesante. Tres xeracións despois, segue aí, incrustado definitivamente no inconsciente colectivo dos galegos. A consigna agora non é o silencio, é o esquecemento”. ■

[1] Sabemos que a verdade histórica da morte por asasinato de mestres e mestras sitúa a cifra en cen.

- BALLESTA, J. e RODRÍGUEZ GALLARDO, Á. (2008). “Camposancos: Una ‘imprensa’ de los presos del franquismo”, *Complutum*, 19, 2, 197-211.

- BARNOUW, E. (2011). *El documental. Historia y estilos*. Barcelona: Gedisa.

- BREU, R. (2010). *El documental como estrategia educativa. De Flaherty a Michael Moore, diez propuestas de actividades*. Barcelona: Graó.

- BURKE, P. (2001). *Visto y no visto. El uso de la imagen como documento histórico*. Barcelona: Crítica

- CABEZAS, J. A. (1975). *Asturias: Catorce meses de guerra civil*. Madrid: Guillermo del Toro.

- HERNÁNDEZ DE MIGUEL, C. (2019). *Los campos de concentración de Franco. Sometimiento, torturas y muerte tras las alambres*. Barcelona: Ediciones B.

*Aillados* (Antón Caeiro, 1995) recolle a experiencia dalgúns dos presos que sobreviviron no lazareto da illa de San Simón, considerada un dos moitos puntos negros da represión franquista en Galicia.

*Alexandre Bóveda, unha crónica da Galiza Mártir* (Xan Leira, 2004) reconstrúe a vida dun galeguista insigne, que protagonizou a chegada da II República, a constitución do PG, a creación do Estatuto de Autonomía, o trunfo electoral da Fronte Popular nas eleccións de 1936 e que foi asasinado tras o golpe de estado.

*A Cidade da Selva* (Pilar Faxil e Helena Villares, 2006) trata sobre un dos centros de operacións máis importantes da Federación de Guerrillas de León-Galicia en Casaio (Carballada de Valdeorras), e un dos máis relevantes do noroeste peninsular.

*¿Bandoleiros ou guerrilleiros?* (José A. Sanmartín, 2006) recolle as vivencias de varios fuxidos durante a guerra civil entre as que destaca o testimonio dunha guerrilleira, que sendo nena, e xunto aos seus cinco irmáns, fuxiron ao monte formando a súa propia partida tras o asasinato dos seus pais a mans dos falanxistas.

*Coralía e Maruxa. As irmás Fandiño* (Xosé H. Rivadulla “Corcón”, 2007) analiza o resultado da violencia sistemática, física e psicolóxica, contra dúas irmás pertencentes a unha familia compostelá vinculada á CNT no momento da guerra, violencia simbólica que se prolongou moitos anos máis durante a ditadura franquista.

*Afranio* (Victor Collote, 2008) narra as penurias do mestre e deputado agrarista Antón Alonso Ríos durante os tres anos, os da guerra civil, que durou o seu periplo como fuxido por terras do sur de Galicia e norte de Portugal baixo a falsa identidade dun esmoleiro portugués, Afranio de Amaral.

*O segredo da Frouxeira* (Xosé Abad, 2010) adéntrase na historia de catro familias relacionadas por un suceso dramático, silenciado durante décadas, presentando un novo punto de vista sobre a guerra civil e as súas consecuencias na actualidade.

*A pegada dos avós* (Xosé Abad, 2012) sobre a memoria histórica contada a un grupo de estudantes de bacharelato polos seus avós, vítimas do golpe de estado acontecido 75 anos antes.

*A volta dos nove* (Antón Caeiro, 2015) reconstrúe unha violenta vinganza que rematou co asasinato a sangue frío de nove mariñeiros de Nigrán e Baiona, logo de que dous deles mataran por accidente a un falanxista.

*Camilo: o último guerrilleiro de Galicia* (Alba Sánchez, 2016) recupera a memoria da guerrilla antifranquista a través da testemuña de Camilo de Dios, que faleceu en decembro de 2019.

*Eu tamén necesito amar* (Antón Caeiro, 2016) fala desa xeración que non vive exactamente unha guerra civil, pero vai padecer os seus efectos, en concreto a represión da ditadura sobre a vida íntima das persoas.

*A Guerra também foi nossa* (Ana Luísa Rodrigues, 2017), unha produción da RTP portuguesa que rescata historias inéditas de cidadáns portugueses, nomeadamente traballadores raianos que, malia non ter participado directamente na guerra, foron fusilados ou desapareceron a mans dos rebeldes franquistas.

## O xogo das adiviñas



REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA


ISSN: 1132-8932

Páx. 78-79

**Antón Cortizas Amado**

Escritor e investigador do patrimonio lúdico

anton@edu.xunta.gal



Patrimonio Lúdico Galego

Dentro do enorme tesouro dimaterial que é o xogo tradicional, e dos seus inmensos e variados recursos educativos, contamos cun grande abano de enredos e brincadeiras que teñen como elemento de xogo, ou sexa, como brinquedo ou xoguete, a propia lingua, a palabra e o seu emprego lúdico e á vez poético. Ese é o caso das adiviñas e os enigmas, que se veñen distinguindo en que as primeiras son en verso e os segundos en prosa.

De xeito inevitábel, ao falar deste tema a lembranza lévanos a aquela época na que a rúa era da infancia. Daquela, cando o tempo atmosférico non acompañaba, cativas e cativos recollíanse nos portais ou nos cabanóns e compartían brincadeiras que non precisaban máis espazo que aquel que puidese acoller a súa presenza e pouco máis. Por veces o xogo desenvolvíase con pequenos brinquedos (pensemos no xogo dos alfinetes, no das chinas ou tres en raia, por exemplo); mais outras veces o xogo non precisaba máis brinquedo que o da propia lingua e o propio corpo. Así, recitábanse lengalengas fermosas, cantilenas para xogos de mans, ou simplemente cantábanse cancións de toque infantil ou mesmo romances.

Otras veces, o xogo era precisamente a palabra utilizada como fariña para modelar con ela unha adiviña ou un enigma aprendido por transmisión oral, nomeadamente da xente maior. Unha adiviña é un xogo de palabras que pretende ocultar un significado, que é o que se trata de descubrir. Polo tanto, nas adiviñas ponse en xogo o enxeño e a fantasía de quen a propón e de quen a ten que solucionar. Ao mesmo tempo, o xogo de adiviñar enriquece quen o xoga non só polo enredo en si, senón polo uso literario da linguaxe e o enriquecemento do vocabulario, pois nas adiviñas utilizan-

se a metáfora e o símil, a metonimia, alegoría, analogía, xogo de palabras ou o calembur entre outros recursos poéticos e literarios.

Neste artigo, apenas pretendemos propor a adiviña como práctica e xogo escolar, porque entendemos que nos tempos que corren a escola é o máis importante elemento da recuperación, retransmisión e práctica do xogo tradicional, e como tal tamén o das adiviñas como enredo literario que pode entrar como recurso didáctico transversal.

A adiviña pódese propor na aula como un simple divertimento ou como elemento para a aprendizaxe. De forma breve e esquemática, expomos unha actividade escolar para realizar, por exemplo, a partir de cuarto curso de primaria incluíndo, por suposto, o ensino secundario. Descríbimola en catro fases:

- Primeira fase: Proposta de recolla directa de adiviñas da nosa tradición oral. Elabórase un modelo de datos a recadar, precisos e necesarios que dean rigor ao traballo: data, nome da persoa informante, idade, lugar de orixe (referida á adiviña), parentesco...
- Segunda fase: Posta en común, memorización e intercambio das adiviñas. Observar e comparar posíbeis variantes, correccións necesarias dos textos, eliminacións dos castelanismos que por veces aparecen na nosa oralidade. Proposta de realizar o xogo das adiviñas durante o recreo, para o cal deixaremos voar a nosa imaxinación.
- Terceira fase: Recreación ou invención de novas adiviñas, de forma individual e/ou colectiva. Como axuda pódenos servir a lectura do apartado da *Gramática da fantasía*, na que Rodari trata este tema.
- Cuarta fase: Exposición pública das adiviñas, quer mediante

cartaces ou murais, quer na revista escolar do centro ou mesmo a través da Internet.

E como até aquí chegaches, dispoñe a enredar coa túa adiviñadora imaxinación, con esta media ducia de adiviñas de diferente tipo:

De que cor é a manga do coleite branco do cabaleiro de Santiago?

Que é o que é,  
que se o chamas desaparece?

Que cousa é cousa  
que corta sen tesoir  
e cose sen agulla?



Redondo coma un bocal,  
pódese abrir pero non pechar.

Catro corremontes,  
catro cichafontes,  
dous turtutús  
e un dálle-dálle.

Como será, como non será,  
comer a galiña hoxe  
e matala mañá.

Esta vai de agasallo e de punto final:

Que farei, que non farei,  
cal será a brincadeira  
que se xoga con palabras?  
Adiviñao á primeira! ■



# PANORAMA

Xosé Ramos Rodríguez

Antón Costa Rico

Nova Escola Galega

jose.ramos.rodriguez@edu.xunta.es

anton.costa@usc.es

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 80-83

## ACTUALIDADE DA POLÍTICA EDUCATIVA

**O presente curso.** O curso en setembro comezou cos problemas de sempre, mais a Consellería fixo unha loanza á súa eficacia e á normalidade. 'Normalidade'(?): é unha situación recorrente que a **supresión de escolas rurais** sexa unha dramática repetición no inicio dos cursos, por máis que os dirixentes do PP presumen de ter magníficos plans para mellorar a demografía e evitar o despoboamento rural.

Tamén ben sendo 'normal' a **precariedade de recursos na atención á diversidade**, ata o punto de provocar manifestacións nalgunhas cidades como A Coruña. Neste tema a Consellería fai unha proposta tramposa: non crear prazas e prometer que se cubrirán todas as necesidades. Pero quen valora as necesidades?, cales son os criterios?; como adoitan facer, queren confundirnos vendendo racionalidade onde fan recorres.

A repetición teimuda curso tras curso dos recortes, devala a planificación da Conselleira de dotar os centros de maior tamaño dunha segunda persoa Orientadora. A persistencia nesta desatención cara ás **necesidades de persoal de Orientación** posterga o establecemento de criterios para priorizar os centros que deberán ter ese segundo profesional.

**O sistema escolar reproduce a desigualdade social.** Esta afirmación tan clásica na visión crítica da escola esquécese con frecuencia nas campañas electorais e na súas consignas e estereotipos. A Comunidade de Madrid, que representa o paradigma da política liberal conservadora en educación, introduciu elementos na xestión e desenvolvemento da educación como o distrito único -para liberalizar totalmente a elección de centro-, a clasificación de centros por rendemento, o modelo bilingüe, ou a axuda á privada -mesmo entregando terreos públicos- na implantación dos seus centros. Agora isto dálle réditos electorais nas clases medias, e sobre todo produce consecuencias previsibles entre os máis desfavorecidos. Así, segundo un estudo da Universidade Autónoma de Madrid asinado por F. Javier Murrilo e Cynthia Martínez Garrido, conclúese que nesta Comunidade disparouse a desigualdade, sendo agora a segunda rexión europea máis desigual nas súas aulas, ao nivel de Hungría e Romanía. Os centros públicos escolarizan a maior parte do alumnado de contornos humildes, chegando a ser o 40% do seu alumnado (o outro 60% serían de contornos medios), mentres que na privada só teñen o 7,5% deste alumnado. Analizando os datos PISA este autores conclúen que os



estudantes mais favorecidos socio-economicamente sacan 67 puntos mais en PISA, mentres pola contra os menos favorecidos teñen un 5,5 veces máis de probabilidades de repetir curso. Con estas medidas somos todos os que subvencionamos as desigualdades cando se priman con concertos a moitos destes colexios privados. E este un exemplo para a Consellería galega?

Tamén estamos axudando a esta desigualdade coas **actividades extraescolares** que complementan os horarios dos centros con **xornada continuada**. Así resulta que a intensificación da xornada, sobre todo nos centros urbanos, deixa a expensas das posibilidades familiares o completar a xornada con actividades que axuden ou complementen a formación dos rapaces. Actividades de reforzo ou de complemento individualizado do currículo que raramente son ofertadas polos centros, e no resto dos casos só o alumnado das familias con recursos pode acceder a elas. Seguramente, neste debate dos tempos escolares, tan difícil de encarar con certa tranquilidade entre profesorado e familias, deberemos centrarnos nos próximos anos.

**Aumenta o alumnado que non sabe falar galego**, segundo datos recentes do Instituto Galego de Estatísticas (IGE), especialmente no ámbito urbano. No ensino as cifras son moi preocupantes. Desde que se promulgou o Decreto de Plurilingüismo no 2010 asistimos a un devalo continuado no emprego da nosa lingua. Indica o IGE que no tramo de idade que vai dos 5 aos 15 anos, o 30,04% recoñece non saber escribir galego, o 18,32% non saber lelo e o 23,9% non saber falalo, o que supón un incremento sobre os datos recollidos no 2008, ano da última enquisa anterior á entrada en vigor do chamado decreto de Plurilingüismo. Isto quere

dicir que un de cada catro estudantes galegos non é capaz de se expresar de ningún xeito na lingua propia de Galicia, e polo tanto non se está a cumprir o obxectivo primordial dunha norma básica para Galicia, como é a Lei de Normalización Lingüística. Esta situación dramática conta coa compracencia do actual goberno da Xunta de Galicia, que ve como se cumpren os seus obxectivos de facer do galego unha lingua subsidiaria do castelán.

**MRP recoñecidos... en Madrid.** Os Movementos de Renovación Pedagóxica (MRP), como Nova Escola Galega, fomos distinguidos coa gravata da Orde Civil de Afonso X O Sabio a proposta do Ministerio de Educación, aprobada polo Consello de Ministros do 14 de xuño de 2019. Agradécese este recoñecemento e agardamos que o próximo Goberno siga nesa liña e conte coa interlocución e as iniciativas destes Movementos para a próxima Lei de Educación.

**18/21 horas semanais de dedicación docente.** É a reivindicación que realizou no outono de 2019 todo o profesorado galego xunto coas organizacións sindicais. Por ser necesario para unha educación mellor e de quen máis o precisa. Unha conquista que as políticas neo-liberais anti-criese botou abaixo, a beneficio do ensino privado e a desregulación.

### FORMACIÓN DO PROFESORADO E ACCESO Á PROFESIÓN DOCENTE

Un breve comentario favorable sobre o Documento da Conferencia Nacional de Decanos/as e Directores/as de Educación, dada a necesidade de ter unha visión de consenso dun actor tan importante como é a Universidade e diante da proliferación de propostas relacionadas coa acumulación de procesos e programas electorais.

Parten os decanos dunhas **condicións previas indispensables** e elementais para desenvolver calquera proposta: Que sexa un proceso continuo, articulado e coherente entre formación inicial, inicio profesional e formación en exercicio. Contando este proceso cunha colaboración entre Administración e Universidade. Por último, contar coa colaboración dos actores: as Administracións (central e autonómicas), a Universidade, os partidos políticos e o propio profesorado.

Despois presentan diferentes propostas nas distintas fases, das que destacamos as seguintes:

- Para o acceso á formación dos graos falan de condicións de entrada cunha proba específica e unha valoración do expediente. Tamén propoñen racionalizar o número de estudantes.
- Para a formación inicial propoñen o incremento das prácticas, equiparándoas ás sanitarias cun seguimento mais persoal e rigoroso, creando a figura do profesor vinculado en Educación. Tamén adecuar as mencións dos graos ás especialidades docentes dos diferentes corpos.
- Para o acceso á profesión, que denominan APD (acceso á profesión docente), propoñen unha contratación por dous anos; similar ao MIR de medicina, con títolos profesionais e académicos acreditados, que conduza a unha acreditación para o exercicio profesional. A dimensión cuantitativa deste alumnado debe aproximarse á capacidade de absorción do mercado laboral.
- Para a formación permanente a novidade é a colaboración Administración- Universidade e as repercusións sobre a APD.

**PIN parental.** Un intento de ataque á educación democrática e pública, e contra a profesionali-

dade docente e os Consellos de centro.

### BOAS NOVAS

- Os informes de PISA mostran, no que avalían, unha positiva valoración do sistema educativo noso.
- Seis de cada 10 centros de Primaria e ESO solicitaron neste curso apoios da Consellería de Educación para desenvolver actuacións de reforzo para o alumnado dos seus centros.
- Mellora tamén entre nós a FP básica.
- Dos 9 centros que en 2016 inauguraron os clubs de ciencia nas aulas, pasamos aos 119 do presente curso.
- A Consellería de Educación puxo en marcha o programa ARCO (Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación)

### INICIATIVAS E RECOÑECEMENTOS



- Un apuntamento sobre a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas que na pasada convocatoria de xullo tivo unha especial atención á necesidade de introducir a educación teatral nos centros de ensino, como levan reclamando desde hai décadas, entre outros, Antón Lamapereira e Manolo Vieites.

- De interese as insercións televisivas de militantes de Nova Escola Galega sobre asuntos educativos en colaboración con Nós Televisión (sobre laicismo, medio ambiente, contra a discriminación de xénero e a loita pola igualdade, ante o galego na educación...).
- Un recoñecemento (Premio Encys) ao alumnado do IES de Mondoñedo que co seu profesor Óscar Chao Penabade elaborou un documento sobre o lobo na serra do Xistral.
- Saudamos a edición do *Xornal do Ensino Galego* que promove a CIG-Ensino. Un medio de información e de opinión necesario. E aínda máis, desexamos longa vida ao novo xornal en papel *Nós diario*, signo de afirmación democrática e popular.
- A Federación de Sociedades Culturais Galiza, baixo a guía da profesora Pilar García Negro, é promotora da notable exposición "Nós, de onte a hoxe: 100 anos de historia" como recoñecemento e difusión do que foi a Xeración Nós. O Concello de Allariz e a Xunta de Galicia programan igualmente outras relevantes iniciativas.

### ENCUNTROS

- Como todos os veráns desde hai unha década e media, a vila de Melide recupera parte das súas rúas como lugares de xogo da man da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. A filosofía das *ciudades educadoras* sementada por Francesco Tonucci atópase no xermolo da iniciativa, feita realidade tamén noutros lugares de Galicia ao longo do ano.
- No pasado mes de setembro celebráronse en Vigo as IV Xornadas Galegas sobre a Dislexia, organizadas pola Asociación Galega de Dislexia (AGADIX), cun importante programa e a intervención de recoñecidas especialistas. AGADIX, creada en 2006, reúne a 300 asociadas en toda Galicia.
- Celebráronse en outubro as III Xornadas da Terra de Miranda, organizadas por Nova Escola Galega, en colaboración con distintas administracións locais e a Deputación de Lugo. Un encontro que nesta ocasión reuniu o tecido asociativo vivo da comarca arredor do desenvolvemento rural e de experiencias de educación en contornas rurais, coa presenza, entre outros relatores, de Xosé Manuel Beiras e Narciso de Gabriel, e cun número notable de asistentes.





• En novembro celebrouse en Compostela o XVI Simposio convocado pola Asociación das Editoras Galegas, que na presente ocasión se centrou na cuestión do libro educativo na era dixital: a problemática da súa edición, os proxectos educativos dixitais no presente en marcha, o escenario internacional e os horizontes da educación foron as temáticas que centraron as Xornadas.

### NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS A TER PRESENTES

- GABRIEL, N. de (2019): *Xosé María Álvarez Blázquez. Mestre republicano. Diario escolar e desterro*. Vigo: Galaxia, 220 pp. Sobre a biografía e itinerario profesional deste destacado docente galego impulsor de Edicións Castrelo.
- GARCÍA DÍAZ, J. M. (2019): *La depuración del magisterio nacional en la provincia de La Coruña (1936-1945)*. Santiago de Compostela: Fundación Luís Tilve, 555 pp. Un pormenorizado estudo sobre a represión e depuración do profesorado da Coruña.
- BARROS, Miguel (2019): *Memoria dunha experiencia assemblearia. Crónica e ideoloxía do*

*movemento de mestres*. Vigo: Galaxia, 432 pp. A crónica do que foi o Movemento de Mestres de Pontevedra entre 1972 e 1977.

- PORTO UCHA, A. S., VÁZQUEZ RAMIL, R. (2019): *En el centenario del Instituto-Escuela. Obra educativa de los Institucionistas*. Soria: CESGA publishing, 245 pp. Unha nova e complementaria achega con notas sobre o Institucionismo e Galicia.
- ALONSO MONTERO, X. (Ed.) (2019): *Alfredo de la Iglesia. O intelectual, o educador e o autor do primeiro manual de literatura galega para escolares de Instituto*. A Coruña: RAG, 225 pp.. Edición dun manuscrito de 1919 titulado "Resumen de Historia de la literatura gallegra" que o profesor Alfredo de la Iglesia elaborou para estudantes do Instituto de Pontevedra.
- ABAD, X. C., PEREIRA, E. (2019): *O soño crebado. Da República á Guerra Civil en Vigo e na súa bisbarra. Caderno didáctico*. Vigo: Instituto de Estudos Vigueses, 175 pp. Un coidado texto sobre o tempo da II República e a represión franquista na cidade e arredores de Vigo elaborado polo profesor Xoán C. Abad con lograda intencio-

nalidade didáctica, acompañada de documentos e de valiosas imaxes e ilustracións.

- LÓPEZ VÁZQUEZ, R. (Coord.) (2019): *Diccionario de Filosofía*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ Ramón Piñeiro, 256 pp. Un diccionario de conceptos filosóficos, en lingua galega co obxectivo fundamental de delimitar con claridade e brevidade numerosos conceptos, en particular os relativos á antropoloxía, ética, política, estética e teoría do coñecemento, pensado para estudantes de bacharelato e de iniciación universitaria.

### ... E PARA OS/AS MÁIS PEQUENOS/AS:

- LÓPEZ, A. et alii (2019): *Diccionario visual*. Através Editora. 88 páxinas temáticas e ilustradas que recollen 3000 palabras.
- *O colo das palabras*, un libro-disco que botou a cantar A Semente Trasancos, con poesías, en particular, de Antón Cortizas coas súas fillas. ■

Ana Rodríguez Groba

ana.groba@usc.es

Denébola Álvarez Seoane

carmendenebola.alvarez@usc.es

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 84-85


Grupo de Investigación Stellae (USC)

## EXPERIENCIAS

**Girls&STEM** (<https://www.instagram.com/tecnologiaortigueira/>): Girls&STEM é un proxecto para visibilizar o papel da muller e reducir os estereotipos de xénero en torno ás materias de ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas que foi galardoado co primeiro premio do concurso #ApuntasTech? na categoría de centros educativos. O proxecto consistiu, dunha banda, no desenvolvemento dunha investigación para identificar o pensamento das estudantes de primaria e secundaria sobre a muller e a nena e as competencias STEM. Os primeiros resultados da enquisa amosan que os estereotipos de xénero seguen presentes. Por exemplo: a xuventude de Ortigueira non coñece referentes femininos na ciencia e na tecnoloxía e unha parte importante do alumnado non regalaría un xogo de construción a unha nena. Doutra banda, o proxecto inclúe obradoiros para alumnado de infantil, primaria e secundaria sobre robótica, domótica e programación, impartidos por alumnas monitoras-mentoradas do IES de Ortigueira. A idea xorde na actividade extraescolar de Robótica e Programación coordinada polo Departamento de Tecnoloxía do IES de Ortigueira, e no curso 2018-2019 estivo a cargo das profesoras Patricia Hermida Galán, Natalia Irimia Trigo e Sandra Gómez Queipo (da área de matemáticas). Podedes seguir as súas aventuras en Instagram e na canle de YouTube Girls&STEM.

**Ciencia en feminino, a muller na ciencia e a tecnoloxía** (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesfranciscoaguiar/>): O IES Francisco de Aguiar (Betanzos) leva sete cursos organizando a Semana da Ciencia e da Tecnoloxía, un proxecto documental integrado para lles dar visibilidade ás actividades científicas e de tecnoloxía que se desenvolven no centro; co que se implican diferentes departamentos e no que o propio alumnado exerce de monitores/as de obradoiros, charlas, concursos e exposicións, xustificadas curricularmente, e nas que poñen en práctica os coñecementos adquiridos. No curso 2017-2018 a temática en torno á que xiraron as 27 actividades foi "A ciencia en feminino. Mulleres científicas e tecnólogas". Neste ano o proxecto foi galardoado co premio de ciencias a *Proxectos Documentais Integrados* coordinados dende a biblioteca escolar do V Concurso de Traballos por Proxectos da Xunta de Galicia.

**Roteiro por Coia, coñecendo o barrio** (<https://sites.google.com/site/roteioporcoia/>): O Roteiro por Coia é un proxecto que xorde no IES Alexandre Bóveda de Vigo co obxectivo de que o alumnado coñeza a historia do barrio no que se atopa o centro. O alumnado do instituto, xunto cun grupo do profesorado, colaboraron co CFR de Vigo (que levou a cabo un estudo da toponimia, historia, socioloxía e arquitectura do barrio de Coia) para realizar unha ruta con 12 paradas en Google Maps e unha wiki na que explican os puntos destacados, utilizando diferentes recursos multimedia e colocando códigos QR polo barrio, para que calquera persoa interesada poida acceder á historia de Coia co seu dispositivo móbil ou tableta. O proxecto, que conta ademais co apoio do concello, busca desenvolver propostas didácticas en colaboración cos centros de primaria para estender o traballo ao alumnado de todas as etapas educativas.



## FERRAMENTAS

**Pictotraductor** (<https://www.pictotraductor.com/>). Pictotraductor é unha ferramenta para traducir linguaxe escrita en pictogramas, desenvolvida para facilitar a comunicación con persoas que teñen dificultades de expresión oral e se comunican mellor mediante imaxes (funciona correctamente para a tradución dende castelán). Está destinada a familiares ou profesionais para que poida ser empregada sen perder tempo en organizar o que se quere traducir. A ferramenta resulta moi intuitiva e conta cun manual de funcionamento e videotutoriais, ademais dunha sección para tomar ideas e ver o proxecto. É unha ferramenta gratuíta que non require descargas nin rexistro, aínda que os usuarios rexistrados poden acceder a algúns servizos extra, como por exemplo personalizar imaxes e imprimir ou gardar as frases para un uso posterior. Pictotraductor foi desenvolvido por Grupo Promedia, unha empresa de deseño web e aplicacións galega.

**Táboa periódica dos elementos: interactiva en galego** (<https://view.genial.ly/5c56e1191ef86d73dd928d73>). A táboa periódica inclúe a información habitual de cada elemento (nome, símbolo, número atómico ou código de cores en función do tipo de elemento); pero ademais, premendo en cada un deles, podemos obter moita máis información (orixe do nome, ano de descubrimento, masa atómica, estado, densidade, punto de fusión, punto de ebulición, historia, obtención e aplicacións). Este recurso interactivo foi elaborado polo alumnado do IES de Melide dos cursos de 2º da ESO, 4º da ESO e FP Básica, coordinado polo Departamento de Física e Química en conmemoración do Ano Internacional da Táboa Periódica declarado pola UNESCO para o 2019. A táboa periódica interactiva realizouse na plataforma Genially, unha ferramenta gratuíta para xerar experiencias de comunicación interactivas..

**ChromeMusicLab: SongMaker** (<https://musiclab.chromeexperiments.com/Song-Maker/>). Este laboratorio de música posibilita realizar experimentos musicais nos que podemos indagar no son, o ritmo, a melodía, a nosa voz e realizar combinacións seleccionando diferentes instrumentos, tipos de son, tempo, oitava, lonxitude... O seu potencial para aprender xogando e experimentando convértease nunha ferramenta útil para o ensino. Desenvolvida por Google CreativeLab, é unha aplicación de acceso libre sen descargas nin rexistro, á que se accede a través da ligazón web dende calquera dispositivo: móbil, tableta ou computador. Tamén se pode combinar con teclados musicais ou de ordenador e micrófono.

## NON DEIXES DE CONSULTAR...

- **Climántica: abordando a importancia do cambio climático dende o ensino** (<http://climantica.org/>). Climántica é un proxecto galego con recoñecemento internacional de educación ambiental contra o cambio climático que se iniciou no ano 2006 e do que forman parte un equipo multidisciplinar con expertos en didáctica, edición gráfica, multimedia e asesoría científica. O proxecto conta con recursos en formato impreso e dixital. Dende a súa páxina web pódese acceder a recursos de diferente tipo (unidades didácticas, láminas, cómics, series de curtos de animación 3D, videoxogos, documentais, blogs, revistas, fotografías...) destinados a educación primaria, secundaria e ao público en xeral. Os contidos especialmente destinados a educación secundaria organizanse en oito unidades didácticas que traballan os grandes problemas ambientais e os temas clásicos (enerxía, residuos, hidrosfera, biodiversidade, paisaxe e ordenación do territorio, medio rural e medio urbano) en relación co cambio climático a nivel global. Os produtos dirixidos ao ensino primario están deseñados nun marco máis lúdico. Ademais do acceso aos contidos, no sitio web podemos seguir as novidades do proxecto, eventos, experiencias etc., que permiten reflexionar e poñer en marcha iniciativas cos máis novos/as.

- **Pequepeixe: Quero coñecer o mar** (<https://pequepeixe.gal/>). Esta páxina permítenos acceder a unidades didácticas para nenos e nenas de 3 a 15 anos sobre o mar, a pesca e a súa terminoloxía en galego. Permite a descarga de diferentes unidades por idade, ademais de achegar unha serie de actividades e propostas: como desenvolver unha pequena investigación sobre o mar, receitas de cociña ou cuestionarios sobre os nosos coñecementos. Permítenos descubrir máis sobre o contexto galego e aumentar o vocabulario e coñecemento sobre un espazo tan importante na nosa comunidade.



- **Lectura na rede** (<http://lecturanarede.blogspot.com/>). Este blog foi creado polo grupo da biblioteca do CEIP Isaac Peral (Ferrol) e ten como obxectivo o fomento da lectura. Entre os contidos que podemos atopar na web aparecen contos, lendas, poesías e algunhas actividades multimedia. Poñen tamén a disposición do lector 2.0. recursos como: pictogramas, contos en imaxes e audiocontos que facilitan o achegamento destas historias a todas as nenas e nenos. Facilitan unha guía de lectura e mostran algunhas das actividades e recursos que se fan no centro. Sen dúbida, un lugar ao que acudir se buscamos abrir a nosa imaxinación.



## A memoria da historia e as historias da memoria

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 86-88

Pilar Sampedro

Consello de Redacción

[pilarsampedro507@gmail.com](mailto:pilarsampedro507@gmail.com)

A voz narradora de *Corredores de sombra* explica así: "A través do colexio non me chegara gran cousa, pois en todos os cursos, tanto en Historia como en Literatura, o mundo parecía rematar xusto antes de 1936 e nunca se daban os temas derradeiros dos libros". A literatura xuvenil pode colaborar a mellorar esta situación de descoñecemento ou desinterese. Este é un breve repaso pola LIXG escrita directamente en galego.

Unha das historias máis representativas deste universo pode ser "As sombras do faro" de Agustín Fernández Paz, incluído en *Historias para calquera lugar* en 2001, e, posteriormente, en 2004 no volume *Tres pasos polo misterio*. Neste relato, aparece un lugar maldito arredor do que se compacta un silencio mesto, pero prohibicións e ameazas non impedirán que o rapaz protagonista acuda á chamada irresistible dunhas figuras de aire negro "que non atopan acougo ata que chega o tempo do desexo": son os "paseados", que foran asasinados ao pé do faro e empurrados ao buraco inmenso que lles serve de sepultura.

Coma os refachos do faro, así van aparecendo as obras que nos remiten ao tema tabú, ao segredo gardado con cen cadeados. Se tivéssemos que escoller un autor, xa está citado: Agustín Fernández Paz, que tamén nos tiña ofrecido outro relato, "A memoria dos soños rotos" (2001), en *Ninguén está só*; relato que en 2002 aparecerá transformado na novela *Noite de voraces sombras*, na que unha moza de dezaseis anos descobre a través das cartas, fotografías, diarios e libros a historia dun seu tío avó, mestre republicano do que nunca se falaba na casa, represaliado polos golpistas.

Da mesma autoría é a novela *Corredores de sombra*, de 2006: outra moza de dezaseis anos é

testemuña involuntaria da descuberta dun esqueleto con buratos de bala, emparedado nunha das paredes da casa, o que a leva a indagar sobre o pasado da familia e a Historia do país. Fernández Paz asume a recuperación da memoria difundindo aquilo que os historiadores non conseguen divulgar, asumindo os conceptos clave, realizando unha relectura dos tempos “de soños rotos” e das falacias coas que se ocultou a realidade. Son as mozas desa terceira xeración as que recuperan a memoria dos avós porque a xeración dos pais se viu obrigada a manter a inmensa lousa de silencio; elas, as adolescentes, poden recoller as ideas dos vencidos e facelas revivir porque habitan un tempo no que é posible soñar de novo, e para iso han de coñecer o que sucedeu cando os mellores froitos foron ceifados.

Sara desenterra en San Simón o anel da outra Sara (a exiliada) coma nun *flash back* fantasma<sup>[1]</sup>. Clara é a viva imaxe da avoa Rosalía<sup>[2]</sup>. A recuperación da memoria lese como un acto de xustiza que lles devolve a honra a aqueles que foran borrados e pervertido o significado do seu tempo. Imaxes e conceptos plásmanse, para mostrar as cores dunha época: as ruínas do faro rodeadas de corvos ou os vellos papeis; as palabras: silencio, sombras, paseados, memoria, segredos, presenza inexplicables, soños rotos ou o tempo do desxeo (que o autor explicita desta maneira: unha batalla remata coa terra cuberta de mortos, vén o inverno e a neve tápao todo mostrando unha paisaxe de branco purísimo, pero cando chega a primavera e con ela o desxeo os cadáveres volven quedar ao descuberto mostrando o horror).

Estamos no tempo do desxeo. Nel, a modo de escintileos dese faro desaparecido, van apare-

cendo as diferentes historias como fiestras a ese período. Ás veces, trátase da única obra xuvenil dunha autora, como é o caso de Margot Chamorro e o seu *Tempo rachado* que se publicou en 1999 na colección Merlín, no tramo a partir dos 13 anos, e que se presentou máis ou menos da seguinte maneira: “Aínda está moi viva entre nós a memoria da guerra civil, e tamén dos longos e crueis anos da posguerra; unha época gris e amarga, sobre todo para quen tivo que ver como os seus ideais quedaron esmagados”. Ese é o tempo rachado do que se nos fala, visto a través dos ollos dunha nena vaguesa nacida nunha familia dos vencidos. Un relato testemuñal que recupera a memoria de sucesos inesquecibles, ilustrado con fotografías de época, cedidas polo Arquivo Pacheco. Caso semellante é o da única novela desta temática que escribiu Fina Casalderrey, *Historia da bicicleta dun home lagarto*, na que cun ton lírico aborda o misterio dos tempos de desaparicións e loitos, nos que agroman os versos de Miguel Hernández.

A primeira das luces viñera da man de Neira Vilas con *Aqueles anos do Moncho* (se asumimos “O ciclo do neno” ao completo como xuvenil). Publicada en 1976, sucede a *Memorias dun neno labrego* (1961) e *Cartas a Lelo* (1971) e está dirixida a un lectorado algo maior que as anteriores. O rapaz que realiza o relato vai madurando ao enfrontarse á realidade cruel da guerra e á represión, á desesperación dos fuxidos e á soberbia brutal dos que vencen sen ter que dar nin a batalla. Por se quedaba algunha dúbida, respecto do punto de vista, a imaxe da cuberta (a da editora Akal) reproduce “A derradeira lección do mestre” de Castelao.

Un libro de referencia é o que serviu para conmemorar o número cen da colección Merlín,

xa citado<sup>[3]</sup>. Ademais do relato de Agustín Fernández Paz, recolle “A muller prohibida” de An Alfaya. Nel, o avó que anda a perder os recordos vai facendo depositario dos mesmos ao neto, para que poida devolverllos máis tarde (“ti serás a miña memoria”); entre o que se conta aparecen os tempos de Franco e a referencia aos “paseados”<sup>[4]</sup>. Esta autora retomará estes tempos na novela coa que consegue o premio Lazarillo 2005, *A sombra descalza*. É, de novo, unha moza de dezaseis anos a que, afogada entre segredos familiares procedentes dun pasado escuro, vai tirar do fío para



[3] *Historias para calquera lugar*.

[4] Presentes en dous dos cinco relatos do volume, como vemos.



[1] *Noite de voraces sombras*.

[2] *Corredores de sombra*.



que as voces das mulleres revelen os misterios. Libro que incide na recuperación da memoria e a dignidade desas mulleres que se perdera na miseria duns tempos nos que a elas lles tocou sufrir, a maiores, a opresión de xénero.

Outro resplandor correspóndelle a Manuel Rivas. El publica, en 1995, a premiada colección de relatos *Que me queres, amor?* Neste volume aparece por primeira vez "A lingua dos bolboretas", que posteriormente será publicada de forma autónoma e con ilustracións de Miguelanxo Prado nunha colección xuvenil de Galaxia, en 2005. Percorre a narración esa idea do mestre como inimigo a abater polos golpistas, o adversario ao que non poden perdoarlle o empeño en repartir educación e cultura; mestres e mestras republicanas<sup>[5]</sup> que andan na órbita da Institución Libre de Enseñanza. Rivas retoma o tema e acolle un

[5] Ensinantes que atopamos nun libro moi representativo, *Xograres doutros tempos* de Pepe Carballude, onde se fai a crónica das Misións Pedagóxicas ou no relato de Darío Xohán Cabana "O mestre de Silvarrei".

dos derradeiros maquis no conto "O namorado de María", inserido primeiro en *Contos de Nadal* (2003) e posteriormente en *Madonna e outros contos de inverno* (2015).

Un raio poder servir para traer a obra teatral *Casa durmida* de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo, publicada en *Cadernos da Escola Dramática Galega* (1988) e posteriormente en *A Fervenza* (2006, colección de Teatro Escolar), na que se representa o paso pola casa dun fuxido, no medio da noite franquista.

Certamente, hai moitas máis historias que alumean a escuridade e só poderemos máis que citar... Hainas que están incluídas en libros de relatos como *Historias roubadas* de Fernández Naval; outras son novelas que reflicten esa época (nese ambiente denso de miseria acompañando a procesión dos "caladiños" que envolve o exilio interior), entre as que destacan *A teima de Xan* (1991, Antonio García Teijeiro), *A casa da luz* (2002, Xabier P. Docampo), *Tristes armas* (1994, Marina Mayoral), *Todo*

o peso do ceo (1997 Xosé Manuel Martínez Oca), *Paisaxe con fondo gris* (2001, Pepe Carballude)... Tamén hai moitos que forman parte deste sistema literario como resultado da súa tradución ao galego, pero aos que non me vou referir aquí por falta de espazo.

Para non engadir bibliografía, hai dous libros aos que remito por tratan esta temática de forma máis extensa: *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil*, coordinado por Blanca Roig, Pedro Lucas e Isabel Soto, e *A memoria das guerras*, coordinado pola propia Blanca Roig e M<sup>a</sup> Jesús Agra.

Finalmente, constatamos que as historias iluminaron, a través da literatura, os tempos negados. Mostraron así esa capacidade das artes para descender as cortinas e revelar realidades que se pretendían ocultar. Moitas veces foi a ficción quen nos abriu os ollos. ■



## Referencias para se chegar ao talento creativo, ao maxisterio intelectual, á figura cívica e ao perfil humano de Ricardo Carvalho Calero



REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 89-96

Emilio Xosé Ínsua

Consello de Redacción

mimadrinha@edu.xunta.es

A redor do vindeiro 17 de maio de 2020 teremos oportunidade de festexar e render xustísima homenaxe á figura do sabio ferrolán Ricardo Carvalho Calero (30.X.1910-25.III.1990). Abonda unha simple enumeración das facetas que desenvolveu ao longo da súa traxectoria para decatarse da relevancia que lle corresponde e da valía e magnitude do seus variados esforzos e contribucións: poeta, dramaturgo, narrador, colaborador de prensa, brillante alumno da Universidade compostelá, activo socio do Seminario de Estudos Galegos, militante galeguista, miliciano e tenente no exército republicano, preso político no cárcere de Jaén ao acabar a guerra, profesor case clandestino de academias e pasantías no seu

Ferrol natal durante a inmediata posguerra e logo no Colexio Fingoi de Lugo, docente no instituto "Rosalía de Castro", primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega na Universidade compostelá a partir de 1972, gramático, numerario da RAG, teórico e activista do reintegracionismo, membro de honra da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) e da Associação Galega da Lingua (AGAL), socio da Academia de Ciencias de Lisboa, medalla "Castelao" en 1984, Fillo Predilecto de Ferrol (1990)...

Foi a súa, en palabras da súa filla M<sup>a</sup> Victoria, "umha vida densa e austera, dedicada a traballar por Galiza e pola súa cultura". Fernán-Vello e Pillado Mayor esencializaron o seu perfil asegurando que foi "un home de lúcida palabra, afirmada galegitude e libre espírito" que soubo manter decote, ademais, "a súa voz insobornábel e crítica, radical e elegante, esperanzada e persistente".

No desexo de contribuímos ao coñecemento da súa variada obra e co ánimo de axudarnos a se orientar na xa nutrida produción bibliográfica que o seu quefacer xerou ata o momento, ofrecemos a seguir este monllo de referencias brevemente comentadas, a xeito de convite a mergullarse durante os días que veñen nelas. Poderemos así levar ás aulas (e ás rúas) toda a riqueza que atesouran convertida en actividades didácticas, culturais e/ou lúdicas, á procura sobre todo desas xeracións máis novas que necesitan beber nas fontes limpas da nosa tradición máis honesta e universal, a que Carvalho Calero tan ben encarnou en vida e que simbolizará xa para todo o sempre.

### A) PRODUCCIÓN POÉTICA

Don Ricardo, que deixou dito que "o máis íntimo da miña personalidade está reflexado na poesía", comezou a súa traxec-

toria lírica na pre-guerra, con dous poemarios en castelán - o modernista *Trinitarias* (Imprenta de 'El Correo Gallego', 1928) e o juanrramoniano e lorquiano *La soledad confusa* (Ed. Nós, 1932) -, e outros dous en galego: *Vieiros* (1931) e *O silencio axionllado* (1934). Estes últimos, saídos do prelo de Ánxel Casal, teñen diverso xorne: mentres o primeiro permanece ancorado aínda no simbolismo e no influxo de Rubén Darío, o segundo, acollendo ecos neopopularistas, neotrobadorescos e imaxinistas, representa unha contribución importante para a consolidación das novas correntes estéticas que bebían máis ou menos directamente da sensibilidade das vangardas (sobre todo do creacionismo e algo tamén do surrealismo), aínda que sen chegar a asumir todas as súas audacias.

Tense sinalado que, desde moito cedo, a poesía de Carvalho articulouse nun triplo eixo temático: o transcendente (poemas de corte filosófico e relixioso), o erótico-amoroso e o cultural e/ou clasicista (poemas de referencias míticas, bíblicas, históricas e artísticas). Tamén se ten subliñado o ton cerebral, meditativo, racional de moitos dos seus poemas, en oposición á poesía "apaixonada". El propio afirmou que "a poesía para min non é outra cousa que catar-se, non é un fin en si mesmo: é unha maneira de expresar esa transcendencia, unha maneira de purificar-se, de purgar as angústias, as preocupazóns do home". Formalmente, foi un versificador versátil, que apostou unhas veces polo rigor métrico e outras, en troca, polo versolibrismo.

En 1993, Claudio Rodríguez Fer ofreceu no volume *Poesía perdida* (Eds. do Castro, Serie Documentos, núm. 101) o conxunto da poesía en español escrita por D. Ricardo e agrupada e organizada polo propio profesor en cinco libros, titulados res-

pectivamente *Versos para olvidar* (con versos escritos entre 1925 e 1930, bastantes dos cales apareceran no libro *Trinitarias*), *Versos para romper* (composicións elaboradas entre 1929 e 1944, algunhas das cales fixeron parte do xa citado *La soledad confusa*), *Romancero de apócrifos y canónicos* (conxunto de 31 romances escritos entre 1930 e 1941 e protagonizados por figuras bíblicas), *Teoría de Eva* (conxunto de cen sonetos de fasquía modernista dedicados a diversos prototipos femininos, que foi composto entre 1939 e 1941 no cárcere xienense) e, por último, *Avena loca* (54 textos poéticos escritos entre 1945 e 1947).

Na posguerra, Carvalho Calero fixo a súa contribución para a resurrección poética do galego en plena ditadura franquista, nutrido cos seus versos varias das tendencias que daquela se manifestaron (culturalista, intimista, existencial...), mais non a "comprometida", que el propio refugaba en liñas xerais pola moitas veces manifesta desidia desa corrente á hora de atender os aspectos formais e retóricos e polo frecuente esquematismo maniqueo con que presentaba a complexidade dos feitos e condutas sociais. Coas súas palabras: "Un poema pode ser bo ou mau independentemente de que o seu contido ético sexa xusto ou inxusto... O absurdo é crer que abonda con escoller eses temas para facer un bo poema e que o volume do berro ideolóxico suple a altura do ton poético". Non admira, por iso mesmo, que gabase moito máis nos seus comentarios críticos a produción coeva dun Cunqueiro ou dun Díaz Castro que a poesía combativa dos poetas socialrealistas.

Libros de Don Ricardo contribuíron para as pioneiras coleccións "Benito Soto" de Pontevedra (*Anxo de terra*, 1950) e "Xistral" de Lugo (*Poemas pen-*

*durados dun cabelo*, 1952), así como para a colección poética "Salnés" da editorial Galaxia (*Salterio de Fingoy*, 1961, núm. 2). A vertente metafísica, filosófica e existencial é a dominante neles, con continuas referencias a motivos como a finitude humana, a loita entre materia e espírito, a procura de Deus, etc. O seu autor sitúase así preto da chamada "Escola da Tebra", aínda que con notas moi singulares.

Case todo este ciclo poético en galego de preguerra e posguerra reuniuno o propio autor no volume *Pretérito imperfecto* (1927-1961), publicado polas Eds. do Castro en 1980, con revisión lingüística e ortográfica da súa propia man. Dous anos despois, Carvalho abría un novo ciclo co volume *Futuro condicional* (1961-1980), tamén publicado por Eds. do Castro (1982), no que recompilou, ao lado de abundante poesía inédita, algúns dispersos en publicacións periódicas.

No terceiro e derradeiro ciclo da súa traxectoria poética, Carvalho Calero acentuou a madurez expresiva e a intensidade emotiva, que se tinxiu claramente de notas melancólicas e estoicas. Se *Cantigas de amigo e outros poemas* (1980-1985) (AGAL, 1986) pode lerse como un libro organizado en tres grandes tipos de composicións (as que tratan das relacións humanas e amorosas, enunciadas por voces femininas; as que amosan un certo transfundo histórico, non exento de toques escépticos, e, finalmente, as que se debruzan sobre as eternas cuestións existenciais - o amor, a morte, o correr do tempo, a felicidade imposible...-), *Reticências...* (1986-1989) (Ed. Sotelo Blanco, col. Vento que zoa, 1990), de publicación xa póstuma, traduce con sinceridade conmovedora, axustándose frecuentemente á rixida estrutura do soneto, os derradeiros latexos do cora-

zón de D. Ricardo no solpor da súa vida.

En 1992, Pilar Pallarés preparou e publicou na Colección Esquíu a escolma *Fillo de Eva (88 poemas de Ricardo Carvalho Calero)*, cun limiar no que se ofrecen incisivas e moi lúcidas análises e perspectivas sobre a poesía do ferrolán.

## B) PRODUCCIÓN NARRATIVA

Dúas son as novelas relevantes que escribiu Carvalho Calero.

Por unha banda, *A gente da Barreira*, que coñeceu diversas edicións desde que se fixo merecedora do premio convocado en 1949 pola editora "Biblió-

filos Gallegos"<sup>[1]</sup>, inaugurando a narrativa galega de posguerra. Continuadora das mellores esencias estilísticas da prosa do "Grupo Nós", nomeadamente Castelao e Otero Pedraio, a novela amosa con enfoque realista unha concatenación de capítulos con entidade propia, ambientados na Galiza rural de finais do s. XIX e primeiras décadas do s. XX, poboada por tres

[1] Entre esas edicións sinalaremos a da propia Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1951; a da librería compostelá "Follas Novas", en 1982; a de Eds. do Castro en 1984 no volume *Narrativa completa*; a de Eds. A Nosa Terra /AS-PG, col. A nosa Literatura, núm. 50, en 1997, ao cargo de M<sup>a</sup> Pilar García Negro e, finalmente, a da "Biblioteca 120" do diario "La Voz de Galicia", en 2002, que modifica non obstante o título converténdoo indebidamente en *A xente na Barreira*.

xeracións sucesivas de fidalgos e campesiños, señores (morgados ou segundóns) e criados. Como resume Araceli Figueroa, trátase dunha "novela-fresco, mais en miniatura", que recolle "o momento histórico, social e político dunha sociedade, reflectido a través dos retratos dunha familia".

Por outra, a tecnicamente prodixiosa *Scórpico*, merecedora no seu día do Premio da Crítica (1987)<sup>[2]</sup>. Este romance caleidoscópico encerra numerosos elementos autobiográficos, pois o personaxe protagonista, "Rafael Martínez Pinheiro", vive unha peripecia na Galiza e na España das primeiras décadas do século XX que presenta numerosas coincidencias coa que o propio Carvalho Calero desenvolveu, se ben é certo que o final trágico do personaxe ficcional durante un bombardeo en Barcelona en 1938 non casa coa biografía do escritor.

A maiores, Carvalho tamén escribiu varios relatos breves, algúns deles dados a coñecer inicialmente na revista *Grial*. En 1984 as Edicións do Castro reuniron baixo o título de *Narrativa completa* a súa novela *A gente da Barreira* e os relatos "Os señores da Pena", "O lar de Clara", "As pitas baixo a chuvia", "Os tumbos", "A cegoña" e "Aos amores seródios".

"Os señores da Pena" e "O lar de Clara" son dúas novelas breves cun motivo temático común á propia *A gente da Barreira*: o da decadencia de dúas familias galegas, rural e fidalga unha, urbana e negociante, outra. Tense sinalado o que de autobiografismo pode haber na segunda delas, ambientada nunha cidade con mar (Ferrol?) e protagonizada por un home que semella responder en varios aspectos á

[2] Entre elas non deixaremos de citar a *princeps* debida a Eds. Sotelo Blanco, colección Medusa, 1987 e as posteriores de 1989 (2<sup>a</sup>) e 1993(4<sup>a</sup>), así como a preparada por Eds. A Nosa Terra/AS-PG en 1997 e a máis recente de Através Editora (2019).



figura do propio pai de D. Ricardo. Tamén se predica este trazo para o relato "As pitas baixo a choiva", do que hai unha edición relativamente recente, 2008, da man da casa editora ferrolá Embora, con ilustracións de Alberto Toval. A acción (unha anécdota de infancia arredor dunhas galiñas) ambiéntase en Serantes, onde a familia de Don Ricardo pasaba os veráns cando el era neno. O mesmo pode dicirse de "Os tumbos", que tamén nos transporta á época dos veráns infantís do autor en Serantes e que ten como protagonista unha criada que aguza o seu enxeño para, cunha estratagemática en que intervén o medo e o misterio, tentar precipitar o regreso da familia veraneante á cidade, pois nela atopábase o noivo a quen aquela botaba moito de menos. Pola súa vez, "Aos amores serodios" aborda o mesmo motivo temático que a peza teatral *Os vellos non deben de na-*

*morarse*, mais expón unha tese antitética á do título ideado por Castelao. Por último, o relato "A cegoña" literaturiza unha anécdota que Carvalho lle escoitou contar na mocidade a unha muller que lle daba clases de alemán.


### C) PRODUCCIÓN DRAMÁTICA

Tamén se manifestou o talento creativo de Carvalho Calero no campo dramático e teatral, ao que dedicou esforzos na faceta propiamente autorial, como crítico, na animación de diversas experiencias no Colexio Fingoi de Lugo e como colaborador entusiasta dos *Cadernos* editados pola Escola Dramática Galega.

En 1971 a editorial Galaxia publicou o volume *Catro pezas: A sombra de Orfeo. Farsa das zocas. A arbre. Auto do prisioneiro*. Once anos despois, o autor xuntaba novamente esas catro obras e aínda outras tantas inéditas (*O fillo, Isabel, O redondel, Os xefes*) para ofrecer, da man das Eds. do Castro, o seu *Teatro completo*.

*O fillo*, escrita por D. Ricardo cando apenas contaba 23 anos coa intención (frustrada) de a publicar no boletín *Nós* e premiada máis tarde, xa na posguerra (1947), nun certame teatral promovido pola colonia galega bonaerense, está protagonizada por unha muller que tenta conciliar os dous arquetipos contradictorios de virxe e mai, nunha loita de instintos que a súa criada soubo non obstante fundir harmoniosamente. *Isabel* está protagonizada por un home viúvo, Mario, que recupera en forma de pura ensoñación a súa muller morta. *A sombra de Orfeo* xira arredor da figura dun músico talentoso e de grande atractivo, Rafael, que, non obstante, refuga as pretensións amorosas que lle formulan seis mulleres de diversa personalidade para se consagrar por enteiro á súa

vocación artística. *A Farsa das zocas* está inspirada nun relato popular recollido en terras de San Sadurniño por unha alumna de Carvalho no Colexio Fingoi, Esperanza Carnero Dopico, e amosa un tratamento guiñolesco e caricaturesco dun sucedido que involucra a unha muller defunta de quen intentaron aproveitarse malevolamente o seu marido e a súa cuñada. Na peza *A arbre*, Carvalho Calero revisita de xeito abstracto e simbólico o relato bíblico da expulsión do Paraíso para presentar o amor como causa esencial da infelicidade humana. A peza *O redondel* adapta nun acto o drama *O círculo de xiz*, do escritor chinés Li Hsing-Tao, inspirado na coñecida historia do rei Salomón e dúas nais que se disputaban un fillo. Foi composta por Carvalho Calero para representar polo alumnado do Colexio Fingoi, baixo a súa propia dirección. *O Auto do prisioneiro* é a máis expresionista e existencial das súas pezas, que algúns consideran mesmo algo kafkiana, e nela Don Ricardo tentou, en palabras súas, "refletir nunha forma moderna, poética e incisiva, a angústia do home engaiolado na súa finitude, mas com umha fáustica sede de além". O protagonista, un prisioneiro que non carece de nada na súa cela, interrógase sobre a existencia ou non do director da cadea, que disque é seu propio pai, a quen nunca viu. Por último, *Os xefes* ambiéntase nunha guerra para subliñar esquematicamente, con estratexias en que o paralelismo escénico e actancial é moi destacado, o que de semellanza de fondo hai en idearios aparentemente contrapostos e incompatíbeis. Esas semellanzas resúmeas o propio Carvalho alundindo á "esclavitude dos chefes com relação ás massas e o da manipulação das massas polos chefes". Desa maneira, engade, "escutamos as mesmas soflamas, contemplamos as mesmas atitudes, observamos



Fotografía de Moncho Rama.

as mesmas convenções, estimamos os mesmos valores” nos dous bandos, aínda que traben unha guerra tan feroz como inútil, pois ao final os líderes dos dous exércitos amañan un pacto.

#### D) PRODUCCIÓN ENSAÍSTICA E INVESTIGADORA

O campo en que a figura intelectual de Carvalho Calero brilla con forza especial é, sen dúbida, o da produción ensaística e investigadora.

Como filólogo e como gramático, convén sinalar a importancia divulgativa da súa *Gramática elemental del gallego común*<sup>[3]</sup> (que, en palabras de Montero Santalha, “foi na cultura galega un acontecemento de enorme transcendência”, con nada menos que sete edicións consecutivas) e mais o relevante papel que desempeñou no seo da Real Academia Galega, tanto en 1971 como en 1979, na conformación dunhas *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega*, antes de que a exacerbación de posicións conducise a un conflito feroz entre “reintegracionistas” (lusistas) e “isolacionistas” (antilusistas), con “caza de bruxas” incluída, que aínda hoxe non demos superado coa suficiente madurez.

Como sociolingüista, o seu contributo lúcido e honesto para a análise histórica do proceso de substitución idiomática que vén padecendo a nosa sociedade e para o deseño de políticas normalizadoras, que se concretou en forma de numerosos artigos, relatorios, conferencias, etc., reúnese esencialmente en catro volumes: *Problemas da lingua galega* (Sá da Costa Editora, Lisboa, 1981), *Da fala e da escrita* (Galiza Editora, 1983), a primeira parte de *Letras Galegas* (AGAL, 1984) e *Do galego e da Galiza* (Ed. Sotelo Blanco, 1990).

[3] Ed. Galaxia, col. Manuales, núm. 3, 1ª ed., 1966, 2ª ed. 1968, 3ª ed. 1970, 4ª ed. 1974 e 5ª ed. 1976.

Tamén ofrece unha escolma dos seus textos sobre a *questione della lingua* o libro *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía* (1997), preparado por Gonzalo Costenla para a *Historia da Literatura* editada en fascículos pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e A Nosa Terra.

O Carvalho Calero historiador e crítico literario ofreceu dúas monografías imprescindíbeis: *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (Ed. Gredos, Col. Biblioteca Románica Hispánica. II, Estudios y ensayos, núm. 25, 1955), en que plasmou o esencial da súa tese de doutoramento, e a impar e monumental, en todos os sentidos, *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)* (Ed. Galaxia, 1ª ed., 1963, 3ª ed. 1981), que, entre outros moitos méritos, deixou definitivamente asente o criterio idiomático para delimitar o corpus da nosa literatura, fronte a calquera tentación asimilista ou subsidiarizante.

De idéntica índole, a xeito de amplificación ou complemento desa *Historia...*, son os volumes *Libros e autores galegos: dos trovadores a Valle Inclán* (Fundación Barrié de la Maza / Real Academia Galega, colección Galicia Viva, núm. 1, 1979) e *Libros e autores galegos. Século XX* (Fundación Barrié de la Maza, colección Galicia Viva, núm. 2, 1982), que D. Ricardo preparou coa axuda de Lydia Fontoira. Mais a achega de Carvalho no campo dos estudos literarios non ficou niso, pois con posterioridade xuntou moitos dos artigos, comentarios e recensións que puntualmente confeccionou sobre obras e figuras da nosa literatura de todas as épocas (medieval, Séculos Escuros, Rexurdimento, contemporaneidade...) en volumes como *Letras Galegas* (AGAL, 1984) e mais *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (Eds. do Castro, 1989).

No ano 2000, co gallo do décimo aniversario do pasamento de Don Ricardo, Laura Tato editou o volume *Escritos sobre teatro* (Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor-Universidade da Coruña, núm. 11), unha colectánea de 32 textos, ordenados cronoloxicamente, en que o ferrolán se ocupa de historiar, comentar e analizar obras e autores moi emblemáticos do teatro de noso.

Don Ricardo dedicouse, ademais, a un estudo particularizado dalgúns autores, con volumes como *Sete poetas: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Luís Amado Carballo, Manuel Antonio* (Ed. Galaxia, 1955).

Ben coñecida a súa rendida admiración polo poeta cambadés Ramón Cabanillas (prologaría, de feito, as súas *Obras Completas*) e polo escritor ourensán Otero Pedraio, de quen tomou, por exemplo, o nome dun dos personaxes oterianos máis destacados, “Martíño Dumbria”, para asinar traballos na revista *Grial*. O autor de *Arredor de si* foi, non por acaso, quen pronunciou o discurso de acollida o día do seu ingreso na Real Academia Galega, o 17 de maio de 1958.

Tamén destaca, nesta mesma perspectiva, a atención emprestada polo profesor a Castelao (con numerosos traballos finalmente recollidos no volume *Escritos sobre Castelao*, Ed. Sotelo Blanco, 1989 e a preparación dunha *Antología bilingüe* do rianxeiro), a Eduardo Pondal (coa edición anotada de *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*, Ed. Galaxia, 1961) e a Rosalía de Castro. Á cantora do Sar dedicou o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega (*Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*, Eds. Celta, Lugo, 1959), o volume *Estudos rosalia-*

nos: aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro (Ed. Galaxia, 1979) e edicións críticas dos *Cantares Gallegos*, de *Follas Novas* e de *En las orillas del Sar* para editoras hispanas como Anaya e Cátedra.

O afán divulgativo e a necesaría posta en circulación de materiais de primeira man para o estudo do noso feito literario levárono a preparar breviaríos, antoloxías e escolmas moi diversas, entre as que podemos citar *Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea* (Real Academia Galega, 1966); *Prosa galega I: Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós* (Ed. Galaxia, 1976), *Prosa galega II: Dos novecientistas aos nosos días* (Ed. Galaxia, 1978) e *Prosa galega III: Da época trobadoresca ao neoclasicismo* (Ed. Galaxia, 1980); *Teatro Nós* (Follas Novas, 1979); *Cantigas de amor, de escarnio e de louvor do rei Afonso X o Sabio* (1983), en colaboración con Carme García Rodríguez; etc.

Conferencias, prólogos (a libros como *Gárgolas*, de Tomás Barros e *Do sulco*, de Xohana To-

res); discursos, presidencias en diversos congresos e xornadas, orientación de numerosas teses de licenciatura e/ou doutoramento (as de Teresa Otero Sande, Camino Noia, Aurora Marco, Lydia Fontoira, Domingo Blanco, Carlos Casares, Carmen García, Araceli Herrero, Antón Figueroa, Xoán Verdini, Rita Peinado, Sergio Feijoo, Pilar Lorenzo, M<sup>a</sup> José Sierra, Carmen San León, Anxo G. Guerra, Manuel Ferreiro, Xosé R. Pena, Méndez Ferrín, Xosé M<sup>a</sup> Dobarro...) e un longo etcétera de actividades de índole semellante balizaron o seu labor científico.

En 2010, Pilar García Negro deu ao prelo o libro *Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación* (Eds. Laiovento, col. Ensaio, núm. 268). Trátase dunha recompilación, a xeito de antoloxía disposta cronoloxicamente, de case medio cento de traballos de investigación, ensaios e artigos do sabio ferrolán que a autora considerou, co rigor e bo facer intelectual que a caracteriza, como máis relevante e mesmo "actual" (no sentido interpelativo da palabra) entre a súa produción.

### E) PRODUCCIÓN XORNALÍSTICA E PUBLICÍSTICA


Desde mozo, ademais de ofrecer no Centro Obrero de Cultura ferrolán a conferencia "En torno a las ideas comunistas de Platón" (1929), de pronunciar o discurso inaugural do curso 1930-31 na Universidade compostelá e de axudar a redactar, con Lois Tobío e Alexandre Bóveda, un "Anteproxecto" estuario galego (1931), Carvalho Calero compuxo traballos literarios, recensións de libros e artigos xornalísticos que viron lume en revistas como *Vida Gallega*, *A Nosa Terra*, o boletín *Nós*, etc. Unha parte deles reuniunos no volume *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares (1930-1933)*

(Eds. Do Castro, Serie Documentos, núm. 33, 1987).

Foi o propio Carvalho Calero, pouco antes de morrer, quen seleccionou, ordenou cronoloxicamente, revisou e elixiu o título común para os 101 textos que conforman o volume *Umha voz na Galiza. Artigos de jornal (1933-1989)* (Ed. Sotelo Blanco, col. Estudos e Investigacións, 1992). Trátase, en palabras da prologuista Carmen Blanco, dunha "obra miscelánea na que se recollen artigos de prensa que xiran en torno aos temas políticos, lingüísticos, literarios e culturais en xeral" e que deixan claramente testemuñada "esa actividade intelectual ininterrompida a favor dun ideal nacionalista que, con distintas modulacións, mantivo sempre". Foron cabeceiras como *El Pueblo Gallego, Galicia (Diario de Vigo)*, *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego*, *La Región* e *A Nosa Terra*, basicamente, as que acolleron no seu día esa produción xornalística do polígrafo ferrolán. Co pseudónimo de "Fernando Cadaval" asinou tamén numerosos artigos no diario compostelán *La Noche* e no *Faro de Vigo*, neste último sobre todo na época en que o dirixiu Álvaro Cunqueiro.

### F) EPISTOLARIOS

Ata o momento son dúas as coleccións de cartas a ou de Carvalho Calero publicadas, con todo o que iso supón de valiosa ferramenta para o coñecemento da súa traxectoria e do seu perfil. *Epistolario a Fernández del Riego* (Ed. Galaxia, Col. Memoria, núm. 10, 2006), en edición de Dolores Vilavedra e Montserrat Pena, e *Epistolario Ricardo Carballo Calero-Ramón Piñeiro (Historia dun libro)* (Centro Ramón Piñeiro, Cadernos, núm. XXXIII, 2015), en edición de Luís Cochón, Luís Alonso Girgado, Xurxo Martínez González e Nuria Rouco Aneiros.



## G) LIBROS DE CONVERSAS

Cando estaba xa xubilado como profesor universitario, Don Ricardo aceptou colaborar a mediados dos anos 80 do pasado século en dous proxectos de índole semellante que deron como resultado outros tantos libros de conversas. Eses libros, dalgunha maneira, encerran no seu contido esas "memorias" que o sabio ferrolán non chegou a confeccionar como tal. Referímonos ás *Conversas en Compostela con Carballo Calero*, de Miguel Anxo Fernán-Vello e Francisco Pillado Mayor (Ed. Sotelo Blanco, col. Realidades, 1986) e ás *Conversas con Carballo Calero*, de Carmen Blanco (Ed. Galaxia, col. Conversas, núm. 2, 1989).

Posteriormente, xa desaparecido o vello profesor, a propia Carmen Blanco entregou novas páxinas resultantes das súas conversas con el, co título de *Carballo Calero: política e cultura* (Eds. do Castro, Serie Documentos, núm. 81, 1991), que reúne semblanzas de numerosas personalidades, e Francisco Salinas Portugal fixo outro tanto no volume *Voz e silencio. Entrevista con R. Carvalho Calero* (Eds. do Cúmio, 1991), froito dun encontro verificado en 1989, pouco tempo antes do seu falecemento. O propio Salinas Portugal guionizaría, con base nesa entrevista, un vídeo sobre Carvalho Calero editado pola AS-PG e dirixido ao ensino non universitario.

As catro publicacións anotadas son valiosísimas, tanto polo volume de información biográfica e contextual que ofrecen como polo rigor con que se formulan nelas as cuestións que dan pé ao repaso autobiográfico que dese xeito realiza Carvalho Calero, como, en fin, polo que representan de implícita homenaxe e recoñecemento en vida a unha figura que xa nesa altura padecía notorias marxinacións e abertas hostilidades, basicamente


(aínda que non só) por mor da súa posición reintegracionista no debate sobre a normativización da lingua.

## H) ACTAS, REVISTAS, ESTUDOS E MONOGRAFÍAS SOBRE EL

Ao pouco tempo de se xubilar como catedrático universitario (outubro de 1980) e cando xa comezaban a ser notorias para el, en certos planos, as consecuencias negativas da súa aposta sobre as orientacións normativas que debía adoptar o idioma, Carvalho Calero recibiu unha homenaxe pública en Ferrol organizada pola sociedade cultural "Medulio". O ciclo de conferencias e actividades que entón se desenvolveron deron orixe ao opúsculo *Cadernos do Medulio. Homenaxe a Carballo Calero* (Ferrol, 1982).

Algún tempo despois tamén O *Ensino: revista galaicoportuguesa de sociopedagogía e sociolingüística* tributou nas súas páxinas unha *Homenagem ao Professor Carvalho Calero* (núms. 18-22, 1987) e o propio fixeron, xa morto o profesor, a revista *Agália (In memoriam Prof. Carvalho Calero)*, núm. 21, primavera de 1990, a revista da lusofonía *Nós (Actas do I Congreso Internacional de Literaturas Lusófonas. En homenagem a Rodrigues Lapa, Celso Cunha e Carvalho Calero)*, núms. 19-28, 1990/1991) e a Associação Galega da Língua-AGAL (*Actas do III Congreso Internacional da Língua Galego-portuguesa na Galiza. Em homenagem ao Professor Carvalho Calero*, 1992).

Grande repercusión tivo a revista monográfica *Ricardo Carvalho Calero. A razón da esperanza*, das Edicións A Nosa Terra (col. A Nosa Cultura, núm. 13, 1991), con colaboracións de numerosos especialistas que ofreceron un poliédrico achegamento á súa figura: Fernán-Vello, Carme Blanco, Claudio R. Fernández del Riego, Francis-



co Rodríguez, Ramon L. Suevos, Montero Santalha, Henriquez Salido, Pilar García Negro, Domingos Prieto, Francisco Salinas, Elvira Souto, Martínez Pereira, Araceli Herrera e Aurora Marco.

A propia Aurora Marco non tardaría en ofrecer ao público o seu ensaio *Foula e ronsel. Os anos xuvenís de Carvalho Calero (1910-1941)* (1992), repleto de información con apoiatura documental e recompensado co 6º premio Ánxel Fole da Fundación Caixa Galicia e o xornal *El Progreso*. Pola súa vez, Elvira Souto ocupouse de analizar a fondo a novela *Scórpion* en *Viagens na literatura* (1991) e de redixir diversos artigos e relatorios sobre os "exilios" padecidos polo profesor ferrolán e sobre a representación do feminino na súa poesía.

José-Martinho Montero Santalha é autor da monografía *Carvalho Calero e a súa obra*, (Eds. Laiovento, col. Ensaio, núm. 21, 1993), probabelmente a ache-

ga individual máis completa que se teña feito á personalidade de quen o propio autor define como "umha das grandes figuras da historia da cultura galega". Está dividida en catro grandes apartados: "A Vida", "A Obra", "Esboço de Caracterización" e "Bibliografía anotada". Anúnciase para 2020 a oportuna reedición deste traballo, capaz de satisfacer por si só a afán de achegamento a todas as vertentes carvalhianas.

Outra discípula directa do profesor Carvalho, Araceli Herrero Figueroa, dedicou varios ensaios á súa obra, que aparecerán recollidos en 1994 no volume *Sobre Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro e Carballo Calero* (Eds. do Castro). Entre todos eles, sen menosprezo do valor dos demais, debemos destacar por vivencial o titulado "O Teatro Fingoi, unha experiencia pedagóxica na historia da dramaturxia galega".

Na *Historia da Literatura* editada en fascículos pola AS-PG e A Nosa Terra entre 1996-1997, Carvalho Calero é obxecto da

atención de Sindo Villamayor nas páxinas 1032-1056, correspondentes ao fascículo 33. Alén diso, algúns textos do ferrolán, como as novelas *A gente da Barreira* e *Scórpio*, fixeron parte dos volumes literarios que acompañaron oportunamente as entregas desa Historia.

De Pilar Pallarés e Laura Tato é o caderno didáctico *Ricardo Carvalho Calero: a dignidade persoal* (Concello de Ferrol, 1994), material de intencionalidade divulgativa sobre a figura do sabio ferrolán á que tamén responderon posteriormente publicacións como *Conhecemos Carvalho Calero. Umha vida polo galego e a Galiza* (Fundación Artábria, Ferrol, 2000) e *Carvalho Calero, de Ferrol para o mundo. 1910-2010. Imaxe de cen anos* (Concello de Ferrol, 2010).


No ámbito institucional merecen citarse os grosos dous tomos de *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero* preparados polo seu discípulo e catedrático de Lingua Portuguesa da USC José Luís Rodríguez e publicados no ano 2000 pola propia Universidade citada e polo Parlamento de Galiza. Como é ben sabido, esta última institución custodia na súa Biblioteca boa parte do legado documental e bibliográfico do escritor ferrolán. Na parte especificamente dedicada á abordaxe da obra carvalhiana neses dous tomos destacan as achegas de Alonso Montero, Ernesta Basanta, Carmen Blanco (que dá a coñecer aquí o breve poemario *O trebo das catro follas*, datado en 1944 e que o propio Carvalho deixou inédito), Concepción Delgado, Pedro Fernández Vello, Luís García Soto, Carlos Garrido, M<sup>a</sup> do Carmo Henriques, Araceli Herrero Figueroa, Basilio Losada, M<sup>a</sup> Carmen Porrúa, Domingos Prieto, Henrique Rabunhal, Claudio Rodríguez Fer, José-Ramom Rodrigues e Darío Villanueva.

Tamén fornecen rigorosa e útil información sobre o profesor os relatorios recollidos nas *Actas do Simposio Ricardo Carvalho Calero: memoria do século* (2002), encontro organizado no ano 2000 polo Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña.

Para rematarmos esta aproximación, digamos que Manuel Castela ofrece en *Elucidacións na Sombra* (Eds. Laiovento, col. Ensaio, núm. 267, 2010) unha densa e pormenorizada aproximación analítica e interpretativa de dúas das pezas carvalhianas, *A sombra de Orfeu* e *o Auto do prisioneiro*, entanto Ramón Reimunde reconstruíu con pormenor os quefaceres e penalidades de D. Ricardo durante a súa estada en Lugo na posguerra no volume *Cautivério de Fingoi. Os anos lugueses (1950-1965) de D. Ricardo Carvalho Calero* (Deputación Provincial de Lugo, 2010).


A decisión da Academia de dedicar, por fin!, o 17 de Maio a Don Ricardo ha de ser estímulo poderoso para que durante os meses vindeiros se publiquen os meses vindeiros se publiquen felizmente novos traballos<sup>[4]</sup> que nos axudarán, sen dúbida, a coñecer e valorizarmos aínda máis a figura deste galego, dito sexa ao xeito brechtiano, dos *imprescindíbeis*. ■

[4] Nota bene.- No instante de confeccionarmos estas liñas, temos noticia de que Xulio Pardo de Neyra vén de publicar da man das Edicións Embora ferrolás o libro *Á sombra de María Silgar. Carvalho Calero contra a 'historia única' (xénese e análise d' A xente da Barreira e Os señores da Pena)* e de que esa mesma editora prepara, ademais, o volume *Hei de entrar no meu povo. Reivindicarmos Carvalho Calero*.






# Pon en acción os teus coñecementos



# ANAYA




Sorpréndete

Aprende

Aplica

PEZA 4  
PEZA

O proxecto no  
que todo encaixa



# RECENSIONES

## «Da Carapuchiña ao Señor Lamote», o valor dos clásicos

*Da Carapuchiña ao señor Lamote. Clásicos para a infancia e a mocidade en lingua galega.*

Miguel Vázquez Freire

Edicións Xerais de Galicia, 326 páxinas

Por Manuel Bragado

bretemas@gmail.com

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 98-99

Dende 2004, Miguel Vázquez Freire (MVF) publica nestas páxinas da Revista Galega de Educación unha serie de textos críticos baixo o epígrafe «Clásicos da literatura infantil en galego». Unha escolma destes traballos aparece agora no libro *Da Carapuchiña ao Señor Lamote. Clásicos da literatura para a infancia e a mocidade en lingua galega\** (Xerais 2019) dirixido ao lectorado especializado en mediación literaria e na formación do criterio lector. Unha obra nacida da ansia lectora dun dos nosos críticos e investigadores referenciais no eido da literatura infantil e xuvenil dende hai décadas, tamén un dos pensadores críticos e narradores galegos máis sólidos do noso tempo.

Concibida como unha viaxe diacrónica polo canon dos clásicos literarios occidentais para a infancia e a mocidade, MVF estuda vinte e oito obras e autorías traducidas ao galego, itinerario

lector que completa con catro autores galegos, os traballos da ilustración infantil de Luís Seoane, o Balbino de Xosé Neira Vilas, os textos infantís fundacionais de Carlos Casares e o señor Lamote de Paco Martín, o inesquecible profesor de chairego e debuxante de soños, a que Miguel homenaxea no propio título do libro. Case un epílogo de clásicos galegos do século XX, que sabemos anticipa un segundo volume sobre outras figuras da nosa literatura infantil e xuvenil de finais do século XX, desaparecidas de forma prematura, María Victoria Moreno, Agustín Fernández Paz e Xabier DoCampo.

Trinta e dous traballos de grande coherencia estrutural, que comeza cada un deles cunha atractiva achega biográfica do autor, un retrato humano e literario onde se amosa o talento narrativo de MVF, que anticipa a cerna de cada capítulo, a in-

terpretación crítica sobre a obra. Unha abordaxe que se completa co comentario sobre as diversas edicións galegas, tanto das completas como das adaptadas, así como coa información sobre as versións cinematográficas (incluídas ás da factoría Disney) e de banda deseñada e das referencias bibliográficas actualizadas doutras obras do autor en galego. Concibido así, con semellante espírito crítico e afán divulgador e didáctico, este libro de MVF convértese nunha ferramenta polivalente que non pode faltar en biblioteca ningunha de mediación literaria.

MVF entende por clásicos aquelas obras que sobardan o seu tempo, textos literarios que conseguen saltar os límites do momento no que foron escritos ou publicados, sendo valiosas para o lectorado de cada tempo. Un concepto que lle serve a Miguel para reflexionar sobre o carácter universal e atem-

Miguel Vázquez Freire  
**Da Carapuchiña  
 ao señor Lamote**

Clásicos da literatura para a infancia  
 e a mocidade en lingua galega



XERAI S

poral destas obras que forman parte xa da voz da humanidade, sexa polo feito de que continúan emocionando ou polo interese que manteñen dende a noite dos tempos. Con semellante propósito, é doado comprender que non estamos diante da obra dun erudito (a pesar de que Miguel o é neste eido como noutros dos seus saberes) nin dunha investigación con pretensións académicas, senón máis ben a expresión do amor dun lector experto e emocionado cara estes textos fundamentais que sobreviven ao paso do tempo. Ou roubándolle as palabras que pronunciou na presentación de Vigo: «este é un libro dun lector apaixonado preocupado porque os lectores apaixonados de hoxe se estean perdendo o gozo dos clásicos».

O libro de MVF ben podería titularse de *Homero a Paco Martín*, xa que eses son os límites, nada menos que vinte e oito séculos, entre os autores clásicos escollidos. Unha obra concibida para axudar ás persoas mediadoras a que inciten á lectura destes clásicos, dende a *Odisea* na súa versión adaptada para o galego en 2007 por Xavier Senín e Isabel Soto, concepto o de adaptación sobre o que tamén se reflexiona, pasando polos contos maravillosos adaptados de Perrault, e Grimm, os contos de Andersen (xa con autor), até as grandes novelas de aventuras do XIX, aquelas que resultaron tan decisivas na nosa formación como lectores letraferidos hai case cincuenta anos.

Nunha obra moi substancial e suxestiva en reflexións é inevitable que cadaquén procure de forma inconsciente confrontar o seu itinerario lector, ese camiño persoal, único e irrepitible, coa proposta de títulos de MVF ou sequera coa interpretación das obras criticadas. Confeso que algunhas análises me entusiasmaron como as referidas a lectura do *Pinocchio*

de Collodi como educación do neno proletario ou a que relaciona Alicia, a nena burguesa de Lewis Carroll, co ludismo literario. Como tamén foi do meu maior interese a reflexión que se propón ao fío d' *A illa do tesouro*, xa que para MVF na aventura clásica tan esencial é a acción como o conflito moral, xa que a aventura é ética ou non é tal. Como dicimos outro tanto do capítulo dedicado a Jules Verne, autor que pon a aventura ao servizo da educación científica, abrindo o debate sobre o valor do didactismo na literatura, concibindo o texto como chave que achega acceso ao coñecemento e ao desenvolvemento da tecnoloxía. Capítulo sobre as viaxes extraordinarias veranianas no que MVF non esquece abordar a relación do bretón con Hetzel, o seu comprometido editor proactivo.

Valiosa é tamén a lectura dos clásicos do século XX, sexa a d' *O principião*, a obra desesperanzada, case desesperada de Exupery, como moi severa é a lectura da obra de Roald Dahl, abrindo unha lectura crítica sobre a maioría dos seus textos dos que salva só a *Matilda*, á que considera obra mestra. Non lle falta razón cando apela a que todas as aventuras de Dahl, por imaxinativas e divertidas que sexan, carecen desa experiencia que provoca nos seus protagonistas transformación moral, un criterio a ter en conta á hora de mediación literaria das obras dun autor considerado indiscutible.

Este ensaio de MVF serve, ademais, para facer un certo balance da edición de clásicos infantís e xuvenís en galego nas últimas catro décadas. É de xustiza recoñecer o papel fulcral de Xerais nesta tarefa, sobre todo durante a década de 1980, iniciada coa mítica colección «Xabarín» na que se foron incluíndo unha boa parte destes textos canónicos. Como tamén é moi significativo

que nesta escolma, coa excepción da adaptación d' *A Bela e a Besta* de Madame Villeneuve (1740) e da novela *Os escaravellos voan á tardiña* de María Gripe, a maioría dos títulos sexan clásicos masculinos, o que obriga a reflexionar sobre a dimensión de xénero nunha proposta canónica occidental, masculina e patriarcal. Como tamén a axuda a reivindicar o traballo dos bos tradutores e tradutoras xa que por ventura contamos con excelentes versións ao galego destes títulos, e a detectar as carencias do catálogo galego destes clásicos, aínda en contrución, ao que hoxe por ventura contribúen diversos selos editoriais, algúns mesmo especializados en tradución.

*Da Carapuchiña ao señor Lamote* é unha obra de referencia para a mediación lectora e un pracer para lectores e lectoras apaixonados como o propio autor. Parabéns a Miguel por tan excelente traballo do que agardamos unha segunda entrega na que aborde os clásicos galegos contemporáneos. ■

A *Revista Galega de Educación* (RGE) ten as súas páxinas abertas a todas aquelas persoas que desexen publicar as súas colaboracións.

AS COLABORACIÓNS deberán axustarse, obrigadamente, ás normas seguintes:

1. **Características das colaboracións.** Deben ser orixinais e inéditas. As achegas poderán estar dirixidas ás diferentes seccións da RGE e deberán axustarse á extensión sinalada (sempre con espaciado incluído). En [www.neg.gal](http://www.neg.gal) aparece detallada a extensión de cada sección.

2. **Criterios formais.** Os artigos que non cumplan os criterios formais de edición poderán ser rexeitados ou, no seu caso, devoltos ao autor/a de contacto para seren corrixidos.

3. **Texto.** As achegas poderán ser redactadas na fonte de letra Times New Roman, tamaño 12, aliñamento xustificativo, e remitidas, en soporte electrónico (con adecuada identificación do arquivo electrónico) ao enderezo [rge.redaccion@neg.gal](mailto:rge.redaccion@neg.gal). O programa e a versión do procesador de textos empregado será preferibelmente o Openoffice ou o Microsoft Word.

4. **Identificación do autor/a.** Na cabeceira do artigo figurarán: o título, o nome do autor/a ou autores/as, a profesión e o lugar ou centro de traballo. E ó final do mesmo, o enderezo postal, o/s teléfono/s de contacto e o enderezo de correo electrónico.

5. **Referencias.** Nas referencias e citas bibliográficas procederase de acordo coas normas da APA ([www.apastyle.org](http://www.apastyle.org)).

6. **Notas ao texto.** As explicacións correspondentes ás notas, numeradas no texto correlativamente, indicaranse con *sobreíndices*, e deben incluírse ao remate do traballo baixo o epígrafe de **Notas**. Deseguida das notas pode facerse unha lista bibliográfica limitada e ordenada alfabeticamente, seguindo os criterios anteriores.

7. **Redacción.** Cada autor/a faise responsable do contido do seu traballo como corresponde aos dereitos do autor/a. Evitarase no posible o uso de abreviaturas e do etcétera marxinal. Cando dentro do corpo do artigo se citen frases textuais, estas irán en cursiva.

8. **Ilustracións, táboas, cadros, gráficos.** As colaboracións de texto

poderanse acompañar de ilustracións (fotografías, imaxes, gráficos, cadros...) que se consideren necesarias, en arquivos complementarios (nunca introducidas no documento de texto) e indicados con orde, sinalándose claramente no texto, mediante anotación entre parénteses, o lugar onde deben reproducirse:

(INSERTAR IMAXE (ilustración, cadro, ou gráfico nº...): "aula\_natureza.jpg").

Cómpre, dado o caso, que todas as colaboracións achegadas estean acompañadas de material gráfico ilustrativo do artigo. Debe terse en consideración o deseño da revista, que require que haxa sempre unha fotografía en formato vertical para ilustrar o título. Pode ser oportuno, sobre todo nos casos de táboas, cadros e gráficos, a inclusión dun texto esquemático de título, e/ou dun pé.

Enviaranse as fotografías ou outras imaxes e gráficos en formato dixital cunha resolución mínima de 300 ppp (puntos por polgada), en formato JPG, TIF, PNG ou PDF.

9. **Publicación de Experiencias.** No caso de dar conta dunha proposta ou experiencia pedagóxica pódese empregar o seguinte esquema referencial (coas adaptacións precisas):

- Contexto do centro e da experiencia.
- Nivel educativo.
- Obxectivos da experiencia.
- Formulación e desenvolvemento concreto.
- Comentarios sobre o seu desenvolvemento.
- Avaliación por parte do alumnado e do profesorado e reflexión sobre o realizado.
- Perspectivas abertas a partir da experiencia realizada.
- Referencias bibliográficas.

10. **Achegas ao monográfico.** As achegas que formen parte dun monográfico da Revista, deberán ir acompañadas dun resumo de 5 liñas en galego, inglés e noutra das linguas españolas. É recomendábel a incorporación de 5 palabras chave, que na medida do posible serán extraídas do Tesouro Europeo de Educación (<http://www.eurydice.org/portal/page/portal/Eurydice/TEE>) ou do Tesouro de ERIC (Education Resources Information Center), en [www.eric.ed.gov](http://www.eric.ed.gov).

11. **Panoraula.** Agradecemos o envío de información e documentos para esta sección.

12. **Lingua de publicación.** Os traballos deberán estar escritos en lingua galega. A Redacción resérvase o dereito de elixir os títulos e subtítulos

que considere máis oportunos para a publicación da colaboración, como tamén o de facer pequenas correccións para manter o estilo da RGE. Acéptanse tamén orixinais en catalán, portugués, castelán, francés e inglés. Os artigos en castelán, francés e inglés serán publicados en galego.

13. **Envío de exemplares.** Por cada colaboración o autor/a recibirá un exemplar do número da RGE onde apareza o seu traballo.

14. **Comunicación cos autores/as.** A RGE comunicará a cada un dos autores ou autoras a recepción do seu traballo e, no seu momento, a súa aceptación, ou non, para a publicación. No caso de devolución dun artigo aos seus autores/as para a súa corrección, dispoñeráse de 15 días para o seu reenvío á Redacción.

Para calquera suxestión, comentario, ou proposta cara ó Consello de Redacción dirixirse a:

[rge.redaccion@neg.gal](mailto:rge.redaccion@neg.gal).

15. **Valoración dos artigos.** Os artigos enviados á *Revista Galega de Educación* serán valorados por dous ou dúas revisores/as externos/as (membros/as do Comité Científico e outros/as) de forma confidencial e anónima, segundo o sistema usual de revisión por pares, quen emitirán un breve informe (mediante un protocolo de avaliación xeral) sobre a conveniencia ou non da publicación, que será tomado en consideración polo Consello de Redacción.

16. **Devolucións.** Os artigos orixinais enviados á Redacción non serán devoltos.

17. **Envío de Artigos.** Os autores/as farán os seus envíos por correo postal a atención de:

Revista Galega de Educación  
Nova Escola Galega  
R/ das Hedras, 4-2º O  
15895 Milladoiro- Ames  
(A Coruña)

Ou ben en soporte electrónico a través do correo electrónico ao seguinte enderezo:

[rge.redaccion@neg.gal](mailto:rge.redaccion@neg.gal)

Para un coñecemento ampliado das normas visítase a nosa web:

[www.neg.gal](http://www.neg.gal)

Indicaciones para la presentación de originales.

La *Revista Gallega de Educación* (RGE) tiene sus páginas abiertas a todas aquellas personas que deseen publicar sus colaboraciones. Estas deberán ajustarse, **obligatoriamente**, a las normas siguientes:

**1. Características de las colaboraciones.** Deben ser originales e inéditas. Podrán estar dirigidas a las siguientes secciones de la RGE y deberán ajustarse a la extensión señalada (siempre con espaciado incluido). En [www.neg.gal](http://www.neg.gal) aparece detallada la extensión de cada sección.

**2. Texto y contacto.** Times New Roman, tamaño 12, interlineado simple, alineación justificada. Preferiblemente Openoffice o el Microsoft Word. Remitidas a: [rge.redaccion@neg.gal](mailto:rge.redaccion@neg.gal). Si las aportaciones forman parte de un monográfico de la Revista, irán acompañadas por un resumen de 5 líneas en gallego, inglés y otra lengua española.

**3. Identificación del autor/a.** En la cabecera del artículo figurarán: el título, el nombre del autor/a o autores/as, la profesión y el lugar o centro de trabajo. Y al final del mismo la dirección postal, el/s teléfono/s de contacto y la dirección de correo electrónico. Cada autor/a se hace responsable del contenido de su trabajo.

**4. Referencias.** En las referencias y citas bibliográficas se procederá de acuerdo con las normas de la APA ([www.apastyle.org](http://www.apastyle.org)). Las notas de texto se indicarán con sobreíndices.

**5. Ilustraciones, tablas, cuadros, gráficos.** Las colaboraciones enviadas estarán acompañadas de material gráfico ilustrativo del artículo, siempre incorporado a mayores, fuera del documento de texto. Además, se tendrá en cuenta el diseño de la revista y se enviará una fotografía vertical para ilustrar el título del artículo. Se enviarán las fotografías u otras imágenes y gráficos en formato digital con una resolución mínima de 300 ppp (puntos por pulgada), en formato JPG, TIF, PNG o PDF.

**6. Lengua de publicación.** Los trabajos deberán estar escritos en lengua gallega. La Redacción se reserva el derecho de elegir los

títulos y subtítulos que considere más oportunos para la publicación de la colaboración, como también el de hacer pequeñas correcciones para mantener el estilo de la RGE. Se aceptan también originales en catalán, portugués, castellano, francés e inglés. Los artículos recibidos en castellano, francés e inglés serán publicados en gallego.

Guideline for the submission of proposals.

The *Revista Galega de Educación* (RGE) has its pages open for all those interested in publishing their works. Contributions must **necessarily** comply with the following parameters:

**1. Characteristics of the contributions.** Contributions must be original and unpublished. Contributions should be directed to one of the following sections of the journal. (The extension of each section is detailed in [www.neg.gal](http://www.neg.gal))

**2. General style and contact details.** Times New Roman size 12, single-spaced and justified. Abbreviations should, as far as possible, be avoided. Contributors should preferably use Openoffice or Microsoft Word to submit their contributions. The article should be sent in electronic physical support (cd, dvd, pendrive...) to: [rge.redaccion@neg.gal](mailto:rge.redaccion@neg.gal). If the contributions are part of a monograph of the journal, will be accompanied by an abstract of 5 lines in Galician, English and one Spanish language.

**3. Identification of the author.** The heading of the article will include the following information: title, name(s) of the author(s), profession and working place. Contact details (address, telephone and e-mail) will be included at the end of the article. Every author is responsible for the content of his/her own work, as it is established by copyright.

**4. References.** References and citations will follow the APA style ([www.apastyle.org](http://www.apastyle.org)). Endnotes, which will be signaled in the text by correlative numbers specified in superscripts, will be included at the end of the article under the heading "Notes".

**5. Graphic material.** Texts may be accompanied by some graphic materials (photographs, images, tables, graphs, charts...). These illustrations need to be sent in digital format with a minimum resolution of

300 ppp, in JPG, TIF, PNG or PDF format.

**6. Language.** The works must be written in the Galician language. The Editor reserves the right to choose the titles and subtitles that it deems most appropriate for the publication of the collaboration, as well as to make small corrections to maintain the style of the RGE. Originals are also accepted in Catalan, Portuguese, Spanish, French and English. The articles received in Spanish, French and English will be published in Galician.

# Onde podo conseguir a Revista Galega de Educación?

Podes solicitala en calquera librería de Galicia ou ben escribirmos directamente ao mail da asociación para que cha enviemos a onde nos indiques: [neg@neg.gal](mailto:neg@neg.gal)

## Queres subscribirte?

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN

Se desexa subscribirse á Revista Galega de Educación cubra o boletín e envíeo ao seguinte enderezo:

- NOVA ESCOLA GALEGA (Revista Galega de Educación)  
R/ Hedras, 4-2ºO. 15895 Milladoiro- Ames
- Subscricións por correo-e: [rge.subscricions@neg.gal](mailto:rge.subscricions@neg.gal)

### boletín de subscrición

Si, desexo subscribirme á REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN, tres números ao ano, polo prezo de 34 euros.  
Subscribome desde o número \_\_\_\_.

DATOS DO/A SUBSCRITOR/A

Apelidos e nome:

NIF:

Enderezo:

Localidade:

Provincia:

Teléfono:

Correo electrónico:

FORMA DE PAGAMENTO (sinalar cun "X" e completar)

Domiciliación bancaria en conta

(Faga constar os 20 díxitos que componen o C.C.C.)

Titular da conta

Cheque a favor de Nova Escola Galega

Transferencia bancaria contra prestación de factura

Reembolso (34 euros máis gastos)

-----, de ----- de 202

Sinatura



do 13 de xaneiro  
ao 2 de febreiro  
de 2020

DÍAS CO

**GALEGOe+**

IES Afonso X O Sabio (Cambre) - IES Antón Alonso Ríos (Tomiño) - IES Ánxel Fole (Lugo)  
IES Arcebispo Xelmírez I (Santiago de Compostela) - IES Eduardo Blanco Amor (Ourense)  
CPR Plurilingüe Fogar de Santa Margarida (A Coruña) - IES Illa de Ons (Bueu)  
IES As Lagoas (Ourense) - IES de Poio (Poio) - IES de Vilalonga (Sanxenxo)

<https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/>



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA

# XX CAMPAÑA MUNICIPAL DE ANIMACIÓN Á LECTURA

**DO 24  
DE MARZO**

**AO 9  
DE MAIO  
2020**

## O CAN DE MILU

LUGAR:  
**CENTRO ABANCA OBRA SOCIAL**  
Praza de Cervantes, Santiago de Compostela

INFORMACIÓN E RESERVAS:  
**DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN**

reservaseducacion@santiagodecompostela.gal  
www.santiagodecompostela.gal  
Telf.: 981 554 400/401

**kalandraka**

  
**CONCELLO DE  
SANTIAGO**  
Departamento de Educación

**//Afundación**  
Obra Social ABANCA

**XIII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA**

**CONTOS E MÚSICA PARA AS FAMILIAS**

**SESIÓNS DE CONTACONTOS PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA**

**ACTIVIDADES NA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS**

**SESIÓN FORMATIVA PARA EDUCADORES**

**VISITAS GUIADAS ÁS EXPOSICIÓNS**

**OBRADOIROS DE ILUSTRACIÓN**

**OBRADOIROS DE ESCRITA CREATIVA**

**SESIÓNS DE CONTOS PARA BEBÉS**